



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 113

Sesión plenaria
30 de abril de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGUderJfBKaz
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 2. Proposicións non de lei

2.3 44420 (10/PNP-003314)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos parques empresariais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

2.448318 (10/PNP-003655)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, co fin de regular a delimitación de vivenda baleira e establecer o dereito a tanteo e retracto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

2.5 48556 (10/PNP-003668)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización da empresa Unitono en Ourense, que presta servizos para Naturgy

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

2.648944 (10/PNP-003698)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa pena imposta na Audiencia Provincial da Coruña a un veciño de Lira (Carnota) por un incidente cun furtivo da comarca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

2.7 48955 (10/PNP-003699)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e catorce deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

2.8 49151 (10/PNP-003716)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e trece deputados/as máis



Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da solicitude do Goberno galego ao Goberno central dunha resposta inmediata á proposta para a implantación do Estaleiro 4.0 de Navantia Ferrol vinculado ao programa de construción de cinco fragatas F-110.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

Punto 3. Interpelacións

3.1 19848 (10/INT-000653)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a política do Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

3.245516 (10/INT-001497)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

3.3 47773 (10/INT-001585)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a política do Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

Punto 4. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

4.1 49321 (10/POPX-000142)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a incidencia do clientelismo e da arbitrariedade na salvagarda dos intereses sociais e medioambientais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

4.2 49323 (10/POPX-000143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a necesidade de cumprimento pola CRTVG da función de servizo público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

4.3 49324 (10/POPX-000144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o balance das políticas do Goberno galego en materia de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019



Punto 5. Preguntas ao Goberno

5.1 45155 (10/POP-005390)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e nove deputados/as máis

Sobre a realización polos concellos de Ferrol e de Pontevedra dos trámites necesarios para a posta en marcha do transporte urbano a que están obrigados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

5.2 47999 (10/POP-005732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 27.03.2019

5.3 49291 (10/PUP-000242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego diante das últimas novidades xudiciais respecto da área de enerxía e minas da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

5.4 49320 (10/PUP-000243)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo da empresa Unitono no concello de San Cibrao das Viñas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

5.5 42908 (10/POP-005065)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os medios dos que dispón o Servizo Galego de Saúde para garantir os dereitos das persoas enfermas terminais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

5.6 45406 (10/POP-005419)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia en relación coa calidade da atención primaria no concello de Lalín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

5.7 48507 (10/POP-005796)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis



Sobre o balance do Goberno galego respecto do funcionamento e acollemento polas familias das casas niño dende a súa posta en marcha

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

5.8 48738 (10/POP-005820)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as subvencións concedidas pola Xunta de Galicia ao sindicato Xóvenes Agricultores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a incidencia do clientelismo e da arbitrariedade na salvagarda dos intereses sociais e medioambientais de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

O señor Villares Naveira (EM) pide a palabra para solicitar unha retirada de palabras da intervención do señor presidente da Xunta, asunto que non considera procedente o señor presidente do Parlamento. (Páx. 19.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a necesidade de cumprimento pola CRTVG da función de servizo público. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 20.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 23.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 24.)



Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o balance das políticas do Goberno galego en materia de vivenda. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 26.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 29.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 30.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos parques empresariais de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 32.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 32.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Casal Vidal (EM)* (Páx. 37.) e *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 39.)

A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 41.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización da empresa Unitono en Ourense, que presta servizos para Naturgy. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 43.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 44.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 47.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 49.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 51.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 53.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa pena imposta na Audiencia Provincial da Coruña a un veciño de Lira (Carnota) por un incidente cun furtivo da comarca. (Punto segundo da orde do día.)



O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 55.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 55.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Salorio Porral (P).* (Páx. 58.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 60.) e *Sr. Casal Vidal (EM).* (Páx. 62.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 63.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 65.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mósquera (P).* (Páx. 66.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 69.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 71.) e *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 73.)

A señora Egerique Mósquera (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 75.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e trece deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da solicitude do Goberno galego ao Goberno central dunha resposta inmediata á proposta para a implantación do Estaleiro 4.0 de Navantia Ferrol vinculado ao programa de construción de cinco fragatas F-110. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 76.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 78)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 81.) e *Sr. Pérez Seco (S).* (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Casal Vidal (EM).* (Páx. 84.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 86.)

Votación das proposicións non de lei

O señor presidente anuncia a votación e, antes de comezar, pide a palabra a señora Rodríguez-Vispo Rodríguez (P) para solicitar a votación separada dun punto na primeira das proposicións non de lei. (Páx. 88.)



Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cota de reserva establecida no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: *rexeitado por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación do texto transaccionado, agás o punto 2, xa votado, da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cota de reserva establecida no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández e D. José Manuel Pérez Seco, sobre a modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras coa finalidade de medir a consecución do obxectivo do aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para as e os produtores do leite: *aprobado por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos parques empresariais de Galicia: *rexeitado por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) solicita a votación separada dalgúns puntos do seguinte texto en someterse á votación. (Páx. 90.)

Votación da emenda de substitución do G. P. Popular sobre a Proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización da empresa Unitono en Ourense, que presta servizos para Naturgy: *aprobada por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

Votación do punto 4 orixinal, xunto coa emenda de adición do G. P. dos Socialistas de Galicia, da Proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización da empresa Unitono en Ourense, que presta servizos para Naturgy: *rexeitado por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

Antes da seguinte votación, a señora Prado Cores (BNG) explica os termos da transacción. (Páx. 90.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis,



sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa pena imposta na Audiencia Provincial da Coruña a un veciño de Lira (Carnota) por un incidente cun furtivo da comarca: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 91.)

A señora Egerique Mosquera (P) explica os termos da transacción, en relación coa seguinte votación, e o señor Bará Torres (BNG) solicita a votación por puntos. (Páx. 91.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre: *aprobado por 51 votos a favor, ningún voto en contra e 18 abstencións.* (Páx. 91.)

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre: *aprobado por 37 votos a favor, 14 en votos contra e 19 abstencións.* (Páx. 92.)

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e trece deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da solicitude do Goberno galego ao Goberno central dunha resposta inmediata á proposta para a implantación do Estaleiro 4.0 de Navantia Ferrol vinculado ao programa de construción de cinco fragatas F-110: *aprobado por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)

Suspéndese a sesión ás dúas e dous minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

Interpelación de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 93.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 96.)



Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 98.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 100.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 101.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 105.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 110.)

Interpelación de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 112.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 114.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 118.)

Pregunta de D. Jacobo Moreira Ferro e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a realización polos concellos de Ferrol e de Pontevedra dos trámites necesarios para a posta en marcha do transporte urbano aos que están obrigados. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestructuras e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 121.)

Réplica do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestructuras e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 123.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 125.)



Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 127.)

Pregunta de D. José Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego diante das últimas novidades xudiciais respecto da área de enerxía e minas da Xunta de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 129.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 131.)

O señor Rivas Cruz (BNG) pide a palabra para amosar a súa desconformidade sobre o contido da resposta do señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria e contéstalle o señor presidente. (Páx. 132.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo da empresa Unitono no concello de San Cibrao das Viñas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 133.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 134.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 134.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 135.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre os medios dos que dispón o Servizo Galego de Saúde para garantir os dereitos das persoas enfermas terminais. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 137.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 139.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 141.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia en relación coa calidade da atención primaria no concello de Lalín. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 142.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 143.)



Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 145.)

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance do Goberno galego respecto do funcionamento e acollemento polas familias das casas niño dende a súa posta en marcha. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 146.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 147.)

Réplica da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 148.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 149.)

Pregunta de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as subvencións concedidas pola Xunta de Galicia ao sindicato Xóvenes Agricultores. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 149.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 150.)

Réplica da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 152.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 152.)

Remata a sesión ás sete e dez minutos do serán.



Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión co punto cuarto da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente.

Antes de proceder á súa formulación, saudamos os alumnos do centro Afundación, da Coruña. Son alumnos de 1º dos ciclos superiores de Administración e Finanzas e de Asistencia e Dirección. Benvidos ao Parlamento. E tamén os invitados que hoxe nos acompañan na tribuna.

Comezamos.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a incidencia do clientelismo e da arbitrariedade na salvagarda dos intereses sociais e medioambientais de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas.

Bos días, señor presidente, señorías.

Señor Núñez, na sesión de control de onte, na sesión plenaria da Cámara de onte, o seu partido abstívose ante a petición de destitución da valedora do Pobo. Todo o seu partido se absitivo, agás un voto en contra que houbo, e nós acabámonos preguntando se sería vostede o que votou en contra da destitución da valedora do Pobo, se realmente vostede decidiu defender a Milagros Otero ata o final, a pesar de que no mes de xullo do ano 2018, cando xa nos atopabamos aquí para debater sobre este tema, vostede dixo que, cando a sentenza fose firme, tomaría nota desa sentenza. Non sabemos se daquela fora traizoado polo seu subconsciente, acostumado xa ás prácticas caciquís do seu partido.

Voume permitir lerlle o *Diario de Sesións* do día 11 de xullo de 2018, onde a resposta á sesión de control ao Goberno di: «Dime se imos respectar a sentenza. Si, señor Villares, nós somos demócratas. Se o Tribunal Supremo considera que esa sentenza é firme, ¿que vai facer este grupo? Tomar nota da sentenza do Tribunal Supremo». Este é o *Diario de Sesións*, estas son as súas palabras.

Preguntámonos neste caso que significa tomar nota para vostede, señor Núñez. ¿Onde tomou nota? ¿Onde queda ese compromiso? Se non coñece as súas palabras, pode consultar o *Diario de Sesións*.

Nós non esquecemos, a cidadanía de Galicia non esquece o seu compromiso de tomar nota no caso da firmeza da sentenza. Non esquecemos estas semanas nas que a súa protección sen límites da señora Otero levou á Valedoría do Pobo a converterse nunha institución agora mesmo manchada, corrupta e inservible para o seu cometido.



En xullo de 2018 vostede asegurou respectar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia cando fora firme, e dixo que o facía porque o seu grupo era demócrata. Visto o ocorrido, ¿que é o que sucede? Vostedes votaron o mesmo cando a sentenza era firme que cando non o era. Que é o que pasa, ¿que xa non son demócratas? ¿Que xa non recoñecen as sentenzas xudiciais? ¿Que xa non as respectan? Porque falou vostede dese respecto ás sentenzas.

¿Iso é o que xustifica a crítica aos maxistrados que fixo onte a señora Paula Prado na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza? Pensamos que vostede debe de falar claro e explicar á cidadanía por que mantén na Valedoría do Pobo a Milagros Otero cando a xustiza xa acreditou que enchufou a sobriña de Manuel Fraga e irmá do voceiro do seu grupo parlamentario.

Pero non é o único caso de corrupción firme, hai algúns casos aínda en litixio xudicial, e preguntámonos canto tempo máis vai seguir mantendo o clientelismo e a arbitrariedade como formas de facer do seu goberno. Este xoves pasado, o director xeral de Minas, Ángel Bernardo Tahoces, declarará como imputado pola súa actuación irregular na apertura da mina de San Fiz en Lousame. Tahoces está acusado dun presunto delito de prevaricación ambiental, pero no seu goberno non se falou de destituílo, nin agora nin no caso de que exista condena penal. É máis, nin sequera puidemos traer aquí a comparecer o conselleiro de Economía porque vostedes acaban de vetalo agora mesmo na Xunta de Voceiros. Polo tanto, ¿que tipo de control podemos facer, de ningún tipo, sobre este tipo de acusacións?

Non son as únicas, tamén no caso de Jiménez Morán, condenado xa por actuacións relativas a unha concesión irregular en relación cunha empresa de radares vinculada co caso Gürtel e que agora volve estar imputado por corrupción urbanística, que é a súa área, na que son especialistas. Preguntámonos, ¿que van facer? Non agora, ¿van facer algo no caso de condena? Porque hai un ano dixeron da valedora do Pobo que farían e finalmente non fixeron.

Pero podemos ir a casos que están condenados en firme e sobre os que vostede nin sequera se pronunciou, como o caso Campián, que deixou dous condenados do seu propio goberno, altos cargos do Igape, e un parlamentario do Partido Popular durante o seu primeiro mandato de goberno.

¿Que ten que pasar, señor Núñez, para que a corrupción marche lonxe das institucións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...galegas? ¿Que máis ten que pasar para que as galegas e galegos vexan que vostede referencia a cidadanía fronte ás prácticas clientelares? A xente non quere corrupción nas institucións, a xente non quere abuso de poder nas institucións, a xente non quere que unha institución condenada, unha persoa condenada por abuso de poder, unha persoa condenada por desviación de poder, por arbitrariedade e por desprezar os principios de igualdade, mérito e capacidade, siga á fronte dunha institución. Parece que soamente vostede quere que siga.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, despois desta ensinanza que vostede nos traslada sobre a unidade do grupo parlamentario. Despois de darnos clase de como os grupos parlamentarios deben de votar unidos e deben de ser sólidos nos seus plantexamentos, todo é posible. Se vostede no día de hoxe intenta dicirle a este grupo parlamentario se houbo unha persoa que rompeu a disciplina de voto e vostede nos intenta dar clase de disciplina de grupo parlamentario, señor Villares, comprenderá que a resposta á súa pregunta debería de remitir agora mesmo.

Señor Villares, vostede non pode dar clase case que de nada. (*Aplausos.*) Dígollo dende a cordialidade, señor Villares.

Pero, señor Villares, vostede exerce unha peculiar forma de entender a xustiza: a presunción de inocencia non sabe o que é, as condenas no caso do director xeral de Minas as establece antes de ser ditadas, e a sentenzas acátanse ou non en función de que lle interese a vostede ou non lle interese a vostede.

O primeiro que se fixo coa valedora do Pobo foi acatar a sentenza de forma inmediata e deixar sen efecto ese nomeamento, inmediatamente. Deixouse sen efecto ese nomeamento inmediatamente. Posteriormente, a valedora do Pobo e a institución ten perfectamente dereito, para contrastar se a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia é conforme ou non, de acordo coa doutrina do Tribunal Supremo. E o Tribunal Supremo non entrou a debater este asunto e considerou que esta sentenza non era necesario volver analizala. A partires de aí, a valedora do Pobo presentou a súa renuncia e a posta á disposición do seu cargo a este Parlamento. Esa é a realidade dos feitos. E vostede está aquí inxuriando de forma continuada e constante a todo o mundo, como fai sempre, probablemente para non entrar noutras cuestións, que, como comprenderá, non vai atopar en min portavoz das mesmas.

Señor Villares, quen asinou a resolución dese concurso foi o vicevaledor ou valedor adxunto, e ningún grupo desta Cámara se pronuncia ao respecto. ¿Vostedes están de acordo en que o valedor adxunto debe dimitir de forma inmediata? ¿Ou como consecuencia, que é a proposta do Partido Socialista, se debe de manter?

Nós pensamos que temos que facer unha renovación completa da institución do Valedor do Pobo, e niso estamos. Supoño que agora, despois das eleccións, poderemos falar co Partido Socialista ou co BNG ou con vostedes, unha parte de vostedes ou a súa totalidade, xa veremos esta tarde, para poder seguir renovando o Valedor do Pobo, que é o correcto. Para o Goberno da Xunta de Galicia o máis fácil é que dimitan os dous, quedamos sen Valedoría e, en consecuencia, non hai ningún tipo de control á Xunta de Galicia. ¿Parécelle que iso é respectar



o Parlamento, respectar a institución parlamentaria e que a Xunta de Galicia utilice este caso para quedar sen ningún tipo de control? Se facemos iso, seguro que vostede me diría estabamos utilizando unha técnica para deixar sen control a Xunta de Galicia. Pois non, señoría, nós cremos na Autonomía, cremos na Constitución, cremos no Estatuto e cremos na xustiza. E como a xustiza acaba de chamar a un director xeral a declarar, que declare, que declare tranquila e sosegadamente ante a xustiza. Nada que ocultar, nada que temer, absoluta colaboración coa xustiza.

Señor Villares, a maioría dos xuíces en Galicia non son coma vostede. En consecuencia, ningún temor para declarar ante xuíces independentes. Cuestión distinta sería declarar ante vostede. Iso, como se pode vostede imaxinar, deberíamos de evitalo polo ben da Xustiza en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Dado que o presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial foi alto cargo con Aznar durante oito anos, supoño que se tragará enseguida as súas palabras.

En canto á declaración do señor Tahoces, poderá declarar con toda tranquilidade, evidentemente, pero nós o que pediamos era a comparecencia do conselleiro de Economía hoxe aquí para que dese explicacións sobre esa situación a nivel político, sobre a dimensión política desa actuación, e vostedes vetárona. ¿A que teñen medo? ¿Teñen medo ao debate político? ¿Teñen medo a que queden en evidencia a nivel político as prácticas que realizan os seus directores xerais, neste caso o de Minas? ¿A que teñen medo vetando a comparecencia do conselleiro de Economía? Diga a que ten medo. ¿Ten medo ao debate político? Permita que veña o conselleiro de Economía e se explique e que teñamos un debate todos e todas aquí. ¿Cal é o problema?

Cando vostede di, en relación co caso da valedora do Pobo, que se deixou sen efecto a decisión, ¡só faltaría! ¡só faltaría que non se deixara sen efecto! Pero iso é algo que non lle concerne a vostede, é algo que lle concirne á propia institución. É máis, se non o fixera voluntariamente, entón estaría incorrendo nun delito de desobediencia. Polo tanto, nada que ver coa súa actividade parlamentaria.

Vostede dixo que a valedora veu aquí e presentou unha renuncia e unha posta á disposición. Todo iso non valeu para nada, non tivo efectos de ningún tipo a nivel xurídico, e o testemuñan os Servizos Xurídicos da Cámara. Ese papel era como non poñer nada, absolutamente nada, e así se dixo alto e claro e está escrito nos Servizos Xurídicos do Parlamento.

Entón, evidentemente, o que houbo realmente foi unha tomadura de pelo por parte da valedora. Temos a unha persoa que está condenada por desviación de poder, por vulneración



de dereitos fundamentais, que lle está marcando a este Parlamento e ao Partido Popular, polo visto, cales son os tempos de renovación dunha institución que está manchada por prácticas institucionalmente corruptas.

Vén vostede falar aquí e intentar confundir co tema do valedor adxunto. O valedor adxunto non está condenado nesta sentenza. Nós falamos de xente condenada en firme por sentenzas xudiciais. Non é certo, por outra parte, que quede sen control o Goberno, porque a propia Lei da Valedoría do Pobo establece mecanismos de substitución en caso de vacante. Polo tanto, non veña aquí dicir cousas que non son certas: existe un control. E tamén lle digo outra cousa, para que o control siga sendo o da señora Milagros Otero, para iso case mellor que a cousa quede como está, pero, en todo caso, a propia lei prevé mecanismos de substitución. Así que control haino, substitución haina, polo tanto, o que non hai é vontade política, e vostedes saberán por que encobren ata o final a Milagros Otero. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Villares, acaba de dicir vostede algo que debería de facer reflexionar a toda a Cámara sobre o presidente do Tribunal Supremo. ¿Vostede considera que o presidente do Tribunal Supremo non é quen de presidir o Tribunal Supremo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Villares, unha cousa é ser alto cargo no Ministerio de Xustiza e outra cousa é ser candidato á Presidencia dun goberno. Vostede, sendo maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, estaba ditando sentenzas contra a Xunta de Galicia cando xa sabía que vostede ía ser o candidato á Xunta de Galicia. *(Murmurios.)* Si, señoría. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por certo, revogadas na maior parte polo Tribunal Supremo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede quixo condenar a un goberno democrático para beneficiar a un conxunto de recorrentes ante un concurso eólico, cando xa sabía que vostede ía asumir a candidatura á Presidencia do Goberno da Xunta de Galicia. Por tanto, señor Villares, agora que están os alumnos de 1º de Administración e Dirección de Empresas, deberían de escoitar esta interesante sesión de control. Que unha persoa aquí se levante en nome e representación da xustiza, cando investido nunha toga por unha man e coa outra asinando unha candidatura á Presidencia dunha comunidade autónoma, dita sentenzas contra un goberno democrático de Galicia que foron posteriormente reformadas na maior parte polo Tribunal Supremo. E vostede vén aquí dar leccións de xustiza, de ética e de responsabilidade. *(Aplausos.)* Señor Villares, un pouco de respecto pola verdade, un pouco de respecto pola verdade.

Mire, señor Villares, no seu partido, que falan tanto de portas xiratorias, ¿que vai facer vostede cando definitivamente os seus compañeiros decidan prescindir dos seus servizos? ¿Vai ir ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a ditar sentenzas contra o Goberno da Xunta de Galicia estea quen estea? Señor Villares, un pouco de respecto pola verdade e un pouco de respecto pola independencia xudicial.



Respecto pola verdade. Di que o conselleiro de Economía non comparece. ¡Pero se ten unha interpelación esta tarde! ¿Como se pode mentir de forma continuada e constante?

Fala vostede do director de Minas e dunha concesión mineira, cando esa concesión mineira foi outorgada hai cento vinte anos, en 1884; foi actualizada hai trinta e cinco anos, en 1984; foi actualizada polo Bipartito; (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) e foi o Bipartito o que lle deu unha subvención a esta empresa para esa explotación nesa mina. ¡E fala vostede agora do director xeral de Minas do Partido Popular de Galicia!

Mire, señoría, ¡tranquilidade absoluta! Sempre cumprimos a lei, seguiremos cumprindo a lei e respectaremos a independencia xudicial, aínda que vostede, de momento, siga nesa independencia xudicial que eu, dende logo, nin creo nin comparto.

Señor Villares, hai moitos xuíces en España. É evidente que a excepción confirma a regra. A excepción é vostede, e a regra é a independencia xudicial.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*O señor Villares Naveira pide a palabra.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, ¿para que quere a palabra?

O señor VILLARES NAVEIRA: Por unhas afirmacións que son insidiosas, que non se corresponden coa verdade e que á parte afectan á honorabilidade non soamente deste deputado, senón de toda a sección que ditou unha sentenza por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Non o aprecia a Presidencia. Vostede estaba no debate. Non, non.

O señor VILLARES NAVEIRA: A Presidencia soamente aprecia aquilo que lle interesa ao Partido Popular, para variar. Só aprecia o que lle interesa ao Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: A Presidencia aprecia bastante ben. Non, non vou retirar nada.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e actúa unha vez máis con carácter de parte, en vez de actuar ao servizo...

O señor PRESIDENTE: Non, non. Terminou o debate.

(*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*)

Para iso existen tribunais, se vostede o quere plantexar así. Non é o asunto. Síntoo, non vou retirar nada.

Terminou. Señor Villares, terminou o seu turno. Terminou o seu tempo. Señor Villares, non ten a palabra.

Señor Villares, non quero chamalo á orde. Terminou a palabra. Terminou.



Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a necesidade de cumprimento pola CRTVG da función de servizo público

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Señor Feijóo, imaxínese que lle falan dun país no que o director da televisión pública é nomeado a dedo polo presidente cando a lei di que o ten que nomear o Parlamento. No que os traballadores e traballadoras dos medios públicos levan un ano denunciando a manipulación con venres negros. (*Aplausos.*) No que hai unha presentadora expedientada por denunciar a censura diante do presidente dese país. Un país no que se lle cancelan entrevistas a artistas porque foron aos medios públicos coa camiseta que denuncia a manipulación. Onde temos xefas de informativos que van de apoderadas nas eleccións polo partido que goberna, ou tamén actores represaliados por participar nunha serie na que se denuncian os vínculos do Partido do presidente co narcotráfico.

¿Vostede diría que ese goberno respecta un principio básico en democracia que establecen as leis, señor Feijóo, de independencia e pluralidade?

¿Vostede creríalle ao presidente dese país se viñera ao Parlamento a dicir que el non sabe nada? Pois mire, señor Feijóo, isto é o que vostede está facendo na radio e na televisión públicas deste país.

Os galegos e as galegas pagamos cen millóns de euros para ter unha televisión e unha radio que sexan de todos e de todas, non o seu gabinete de prensa e de propaganda. E isto que lle estou relatando é só a punta do iceberg do que está pasando nos medios públicos baixo o seu mandato.

Temos moitísimos máis exemplos. O último, señor Feijóo o que pasou nesta campaña, onde vemos como vostede boicotea que poida haber debates na Televisión de Galiza. Si, si, vostede, cando estaba —tranquilidade, tranquilidade, señores e señoras do PP— ...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...na oposición, propoñía debates na eleccións xerais entre os responsables políticos dos partidos. Cando vostede estaba na oposición, había debates. Agora que vostede está no Goberno, foxe dos debates. E claro, como teñen que disimular, organizan un simulacro de debate, ás dez da mañá, señorías, nos medios públicos.

Eu non me explico como é que no resto de televisións fan debates as dez da noite con *share* de audiencias. Creo, señor Feijóo, que vostede vai ter que mandarlles a Sánchez Izquierdo para explicarlles o que significa o antidebate.

Mire, a calidade democrática dun país mídese polos seus medios de comunicación, e Galiza, con vostede como campión da manipulación, sae moi mal parada. Nós o que queremos é de-



volverlle a radio e a televisión públicas a quen as paga, que é a cidadanía deste país. Por iso quero facerlle tres propostas, señor Feijóo.

A primeira é que regulemos os debates electorais, para que a cidadanía teña garantido o seu dereito a ver os líderes políticos contrastar e debater propostas, e en horarios de máxima audiencia.

En segundo lugar, hai que acabar co incumprimento da lei. Non pode seguir un director xeral nomeado a dedo, e o que nós propoñemos é que haxa un concurso público para que a próxima dirección da CRTVG non a decida unilateralmente nin un partido nin dous, senón que sexa o resultado dun concurso de méritos onde o que prime sexa a profesionalidade e a independencia.

E por último, señor Feijóo, falábanos de cumprir a lei. Ten a lei da CRTVG metida no conxeador. ¿Por que non se crean xa os consellos de redacción e o Estatuto do profesional? Porque non facelo pono a vostede fóra da lei, e quen incumpre a lei é un delincuente, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, refíreme vostede se coñezo un país onde o director da televisión é nomeado a dedo sen contar co Parlamento etc. A resposta é que si, si o coñezo. Estaba na oposición cando iso sucedeu. O director da Compañía de Radiotelevisión galega no momento do Bipartito foi nomeado a dedo sen consultar co grupo maioritario da Cámara.

O pacto consistía: os informativos para o PSOE e os programas para o BNG. O director da Televisión galega para o PSOE e o director da Radio galega para o BNG. Coñezo perfectamente ese pacto, señora Pontón. Eramos o partido maioritario da Cámara e nin sequera falaron con nós *(Interrupcións.) (Murmurios.)* para ver se nos parecía axeitado. *(Aplausos.)* Coñezoo con detalle, señora Pontón. Coñezoo con tanto detalle como que este partido maioritario, a maioría absoluta menos un escano, durante catro anos tiña menos tempo na televisión que calquera dos dous partidos que conformaban o Goberno. Empezando polo BNG, que tiña un terzo dos deputados que tiña o Partido Popular de Galicia. Coñezoo tan perfectamente que non me vou esquecer nunca. Por iso, o primeiro que fixen cando obtiven a Presidencia da Xunta de Galicia foi falar co Partido Socialista e propoñerlle unha terna para elixir un director, e desa terna o Partido Socialista elixiu o director que hai actualmente. ¡Mire se coñezo con detalle, exactamente, como se formou a Compañía da Radiotelevisión de Galicia! *(Aplausos.)*

Señora Pontón, sen entrar noutras consideracións, coñezo tamén perfectamente como aquel director do Bipartito tiña que mandarlle cartas ao vicepresidente nacionalista queixándose da interferencia dos nacionalistas no seu traballo. Coñezoo tan perfectamente que teño as



cartas aquí. Por iso, que vostede veña falar da manipulación da Compañía da Radiotelevisión galega é un sarcasmo, señora Pontón.

O que si lle digo, señorías, é que esta Compañía de Radiotelevisión galega está saneada, e con vostedes tiña un profundo déficit. Esta Compañía da Radiotelevisión galega é a máis vista despois da TV3 de España. E esta Compañía da Radiotelevisión galega ten un servizo público de promoción da lingua e da cultura galega.

Señoría, a TVG é líder de audiencia entre todas as televisións autonómicas despois da TV3. No ano 2018 pechou cun 10 % de audiencia, e en programas e horarios de *prime time* co 10,8 %. Acaban de saír os datos do primeiro trimestre de 2019, líder absoluto de audiencia nas principais franxas do día en Galicia. Lidera dezaseis das vinte e catro horas de emisión de televisión en Galicia.

Coñezo ben que a compañía é a canle máis valorada de España en canto a difusión e cultura da lingua de Galicia; vinte puntos máis por encima da media das comunidades autónomas que conforman a FORTA. E coñezo ben que esta televisión está saneada porque tivemos que saneala, señoría. E agora esta televisión está saneada, ten audiencia e é unha televisión cun estatuto de independencia, e correspóndelle ao director conformar e presenciar neste parlamento e dar conta a este parlamento dos seus nomeamentos.

Do mesmo xeito que este goberno, a diferenza do seu, non nomea a ninguén na Compañía da Radiotelevisión galega, nin nomea nin cesa, polo tanto, cando se nomea, resulta que está mal feito. E cando se cesa o que estaba nomeado mal feito, tamén está mal feito, señora Pontón. Pero ¿que obsesión dos nacionalista galegos de ir contra todo o que é en Galicia propio? Contra a sanidade pública; contra a educación pública; contra a Compañía da Radiotelevisión galega. A pesar de ter menos da metade do presuposto que teñen outras televisións autonómicas, temos o dobre de audiencia da maioría das televisións autonómicas.

Señora Pontón, pero ¿de verdade vostede non se acorda cando o Bipartito, e vostede dunha forma sobranceira, estaban... Si, señoría, si. Se vostede leva aquí moito tempo, ¡máis tempo que eu! ¡Imaxine se leva moito tempo! Polo tanto, señora Pontón, ¿non se acorda vostede de cando este grupo, maioría no Parlamento menos un escano, dicía o seu antecesor no cargo que a Televisión de Galicia valía para saber onde ían xantar os conselleiros do Bipartito?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Recordará aquela frase memorable —por certo, bastante certa— do portavoz do BNG.

Señora Pontón, dáme a sensación de que vostedes teñen moito menos problema coa actual dirección da Compañía da Radiotelevisión galega que coa súa propia dirección que puxeron vostedes a dedo na radio e na televisión.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, véxoo a vostede moi nervioso e enfadado. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Véxoo moi enfadado, señor Feijóo. Entendo que se está recuperando da xornada do domingo. Non pasa absolutamente nada. E ademais está ben porque volve vostede facer de oposición, volve facer de oposición do Bipartito. Váíase preparando porque é o que lle queda a partir do ano que vén, señor Feijóo.

Está ben, ten vostede un trauma co Bipartito. Creo que é tempo de solucionalo. O que si lle pido é que non nos tome o pelo, señor Feijóo, e non lle falte ao respecto nin a esta Cámara nin a este país.

¿Sabe quen está en contra da sanidade pública? Vostede, que leva dez anos torpedeando o sistema público, precarizando e expulsando a médicos e médicas deste país. Quen destrúe a sanidade pública é quen está en contra. Non nós, que a defendemos e seguiremola defendendo por moito que lle pese. (*Aplausos.*)

Mire, señor Feijóo, vostede sabe moito de todos os sitios, pero non sabe nada do que pasa no seu país, e nunca contesta a unha pregunta. ¿Sabe ou non que están os traballadores dos medios públicos, desde hai case un ano, denunciando a manipulación e a censura que se produce nos medios? ¿Sabe ou non, señor Feijóo, que son tamén os traballadores e traballadoras dos medios públicos os que están dicindo que vostedes incumpren a lei? Porque ¿de que vale que aprobe unha lei se a incumpre, señor Feijóo? ¿De que vale?

Hai unha lei do ano 2011 que dicía que en seis meses se tiña que nomear un novo director por este parlamento. E, ¿sabe o que pasou de 2011 a 2019? Que segue o mesmo director que vostede nomeou a dedo, señor Feijóo. ¡Vaia vergoña e vaia maneira de demostrarnos que vostede cumpre a lei!

¿Sabe cal é a diferenza entre o Bipartito e hoxe? Que cando gobernaba o Bipartito había debates na CRTVG, e hoxe, señor Feijóo, hai quen está pensando en poñerlle Telefeijóo á televisión deste país, porque é no que vostede a está convertendo. Eu xa sei que está vostede preocupado, pero é que os medios públicos deste país non teñen que ser un sitio para facer de gabinete de propaganda a quen está no Goberno. Teñen que funcionar coa súa misión de servizo público, e non a cumpren nos informativos, nin a cumpren na difusión da lingua e da cultura, nin a cumpren á hora de que realmente os galegos e galegas nos vexamos reflectidos no que pasan nos medios públicos deste país. E vostede, como de costume, foxe. É o rei da oposición ao Bipartito, pero é incapaz de dar a cara e de responder neste parlamento.

Nós facémoslle tres propostas e vostede non dixo absolutamente nada de ningunha. ¿Está a favor ou en contra de que regulemos os debates electorais na CRTVG? ¿Está a favor ou en contra de acabar cos nomeamentos a dedo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora PONTÓN MONDELO: ...e a que dirección se nomee por un concurso de méritos, onde o que se valore sexa a capacidade e a profesionalidade deses profesionais?

E por último, señor Feijóo, ¿está a favor ou en contra de que teñamos consellos de redacción e estatuto profesional? Porque desde 2011 hai unha lei que di que tiñan que existir, e o seu goberno está vetando eses instrumentos. E ¿sabe por que? Porque, se non, quítanlle o mando da CRTVG. E vostede, señor Feijóo, resístese a cumprir a lei.

Mire, ten dúas opcións: pode acabar con esta longa noite de pedra na que vostede ten os medios públicos xa, ou, se non, a partir do ano que vén, verá que quen van acabar con ela son os cidadáns. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón. (*Murmurios.*)

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Si, señora Pontón, había debates na CRTVG, é certo. Espere que lle leo unha parte dese debate. «Considero que o meu deber é informalo acerca dunha situación que entorpece ata límites dificilmente soportables o traballo que veñen realizando os profesionais dos servizos informativos da Televisión Galega». Isto non é unha carta asinada polo actual director da Compañía. Non, non, é unha carta asinada polo director do Bipartito. ¿E sabe a quen ía dirixida? Aos responsables do Bipartito no BNG.

¿Como que non había debate? Había debate constantemente entre vostedes. Había un debate permanente. Que se se cubría adecuadamente ou non a Vicepresidencia. Tanto chegou a haber debate, porque se consideraba que a Vicepresidencia non tiña suficiente relevancia, que lle prohibiron que entraran as cámaras para seguir o que facía o vicepresidente. ¡E fala vostede de manipulación! Pero, señora Pontón, eu sería incapaz de dicir o que vostede di despois dos antecedentes do seu goberno.

Vostedes plantexaron que non estaban de acordo co plan de cobertura na Compañía de Radio-Televisión Galega, e a Xunta Electoral Central respondeu ao BNG dicindo: «*Actualmente el plan de cobertura garantiza el respeto a los principios de pluralismo, igualdad, proporcionalidad y neutralidad*». Isto é o que di a Xunta Electoral Central nestas eleccións autonómicas, e vostede cala isto tamén. Temos unha compañía que está seguindo, na cobertura do BNG, exactamente o que di a lei e vostedes simplemente din que está manipulado.

Din que non temos contidos de lingua e cultura. A nova Estratexia Cultura 365, da Compañía de Radio e Televisión Galega. Un 40 % máis de tempo de cultura na TVG; ¡40 % máis de tempo de cultura na TVG! E o tempo de cultura na radio creceu un 142 % co *Diario cultural*. E o que é importante, pasou de tres mil oíntes a cen mil oíntes.

Parécelle que os programas de cultura da Compañía son inaxeitados. ¿E resulta que omite vostede que os oíntes da cultura, tanto na tele como na radio, están exponencialmente cre-



cendo? Somos unha comunidade autónoma cunha televisión pública vinte puntos mellor valorada pola poboación no ámbito da protección da lingua e da identidade propias da comunidade autónoma, datos de FORTA. ¿E vostede segue dicindo que non é certo?

Estamos modernizando a televisión pública e investindo 15 millóns de euros na dixitalización da televisión pública. Xa comezou a emitir en HD, sendo a única televisión de España con máis dunha canle na que todas emiten en HD. (*Murmurios.*)

Pero, señora Pontón, estoulle dando datos de audiencia. É a segunda televisión autonómica con máis audiencia de España. É a televisión con máis audiencia; de 24 horas en Galicia, 16 con máis audiencia. ¡E di vostede que os galegos son parvos por mirala! Iso recórdame algún outro político de partidos que, lamentablemente, seguen existindo no noso país, ¡veremos durante canto tempo! Pero ¿quere volver vostede outra vez ao século pasado, onde houbo que reformular as contas da televisión porque non se axustaban á realidade? ¿Quere volver vostede á Compañía de Radio-Televisión do Bipartito, que tivo a maior litixiosidade da súa historia? ¿Quere volver vostede á Compañía de Radio-Televisión do Bipartito, que tiña que reprobalala o Valedor do Pobo e as xuntas electorais? ¡Doce condenas á Compañía de Radio-Televisión Galega na cobertura das eleccións autonómicas do ano 2009 por tratar de forma inaxeitada o partido maioritario da Cámara! (*Murmurios.*) Pero, señora Pontón, ¡un pouco de respecto!

Eu reitero, comprendo que vostedes poidan estar molestos, pero a proposta de tres directores da Compañía foi trasladada ao Partido Socialista porque era o partido maioritario naquel momento; e desas tres, elixiron unha, e é o que está. En consecuencia, mentres non haxa acordo para cambialo, entendo que ese director está consensuado entre os grandes partidos.

Mire, señora Pontón, dime vostede se estou nervioso polos resultados electorais. ¡Home!, como é natural, non estou feliz polos resultados electorais. O que hai que facer é felicitar ao que gañou as eleccións, que foi o Partido Socialista, cousa que nunca fará o BNG cando sempre gaña, salvo nesta ocasión, o Partido Popular. (*Murmurios.*) Nós o que temos que facer é felicitar o Partido Socialista e dicirlle que gañou limpamente as eleccións. Esa é a diferenza entre un partido democrático e o BNG. Hai que felicitar os que gañan, señora Pontón. (*Aplausos.*) Felicitar os que gañan, ¡é o lóxico!

Por iso, señoría, cando nos di se estamos nerviosos ou non...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e resulta que o BNG ten practicamente os mesmos votos que Vox en Galicia... (*Murmurios.*) Dicir dende o BNG que o Partido Popular está nervioso, cando este partido que di que é o salvador de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...ten os mesmos votos que Vox en Galicia, ¿é para que o BNG se sinta satisfeito? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señora Pontón, síganse vostedes sentindo satisfeitos.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se vostedes cren que melloran a representación de Galicia e a defensa de Galicia cuns votos similares a Vox, que están en contra da autonomía de Galicia, é evidente, como lle dixen hai moito tempo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente. Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que os extremos se tocan.

Máis nada e moitas grazas, señora Pontón. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o balance das políticas do Goberno galego en materia de vivenda

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Xoaquín María Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días, señor Núñez Feijóo.

A verdade é que nun día como hoxe, despois da resaca electoral, non vai haber moita atención —témome— ás políticas de vivenda, pero temos que intentalo. Excepto que vostede nos diga que está buscando vivenda en Madrid, entón iso sería noticia. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Voulle ler... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —Vamos ao tema, vamos ao tema. Non, non...—. Voulle ler o artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia. «No marco do presente estatuto, correspóndelle á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva das seguintes materias: ordenación do territorio e litoral, urbanismo e vivenda».

O cumprimento do artigo 47 da Constitución española, que basicamente o que determina é que todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna, para o caso de Galicia, está nas mans da Xunta de Galicia. E esta pregunta ten como obxectivo que discutamos o que desde o Partido Socialista entendemos que é a pasividade da actual Xunta de Galicia nesta materia, e forzar un cambio de rumbo e de prioridades nestas políticas.

No exercicio 2009, as previsións de gasto en política de vivenda superaban os 200 millóns de euros. Nos catro últimos exercicios, xa de recuperación económica, estabamos en algo menos de 1/3. Para algún programa concreto, como o de acceso á vivenda, en 1/6 do que había no ano 2009. Pero se en vez de previsións, é dicir, do que está previsto, falamos do que se fai realmente en execución, estamos aínda máis atrás. Nos últimos catro anos deixáronse de executar en materia de política de vivenda cen millóns de euros aproximadamente, que se perderon porque eran fondos propios. Iso significa, aproximadamente, que perdemos dez mil vivendas de promoción pública.



O balance real é dramaticamente esclarecedor. O ano 2009 iniciábanse dúas mil vivendas protexidas, ¡dúas mil! No último ano que está pechado, nove. En España, no ano 2017-2018, cualificáronse en todo tipo de réximes nove mil cento trinta e dúas vivendas; en Galicia, dezaseis; é dicir, un 0,17 % do total español. Habería que multiplicar por 30 para estarmos nunha ratio por habitante similar á media española.

Por tanto, a súa política pode resumirse en abandono dos incentivos para a construción de vivendas protexidas e parálise total na promoción directa de vivendas, tal como se fixo tradicionalmente na Comunidade Autónoma de Galicia, e non fai falta máis que lembrar os exemplos de Fontiñas, de San Paio de Navia, en Vigo, ou outros.

E non é porque non exista demanda. Non é que teñamos unha demografía tan átona que nada disto importe. No rexistro de demandantes hai trece mil peticións; catro mil, aproximadamente, por debaixo de trinta e cinco anos. É dicir, son da nosa mocidade; case todas concentradas nas áreas urbanas. Cincuenta mil persoas detrás destas peticións, e unha oferta máxima, sendo xenerosos, para o conxunto da lexislatura, de arredor de cen vivendas: cincuenta mil fronte a cen. ¿Sabe cales son as consecuencias? Que soben os alugueiros, que o acceso á vivenda cada vez é máis difícil en esforzo sobre a renda media das familias, como di o Observatorio da vivenda da propia Xunta de Galicia. E que, por tanto, sobre todo as persoas que están en situación máis desfavorecida e a mocidade, atopan máis dificultade para acceder a unha vivenda, poder emanciparse ou poder ter unha vida digna.

Estas son as cifras, estes son os signos alarmantes das consecuencias das súas políticas, e por iso sería conveniente que nos dixera na resposta que toma nota e que vai cambiar as súas políticas nesta materia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, quixera, en nome do meu grupo, felicitalo polas eleccións que se celebraron o pasado domingo, polos resultados electorais, onde o Partido Socialista acadou cento vinte e tres escaños, foi a forza máis votada, e ademais o Partido Socialista gañou en votos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Quixera dicirlles, señoría, en nome e representación deste grupo parlamentario e do Goberno, que espero que a partir de agora haxa un goberno estable en España e haxa un goberno que respecte os intereses lexítimos dos galegos, que son os intereses que vimos pedindo desde hai moi tempo e que, lamentablemente, nos últimos meses non foron atendidos.

Galicia é e será sempre unha comunidade autónoma responsable e leal co Goberno, co goberno que estea presidindo o Goberno central de España. As eleccións xerais xa foron, efec-



tivamente, os españois xa faloron. Do mesmo xeito que os galegos falamos en setembro do ano 2016, hai un goberno maioritario en Galicia dende o ano 2016 e hai un goberno que necesita pactar —esperemos que se nos diga con quen— en España a partir de xa.

A Xunta vai traballar co Goberno de España, e eu solicítolle que o Goberno de España traballe coa Xunta. Gustaríanos traballar xuntos, sería o mellor.

O Partido Socialista sacou un deputado máis que o Partido Popular, e o Partido Popular ten un senador máis que o Partido Socialista. Polo tanto, señorías... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, despois llo explico, pero hai que nomear senadores por designación autonómica. *(Murmurios.)* Polo tanto, o Partido Socialista ten un senador menos que o PP e un deputado máis que o PP. Esperemos poder traballar xuntos polo ben de Galicia, eu ofrézollo dende o primeiro instante.

Se queren vostedes falar de vivenda, non debería vostede referirse á miña vivenda en Madrid, porque se non non imos falar de vivenda, e a min gustaríame falar de vivenda porque para iso estou aquí, señoría, como presidente da Xunta de Galicia. Eu, dende logo, non lle vou falar da súa vivenda en Madrid porque me parece absolutamente inapropiado, e ademais, xa lle digo que o botaríamos de menos moitísimo. *(Murmurios.)* Polo tanto, señor Leiceaga, quédese en Galicia, é unha proposta cunha certa autoridade que eu propoño. Quédese en Galicia, señor Leiceaga, do mesmo xeito que eu estou en Galicia. *(Aplausos.)*

Señor Leiceaga, sen dúbida as contas da execución presupostaria non as ten vostede ben botadas, porque hai que botar as contas de forma axeitada de acordo co Plan estatal de vivenda. No Plan estatal de vivenda hai que pagar unhas cousas, dado que son plurianuais, durante un ano, e, posteriormente, as seguintes. Se pagaramos todos durante o primeiro ano, incumpliríamos o Plan estatal de vivenda. Por iso, a execución presupostaria de vivenda en Galicia, fondos propios da Comunidade Autónoma, é do 88 %; e nos fondos que veñen do Estado, a execución é do 91,02 %. Mire como lle damos os datos, incluso con decimais.

Señor Leiceaga, contamos cun parque de vivendas en crecemento en alugueiro, máis de tres mil cincocentas vivendas. Estamos axudando os máis novos, sen ningunha dúbida. Axudamos os máis desfavorecidos. Evitamos máis de dous mil desafuzamentos. Baixamos os impostos a trece mil galegos para comprar vivenda. No ámbito rural, impostos cero para comprar vivenda a determinados colectivos. Temos unha Lei de rehabilitación, a primeira lei de rehabilitación potente na Comunidade Autónoma, e temos solo residencial para seguir crecendo.

Fala vostede de Navia, agradézolle a referencia. Investimos 10 millóns de euros en Navia para facer mil seiscentas vivendas protexidas. Necesitamos simplemente que o Concello aprobe o plan parcial, pero o Concello de Vigo, como vén sendo habitual na colaboración estreita coa Xunta de Galicia, non aproba o plan parcial. Por iso sería bo, agora que vostedes teñen esta euforia, que aprobaran o plan parcial, para poder construír mil seiscentas vivendas en Vigo, onde a Xunta está investindo máis que en ningún outro sitio. Por iso, señoría, me sorprende que vostede me fale de Navia, de vivendas protexidas, de solo protexido e de execución presupostaria. Evidentemente, señoría, todas as políticas de vivenda son mellores, pero cando chegamos á Xunta...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...había vinte e cinco mil persoas esperando unha vivenda pública e agora hai trece mil.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Antes de nada, agradecer as súas palabras en nome do Grupo Popular e da Xunta de Galicia. Quero agradecerlle estas palabras, que me parecen o normal nunha situación democrática consolidada como a que temos hoxe. A democracia eu creo que se basea en que aqueles que perden teñen a expectativa de gañar un pouco máis tarde, e, xustamente, iso pasa pola cordialidade e o respecto aos demais, algo que non ocorre sempre na política española. E agradecerlles sobre todo aos cidadáns, que deron unha mostra —creo— estes días, o día da votación, de cordura e de sensibilización, diante dos riscos que pode ter unha democracia como a nosa. (*Aplausos.*)

En relación co tema, voulle ler outro documento, moi breve. É unha resolución aprobada no último Debate do estado da Autonomía por iniciativa do noso grupo, que transaccionamos con vostedes e que vostede, xunto co seu grupo, tamén aprobou; que obriga á Xunta de Galicia —voulla ler textualmente— a duplicar o parque de vivenda actual a cinco anos vista, preferentemente en réxime de alugueiro, dirixíndose aos colectivos con máis problemas.

Significa pór no mercado, para poder cumprilo, seiscentas vivendas por ano durante cinco anos. Significa mobilizar cada ano 60 millóns de euros, ¡cada ano! ¿E sabe canto gastou, efectivamente, a Xunta de Galicia no ano 2018? Tiña 7 millóns no orzamento e gastou 1,3 millóns. Entón, para poder cumprir o que está prometido a través desa resolución do Debate do estado da Autonomía, habería que multiplicar por oito os recursos dispoñibles e por corenta e tres o gasto efectivo. Estou agardando a que me conteste nesta segunda intervención que pensa facer para garantir dar este salto de calidade tan importante. E non me pode dicir que as cousas están funcionando ben porque, nun programa como o da axuda ao alugueiro, sabe vostede perfectamente os atrasos que hai, que afectan a xoves e afectan á xente máis necesitada. Do ano pasado, só están executados 700.000 euros, dun programa de 3,7 millóns. E si, trescentos cincuenta xoves foron axudados, pero hai catro mil solicitantes, ¡catro mil solicitantes!, e a día de hoxe, só trescentos cincuenta.

Ese é o programa de axuda ao alugueiro e eses son os niveis de execución que temos. Por tanto, hai que cambiar as políticas de vivenda, centrarse na promoción de vivenda pública, na promoción de vivenda protexida de todos os tipos, para que esa oferta maior, nunha demanda que está crescendo —porque a situación económica vai mellorando progresivamente e iso está ben—, permita que os prezos se controlen; permita que o esforzo das familias, e singularmente da mocidade, para acceder ás vivendas estea nuns niveis, nuns parámetros, razoábeis; permita que a emancipación da nosa mocidade, que é unha necesidade, se faga



en condicións de normalidade. E para iso hai que cambiar a política de vivenda e hai que modificar os sistemas de xestión, porque se non, non darán feito.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Lémbrolle: artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia, competencia exclusiva; artigo 47 da Constitución española, dereito a unha vivenda digna. Depende da Xunta de Galicia, depende de vostede. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Leiceaga.

Con cordialidade lle digo, efectivamente, que os que perden sempre teñen expectativas de gañar. Diso saben vostedes bastante, por iso hoxe o felicito, porque gañou, e iso, como é natural, é algo salientable.

Señor Leiceaga, non volvamos outra vez confundir a execución presupostaria. A execución presupostaria faise cando se acredita o investimento. A execución presupostaria faise por anualidades, de acordo co ritmo de acreditación do investimento. Pero iso no o di a Xunta de Galicia, dinno os gobernos de España e das comunidades autónomas que pactamos o Plan estatal de vivenda. Os ratios que acabo de referir, de fondos propios, están executados en máis dun 88 %. Polo tanto, non mesture vostede cousas que non son mesturables.

Señor Leiceaga, tres mil cincocentas vivendas no parque de alugueiro da Xunta de Galicia, ¡tres mil cincocentas! En vivendas de construción e rehabilitación, estamos rehabilitando máis de cento dezoito edificios. Señoría, cando fala vostede dos máis novos, catro mil axudas nos dous últimos anos. Señor Leiceaga, é bo que me escoite porque así non cometerá o erro que cometeu cando dixo vostede que estabamos dando unhas ducias de axudas. Non, ¡catro mil axudas nos últimos dous anos! No ano 2018, dúas mil duascenas axudas. E en axudas para adquisición, igualmente.

No ámbito dos desfavorecidos, aí non di nada. Somos unha das comunidades autónomas que máis pronto activou os acordos coas entidades financeiras, establecendo o Programa de vivenda baleiras e poñendo bonos de alugueiro de ata seis anos para as persoas con máis dificultades. Evitamos dous mil desafiuzamentos ou dous mil lanzamentos.

Por certo, señoría, no Programa de vivendas baleiras non está ningún goberno do Partido Socialista nas cidades. Fóra, ¡non queren saben nada do Programa de vivendas baleiras! Soamente están Ourense e Santiago. É sorprendente, señor Leiceaga, que nos dea clase de como podemos axudar aos que teñen máis dificultades.

O Programa de realoxamento de afectados por execucións hipotecarias axuda o cen por cento dos solicitantes. Impago de alugueiro, Bono de alugamento social, 225 euros ao mes durante



seis anos. Señoría, isto era o que tiñamos que atallar durante a crise económica. Durante a crise económica non había solicitudes de novas vivendas, o que había era a necesidade de manter as vivendas que se tiñan, e esa foi a prioridade da nosa política.

Señor Leiceaga, somos a única comunidade autónoma que non ten impostos no ámbito rural para adquirir unha vivenda; por exemplo, os máis novos ou as familias numerosas. E levamos máis de trece mil vivendas adquiridas no ámbito rural sen pagar impostos unha parte, ou baixando os impostos un 25 % outra parte.

Somos a comunidade autónoma con máis áreas de rehabilitación integral de España: cento sesenta e sete áreas de rehabilitación integral. Iso supuxo axudar a cincuenta mil familias. ¿Por que a obsesión por facer vivenda nova se o que hai é que reconstruír e rehabilitar os millóns de vivendas construídas que temos na comunidade autónoma? ¿Non se dá conta de que o paradigma cambiou? Non se trata de seguir construíndo para que os pisos queden baleiros, senón de rehabilitar os edificios onde a xente está vivindo. (*Aplausos.*) Cincuenta mil, señor Leiceaga, ¡cincuenta mil!

Señoría, e só para facer vivendas públicas: en Pontevedra, cincocentas vivendas; no Parque Ofimático da Coruña, mil duascenas vivendas; en Bertón, en Ferrol, entregamos mil cen vivendas; en Garabolos, en Lugo, entregadas novecentas vivendas. E volvemos outra vez a San Paio de Navia: queremos construír mil seiscentas vivendas. Puxemos 10 millóns de euros para expropiar o solo pero aínda non aprobaron o plan parcial. Nin sequera podemos licitar ese solo para construír vivendas je agora me fala vostede de que temos escaseza de vivendas! Pero, señor Leiceaga...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...no único concello onde vos tedes gobernan en solitario están bloqueando a posibilidade de construción de vivendas públicas de forma continuada e reiterada, je vostede agora me di se executamos máis ou menos vivendas! Señor Leiceaga, espero que agora que o señor Caballero vai vir á Cámara, lle faga algo de caso o outro Caballero. Sería bo para as vivendas en Vigo, ao mellor o conseguimos, señor Leiceaga. O que vostede e eu non fomos capaces de conseguir, ao mellor o novo secretario xeral do Partido Socialista...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...é capaz. Pero, por se acaso, xa lle digo que na lei que imos traer a esta Cámara —espero—, e xa lle pido a súa confianza para votala a favor, a Lei de superávit, queremos poñer 3 millóns de euros para vivenda. Espero, señoría, contar co apoio do Partido Socialista para gastar o diñeiro de Galicia nas necesidades...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...dos galegos. E como a vivenda segue sendo a necesidade dos galegos...,



O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou presidente...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...espero contar co apoio do Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Continuamos co punto segundo da orde do día. (Murmurios.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos parques empresariais de Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 44420)

Emenda de adición.

Engadir un novo punto, que pasaría a ser o 4^o, co seguinte texto:

«4^o Adquira o compromiso de elaborar anualmente un informe sobre a aplicación da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza no que avalíe todos os seus títulos, sexa incluída a información económica e sexa remitido á Cámara para o seu tratamento e formulación de resolucións.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputados.

Hoxe os socialistas traemos unha proposición non de lei na que solicitamos unha vez máis que a Xunta de Galicia actúe con transparencia, que a Xunta de Galicia deixe de actuar como unha administración recentralizadora e respecte a autonomía das administracións locais. Unha autonomía que está recollida na lexislación; unha autonomía que a Xunta de Galicia do señor Núñez Feijóo esquece unha e outra vez para poñerlles deberes aos concellos, aos que considera subordinados da Administración autonómica.



Miren, señores e señoras deputadas, a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 30 do seu Estatuto de autonomía a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia. E párome na competencia exclusiva, quero subliñalo, porque a Xunta de Galicia en determinadas ocasións prefire esquecer cales son as súas obrigas e derivalas a outras administracións, neste caso aos concellos.

Os concellos —e vostedes debíano saber porque xa se ten debatido nesta Cámara moitas veces e seguro que vostedes tamén pertencen a algún concello— o que necesitan e o que levan anos demandando é abordar dunha vez por todas, por lei, o financiamento local. O que necesitan é a colaboración coa Administración autonómica en termos de igualdade para axudar a facer país entre todos. *(Aplausos.)* O que non precisan os concellos son tutelas; non precisan tutelas.

O Grupo Parlamentario Socialista estamos de acordo que no fomento e na planificación da actividade económica de Galicia é necesaria a colaboración entre a Xunta e os concellos, niso estamos totalmente de acordo. É absolutamente necesaria a planificación, é absolutamente necesario o traballo conxunto, porque temos un reto por diante moi importante, demasiado importante. Non podemos seguir perdendo poboación ao ritmo que se leva perdendo nestes dez anos de goberno do señor Núñez Feijóo. Recórdolles que hai case noventa e cinco mil persoas menos. E quérolles recordar que máis de duascenas vinte mil persoas menos de corenta anos en dez anos de goberno do señor Núñez Feijóo.

Temos o reto de recuperar o nivel de ocupados, como mínimo, a niveis de 2009 para que a poboación non siga a emigrar. Hoxe temos oitenta e oito mil trescentos ocupados menos que no mesmo trimestre de 2009. Temos o reto de recuperar, como mínimo, o nivel de ocupación na industria de 2009. Hoxe temos ocupadas na industria trinta e seis mil oitocentas persoas menos que no mesmo trimestre de 2009. E no último ano, señores e señoras do Partido Popular, se miramos o cuarto trimestre de 2017 respecto do cuarto trimestre de 2018, a perda de ocupados na industria en Galicia é de tres mil seiscentos menos. É dicir, descendemos un 1,3 %, mentres que no conxunto do Estado se crece a un 2,3 %. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señores e señoras do Partido Popular, deixen de mirar para outro lado e deixen de poñerlles deberes aos demais. Asuman as súas competencias, planifiquen e colaboren. Os concellos galegos son os perfectos aliados en termos de igualdade. E como di un compañeiro meu que non vou nomear, pero que coñecen perfectamente: aquí sempre a Xunta invita e os concellos pagan. *(Aplausos.)*

A Consellería de Economía puxo en funcionamento a Oficina *Doing Business* Galicia no ano 2016 e o 10 de outubro de 2017 a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias asinaron un protocolo de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación desta iniciativa. Este protocolo pon unha serie de deberes aos concellos, como a simplificación administrativa e axilización dos trámites cun máximo de trinta días, modificación do réxime xurídico para licenzas de apertura e licenza de obras municipais pola comunicación previa e unha modificación no seu réxime fiscal, modificando as ordenanzas fiscais e durante tres anos no IBI unha bonificación que pode chegar ao 95 %, no IAE unha bonificación do 95 %, no ICIO unha bonificación do 95 %, eli-



minar as taxas de prestación de servizos urbanísticos ou equivalente e a eliminación da taxa por apertura de establecementos; a maiores, fixar prezos competitivos nas parcelas de solo empresarial, establecendo bonificacións.

É dicir, as facendas locais, que levan reclamando precisamente máis recursos para as súas arcas municipais, que xa de por si son insuficientes, para dar un nivel de servizos públicos axeitados á súa poboación, teñen que renunciar a unha parte importante dos seus ingresos máis importantes. ¿E a Xunta de Galicia que lles dá a cambio? Ben, pois dáse a cambio unha discriminación positiva cun mínimo do 20 % nos baremos de puntuación nas subvencións de obradoiro de emprego, contratación de axentes de emprego, programas integrados de emprego, apoio a parques empresariais, viveiros industriais ou axudas para mercados excelentes, poder integrar o solo industrial da súa titularidade nun observatorio de solo empresarial da Xunta de Galicia e a creación dunha marca territorial.

Estas medidas foron incluídas —iso é verdade— no papel e vostedes sempre crean dereitos de papel. Niso están bastante ben. Non se lles pode negar, pois aproban a Lei 5/2017, de fomento de implantación de iniciativas empresariais de Galicia.

En setembro de 2018 fixemos unha pregunta na Comisión 3ª interesándonos pola evolución destas medidas implantadas pola Xunta de Galicia, así como unha valoración do feito ata ese momento, que levaba xa un ano e pico de implantación. Nesa sesión o secretario xeral expresounos o entusiasmo da Xunta de Galicia na implantación deste sistema e informounos de que nese momento eran 104 os concellos adheridos. É verdade que o manifestou, porque non nos facilitou ningún estudo e ningún informe que puidesen avalar as súas verbas e ao mesmo tempo colaborar co traballo destes deputados e deputadas, que é verdade que estamos na oposición —esperemos que por pouco tempo—, pero que temos tanto dereito como os do Goberno a polo menos manexar as cifras coas que traballa o Goberno de Galicia.

Buscando na páxina web da Xunta de Galicia, a verdade é que, unha vez máis, con bastantes atrancos e con bastantes perdas, atopamos o número de concellos emprendedores. É verdade que tamén era unha información que hai uns días non aparecía, pero que paradoxalmente hai sete días foi colgada pola Xunta de Galicia; unha mostra máis do nivel de opacidade da Xunta de Galicia ou unha mostra máis de como entende a transparencia a Xunta de Galicia.

Ben, pois os datos publicados hai sete días dinnos que hai 121 concellos adheridos a esta iniciativa (28 da Coruña, 19 de Lugo, 55 de Ourense e 19 de Pontevedra). Por certo, só 30 destes concellos aparecen no mapa de parques empresariais do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no mapa de parques empresariais, que aparecen 121 parques, hai 87 concellos, dos que 56 non están adheridos.

Ben, tamén no Observatorio, que era unha das medidas estrela, era —digamos— aquela maravilla que tamén lles ían facer aos concellos e foi unha medida moi publicitada, e entre os seus obxectivos están a avaliación das necesidades do sector, as propostas de actuación e a emisión de informes periódicos —, pois ben, unha vez máis, os socialistas non fomos capaces —probablemente pola nosa incompetencia— de ver nada na web onde se vexa a actividade realizada por este observatorio durante estes dous anos. Comprendo que ao mellor nós non



miramos ben, espero que a representante do Partido Popular nos explique como o temos que facer. Pero nós cremos que as páxinas web teñen que cumprir con esa Lei de transparencia, aprobada nesta Cámara maioritariamente polo Partido Popular, teñen que ser intuitivas, dinámicas e áxiles para atopar a información que se require. De verdade que nós non entendemos por que teñen que facer sempre unha xestión tan opaca e tan en contra do que é a propia Lei de transparencia.

Nós nesta proposición non de lei traemos algo sinxelo e que non entenderíamos —ninguén entendería— que non fora aprobado polo partido maioritario desta Cámara. Pedimos informes, estudos, elaborar un estudo sobre o número de empresas asentadas nos parques empresariais dos concellos e acollidos a esta iniciativa, un estudo sobre as vantaxes acadadas polas empresas asentadas nos parques empresariais acollidos a esta iniciativa, elaborar un estudo antes de que remate este actual período de sesións sobre as necesidades de todos os parques galegos co obxecto de elaborar un plan de mellora a cinco anos, un plan de mellora para todos os parques empresariais, unha distribución de cales son as especialidades que necesita ou que precisa cada parque empresarial e ao mellor destinar algún a outro uso, porque nalgún deles saben perfectamente que o que están a facer é crecer toxos e matorrais, que non son a finalidade fundamental dun parque empresarial.

Fíxense: nós estamos a falar de datos, informes, informes que nos poidan avalar que esas medidas que vostedes aprobaron e que están a implantar son correctas ou que hai necesidade de corrixilas, e ao mellor hai que tratar outros temas que vostedes non están tendo en conta. E, ademais, son datos e informes que nos deben axudar na toma de decisións, na toma de decisións, algo importante.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.

Ben, para esta primeira intervención creo que xa está o que quería dicir.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todas e a todos.

Ben, a cuestión que debatemos hoxe ten un problema de base que debemos poñer enriba da mesa: é a ausencia absoluta dunha política industrial planificada por parte do Goberno galego, porque a única política industrial que coñecen é a máis absoluta desregulación, desregulación e nada máis que desregulación. E iso temos levado a unha auténtica política de demolición industrial, e os datos están aí. Para alén dos datos de década ou do último ano que deu a voceira do Partido Socialista, pois o certo é que a tendencia non hai por onde collela. Podemos ver a última EPA e é precisamente no emprego industrial onde se produce o



maior incremento de paro con respecto ao trimestre anterior: tres mil persoas. E tamén en comparación co mesmo trimestre do ano 2018 vemos un aumento do desemprego de máis de mil cincocentas persoas. Polo tanto, non hai por onde collelo, contrástese o período que se contraste.

E isto demostra moitas cuestións. Demostra esa política de demolición industrial, pero demostra tamén algo que nós xa vaticinabamos, que é o estrepitoso fracaso da Lei de implantación empresarial, máis coñecida como Lei de depredación, que nos venderon en 2017. E hai que facer un pouco de memoria de como naceu esa lei. Naceu como unha necesidade de publicidade e propaganda dun goberno que estivo anos e anos negando a deslocalización cara a Portugal de sectores vectores da nosa economía como o da automoción, e cando xa era insostible que seguiran na súa torre de marfil negando esa realidade, pois tiveron que sacar da gabeta esta lei para facer que facían; unha lei Frankenstein na que modificaron máis de vinte leis de todo tipo e cuestións ata incluso —eu quero recordar— da propia Lei de patrimonio, o cal dá idea do disparatado que era. Pero deses pos pois temos estes lodos.

E unha das cuestións nas que desde o BNG faciamos fincapé cando debatemos esa lei era precisamente como afectaba os concellos, primeiro porque vulneraba as súas competencias, porque tiraba de supramunicipalidade para todo, para así poder favorecer esas grandes empresas como Ence, como Toysal, cando tiveran algún concello que se opuxera aos seus proxectos. E, en segundo lugar, porque responsabilizaban case en exclusiva os concellos deste país —concellos de todo tipo, concellos infrafinanciados e concellos cunha realidade absolutamente diferente entre eles— da política industrial deste país, o cal a nós parecíanos un disparate.

E de aí nace esa fantasía do *Doing Business* que xa nos prometía o señor Núñez Feijóo no seu discurso de investidura, que ía haber unha oficina que o ía solucionar todo; despois iso era unha pestana na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria; e nacía despois esa figura dos concellos *Doing Business*. E nós criticabamos, entre outras cuestións, que nacía sen ningún tipo de planificación, sen mapear as necesidades deste país. Porque temos polígonos industriais en Ourense, por exemplo —xa non vou dicir cunha velocidade da internet adecuada—, pechados, sen conexións de enerxía eléctrica. Pero temos outras realidades, temos un problema evidente de falta de solo industrial no sur de Pontevedra, pero temos ao lado tamén concellos da parte ourensá que limita que teñen espazo e que non é incentivado e aproveitado.

Temos tamén outras realidades como, por exemplo, indo ao norte, un dos polos industriais do norte do noso país, As Pontes, que ten un problema serio de solo industrial cando ten empresas que o están a pedir e que se están a expandir a outras zonas porque non se lles dá unha solución.

En definitiva, un país con moitas necesidades que non foron avaliadas e que non son ordenadas polos intereses do Partido Popular.

Criticabamos tamén que chegaba tarde. Chegaba tarde porque Portugal xa levaba cinco anos facendo unha política específica de colaboración cos concellos nesta materia. Pero é que, por



riba, a lentitude coa que isto camiña e a falta de transparencia e de datos obxectivos para avaliar se funciona pois é realmente espantosa, e, polo tanto, nós estamos a favor desta iniciativa e engadimos unha cuestión, que é que se faga unha avaliación anual integral do funcionamento desta lei Frankenstein, Lei de implantación empresarial, en todos os aspectos que toca.

Pero eu quero rematar facendo fincapé nunha cuestión que me parece importante, que é a chantaxe a que se someteu por parte da Xunta de Galiza aos concellos galegos con este protocolo *Doing Business*. É un protocolo en que hai concellos do BNG que adheriron, pero que adheriron precisamente polo medo a poder quedar fóra de axudas, de oportunidades e de cuestións que se ían limitar unicamente aos concellos *Doing Business* e que a veces non teñen que ver coa necesidade de solo industrial coa que se xustificaba, por exemplo obradoiros de emprego que moitos concellos non van poder asumir simplemente porque non teñen esa cuestión do solo industrial.

E o certo é que hoxe non chegan os concellos á metade dos que temos no noso país, en total hai 121, pero que se vemos polo territorio e a distribución, tamén dá idea dese fracaso, porque precisamente concellos da zona máis industrializada hai poucos adheridos, da zona máis industrializada hai máis adheridos, pero iso non está servindo para paliar a constante desindustrialización do interior do noso país, e, polo tanto, é un exemplo de que non funciona.

E remato xa. Dicíanos hai pouco o señor Vereza Fraiz, director xeral técnico da Xunta de Galiza, cando comparecía a render contas sobre esta cuestión na Comisión xa non recordo se 3ª se 6ª, que esta era unha colaboración leal e solvente. Para nós leal xa quedou claro que non é, pero solvente pois haberá que demostralo, e, polo tanto, confiamos en que, xa que estamos a rebaixar o nivel xa a pedir unicamente estudos neste Parlamento galego, pois que o Goberno galego acceda e que, polo tanto, poidamos dar un debate racional. Eu temo que non van querer, señora voceira do Partido Socialista, porque iso lles devolvería coa imaxe de que están fracasando no impulso da industria deste país, pero, en todo caso, seremos optimistas como vostede e apoiaremos a iniciativa con independencia de que se acepte ou non a emenda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Hai xa dous anos, en marzo de 2017, este grupo fixo unha proposta neste pleno para corrixir a descoordinación da promoción do solo industrial entre Xestur, dependente da Xunta de Galicia, e Sepes, dependente do Ministerio de Fomento. A realidade é que nada se fixo nestes dous anos ante unha realidade que xa era grave no 2017 e que agora xa é inasumible.

Por iso xa pediamos nese momento o desenvolvemento dun mapa de solo industrial de Galicia, como tamén plantexa esta PNL, polo que evidentemente a imos apoiar. Pero neses dous



anos nada se fixo tampouco. Cada vez que escoitamos o conselleiro de Industria, non existe un problema industrial en Galicia, non existe un problema de política industrial e moito menos de emprego industrial. Eu xa non repito as cifras que comentou a portavoz do Partido Socialista, porque despois vén o conselleiro dicir que todo é mentira, que todas as estatísticas do INE, do IGE, de todas as institucións estatísticas do Estado e de Galicia están equivocadas, que se está creando emprego industrial de maneira que, se escoitamos a relación de miles de postos de traballo que se crean, non habería paro industrial en Galicia.

Esta é unha soa parte da política industrial. Evidentemente, se non hai desenvolvemento de política industrial, que nunca chegamos a escoitar ningunha soa proposta concreta, moito menos hai unha das súas patas, que é a xestión do solo industrial, que, como xa solicitamos hai dous anos, debería exercer a Xunta de Galicia, pero, claro, como non hai ningún interese en pedir ningún tipo de transferencias... Xa o solicitamos hai dous anos e estou seguro de que o Estado estaría disposto a transferir toda a política de solo industrial á Xunta de Galicia. E que non siga sucedendo o que está pasando neste momento, que un parque está ao mellor a quince ou vinte quilómetros doutro e os prezos son totalmente diferentes, incluso o dobre entre uns e outros. Isto non ten sentido. Por iso volvemos reclamar outra vez que a Xunta de Galicia reclame a transferencia da xestión do solo industrial ao Estado e que Xestur a asuma de maneira completa.

Isto facilitaría que o desenvolvemento de todas estas políticas se fixera dende Galicia, que é onde ten que facerse, coñecendo a realidade, e que non pase o que estaba pasando con moitos polígonos desenvoltos por Sepes, que practicamente son inviables. Iso non pode ser e incide en que a Xunta de Galicia ten que asumir esta xestión completa, para poder primar as zonas con menor crecemento, con peores accesos a infraestruturas de comunicación, etc., dando solución a todos eses problemas.

Porque a realidade é que o desenvolvemento industrial do futuro cercano vai estar moi ligado á agrogandería. É indubidable, está pasando en todo o mundo: todo o desenvolvemento industrial da industria e da agrogandería saudable ten un futuro enorme, e non pode ser que en Galicia non se estea prevendo todo ese cambio que se está producindo en toda a situación industrial a nivel de todo o mundo.

E a partir de aí, ademais, desenvolver un plan para mellorar os servizos, os accesos, a sustentabilidade, que ten moitos problemas medioambientais, en moitos dos polígonos, a mobilidade dos máis ocupados. É terrible a situación... (*Murmurios.*) —Si, é verdade, vai unha calor que non hai quen aguante aquí—. Un tema moi importante tamén, a mobilidade nos máis ocupados. Temos un problema, sobre todo nos parques da zona de Vigo, da zona da Coruña, que é absolutamente imposible para a xente ir traballar dunha maneira cómoda, e é unha situación que hai que asumir dunha forma inmediata.

E agora vou falar tamén deste tema, porque a portavoz do Partido Socialista pide unha estatística sobre a incidencia dos concellos *Doing Business* Galicia, esa pomposa estratexia. Aquí parece que cando se lle pon un nome en inglés calquera cousa xa pasa a ter sentido.

A realidade do que está a suceder é que, de novo, como fai todo o desenvolvemento da Lei de depredación de Galicia, a estratexia *Doing Business* Galicia non está favorecendo —e por iso



non lle van dar esa estatística— en absoluto o desenvolvemento industrial nos parques industriais de Galicia, non. O que está facendo é regalarlles cartos ás empresas enerxéticas, empresas mineiras e empresas de derivados da industria forestal, que é o obxectivo fundamental desa lei, regalarlles cartos, procedentes dos concellos que os necesitan para outras cousas, porque os parques eólicos non se van ir montar a outro lado, vanse montar onde teñen a concesión. Regalarlles todos os impostos municipais que terían que pagar é absolutamente indecente, porque xa se están librando do canon eólico por esa norma de que agora tres muíños de 3,3 megavatios equivalen a vinte e cinco que había antes e xa non pagan nada, xa non pagan canon eólico, pero é que agora a Xunta de Galicia pretende que non paguen tampouco ningún imposto municipal. Iso é verdadeiramente intolerable, porque iso non fai desenvolvemento industrial; iso é regalarlle cartos a xente que non tiña outro remedio que implantarse nesas zonas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Saudamos agora os alumnos do Centro Alfonso X O Sabio de Cambre —son alumnos do ciclo de Administración e Finanzas— e tamén os seus acompañantes, que hoxe están no Parlamento. Benvidos ao Parlamento. Que teñades un bo día.

Ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Benvidos tamén a todos os estudantes que nos acompañan.

Señorías, esta proposición xa foi presentada e debatida na Comisión 3^a. Agradecemos de novo que a traia o grupo propoñente, o Grupo do Partido Socialista de Galicia, e así recordamos o que votaron en contra.

Miren, o Grupo Parlamentario Popular, en outubro do ano 2017, apoiou a Lei de fomento de implantación de medidas empresariais de Galicia. Señora Rodríguez Rumbo, señor Casal e señora Presas, votaron en contra a tres obxectivos principais desta lei. Vounos lembrar, un por un, así imos recordando ao que votaron en contra.

Opuxéronse a facilitar a venda do solo empresarial, opuxéronse —¡como non!— á simplificación administrativa e, a maiores, opuxéronse ás bonificacións fiscais. Votaron en contra da política industrial de Galicia; agora, como ven que os resultados son satisfactorios, piden informes; agradecémolo.

Miren, a iniciativa de concellos emprendedores de Galicia é o resultado da colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp, co fin de impulsar o fortalecemento do tecido empresarial da nosa Comunidade. O obxectivo primordial desta lei, señorías, é sumar esforzos e colaborar activamente na creación da actividade económica e incrementar o nivel de emprego, señor Casal, sempre en base a un aproveitamento responsable e respectuoso dos nosos recursos.



Polo tanto, esta iniciativa reflicte a suma de esforzos entre as administracións autonómica e local para captar investimento e estar aberta a todos os que comparten esta finalidade.

Mire, señora Rodríguez Rumbo, claridade son os datos, e sobre todo transparencia. Galicia conta con 121 concellos emprendedores, de todas as cores políticas, de todas as cores políticas. Ao mellor é que agora se arrepiñen de opoñerse á Lei de fomento de iniciativas empresariais. Chegan tarde, pero benvidos.

Vou darlles os datos, xa que os están a solicitar na PNL. Están dispoñibles para térenos vostedes. ¿Ou acaso ningún de vostedes se fía do Instituto Nacional de Estatística ou do IGE? Segundo os datos do IGE, no ano 2018 puxéronse en marcha máis de once compañías cada día. E, en total, señora Presas, 4.049 sociedades, e case trece cada día no primeiro trimestre do ano 2019, un total de 1.139 sociedades.

Señora Rodríguez Rumbo, non lle gustan os datos. Aquí os ten.

Señor Casal, vostede dicía que nada se fixo. escoite: ¿non se fía entón dos datos do Colexio de Rexistradores? O número de sociedades que no ano 2018 trasladaron a súa sede social doutras comunidades a Galicia foi positivo. Pero voulle dar máis: con moitísima máis intensidade no primeiro trimestre do ano 2019. Viñeron 158, fronte a 64 que marcharon.

Transparencia, señorías. Teñen os datos dispoñibles, igual que os puiden conseguir eu. Rogo a mesma loita para as empresas en risco de peche pola súa falta de transparencia, traballo e rigor, tanto por parte do Goberno central para Ence e Alcoa. Deixen de mirar para Madrid e miren para Galicia. *(Aplausos.)*

Señora Rodríguez Rumbo, vou darlle exemplos de grandes proxectos: PSA, Estrella Galicia, Finsa, Coren e Entrepinares. Non sei se lle gustan. Nestes momentos suman investimentos por valor de máis de dous mil millóns de euros, que se están executar en Galicia no sector industrial.

O primeiro trimestre do ano 2019 pecha con máis emprego. Señor Casal, dicía vostede que non se creaba emprego. Menos paro que hai un ano, sendo a EPA a mellor dun inicio da última época. Contamos no último ano con máis de trinta mil cen ocupados máis. ¿Non lle gustan? Sigo.

Polo tanto, están a cumprirse obxectivos da Xunta de Galicia. Fíxoo cando puxo en marcha a Lei de implantación de medidas empresariais. Entre o ano 2015 e o ano 2018 asignáronse máis de 1,45 millóns de metros cadrados de solo nos parques empresariais dependentes da Xunta de Galicia. Isto traducíuse nun investimento das empresas de máis de 375 millóns de euros, e grazas a el posibilitábase a creación de máis de seis mil cen postos de traballo. En febreiro deste mesmo ano, puxéronse á disposición máis de 1,25 millóns de metros cadrados con prezo bonificado nun 50 %.

Señora Rodríguez Rumbo, vou recordarlle o que fixo o Goberno bipartito: conseguiu por méritos propios, sobre todo por méritos propios, arruinar Xestur Galicia. Mire, señora Rodrí-



guez Rumbo, para non ver a maleza e os toxos dos que vostede falaba, traballe para que non pechen empresas e tráianas para que se instalen na nosa comunidade autónoma.

Dende o Grupo Parlamentario Popular congratulámonos de que se deran conta dos beneficios da Lei de implantación de medidas empresariais. Transparencia total. Datos do INE: máis de once compañías cada día no ano 2018. Unha lei con tres obxectivos: maior facilidade ás empresas, maior simplificación administrativa e maior bonificación do solo industrial.

E no terceiro punto, en que vostede pedía un plan de mellora, mire, o DOG do mes de xaneiro, que vostede comentaba — téño aquí (*A señora Vázquez Domínguez mostra un documento.*)—, publicou a convocatoria na que a Xunta de Galicia inviste este ano 5,5 millóns de euros na mellora de infraestruturas dos parques empresariais e na creación de viveiros industriais, na que se prevé apoiar 61 proxectos, mobilizar máis de 7 millóns de euros e xerar 144 empregos.

Se a política industrial do Goberno central socialista...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: ...se parece á política industrial do Goberno galego, Ence e Alcoa non estarían na situación na que se atopan.

Dende o Grupo Parlamentario Popular animamos a que sigan a traballar polos galegos e polas galegas, como fai o Goberno galego, e deixen as excusas para outro momento.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

A verdade é que vostede acaba de empregar un dato que eu non pensaba utilizar, non por nada, pero era simplemente porque non me daba tempo. Nós tamén sabemos consultar os datos oficiais, non vaia pensar que só é mérito do Partido Popular, ¡eh! (*Aplausos.*)

Pero é que mire, é que me fai graza, porque respecto de sociedades mercantís constituídas segundo provincia e forma xurídica, Galicia, totalidade de Galicia, vostede utilizou 2018, pero mire, o que non di é que en 2018 se crean 980 menos que en 2017, nun só ano. Datos oficiais, estatísticas IGE (*A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento.*). E en capital, 46 millóns de euros menos. Polo tanto, os datos non os avalan. Avalan o que acabamos de manifestar nós aquí dicindo que a política industrial do Partido Popular na Xunta de Galicia é inexistente e, ademais, que queren derivar e mandarles aos concellos as obrigas que lles corresponden a vostedes.

Miren, por certo, tamén me olvidei de dicir ou se olvidou vostede de dicir, aínda que algo xa apuntou, que os que estaban adheridos eran de todas as cores políticas. ¡Home!, ¡só faltaría,



só faltaría! Pero a verdade é que, aínda que son de todas as cores políticas, señora Sandra, as subvencións destinadas a creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais en 2018 foron a tres concellos, tres, do Partido Popular; tres do Partido Popular; é dicir, 701.000 euros, que levaron só os concellos do Partido Popular; e nas destinadas de 2018 a habilitación e mellora de infraestruturas de parques empresariais, o 50 % tamén foron do Partido Popular. Iso esqueceuse de dicilo.

Mire, tamén lle teño que dicir que a adecuación da formación da man de obra á oferta dos postos de traballo ofertados por esas empresas que se implantan é absolutamente necesaria. Non chega simplemente con asentar empresas, hai que formar os traballadores para que poidan ocupar os postos que ofertan esas empresas, algo que evitaría o que dixen ao principio: tanto a sangría poboacional que apuntaba como a baixa alarmante do número de ocupados en xeral e do número de ocupados na industria e, en particular, para recuperar os niveis, polo menos, de 2009.

Mire, voulle simplemente dicir algunhas notas de prensa destes días. Mire, 18 de abril: «*El metal gallego solo cubre un tercio de las vacantes pese a los buenos salarios.*» ¿Sabe por que é, non?, ¿sabe por que é? «*Empresas del naval gallego solo captan ciento noventa y cinco parados para cubrir mil doscientos puestos vacantes.*» ¿Sabe por que é, verdade? Porque a política da Xunta de Galicia non se preocupa en formar man de obra cualificada para que poidan empregarse nestes postos de traballo, que son o gran nicho de demanda de hoxe mesmo no noso país.

E mire, tamén lle vou recordar outro: «*La jornada parcial bate récords y suma el 40 % del empleo creado en el último año de Galicia.*» Estes son os seus datos e os seus resultados.

Por certo, dos concellos adheridos, que si, mire, eu tamén os busquei e tamén os atopei, despois de moito traballo —díxenllo ao principio da miña intervención—, hai sete días que os colgaron, sete días que os colgaron —non se ría jeh!—, sete días, pono aquí (*A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento.*), porque hai oito non estaban. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Mire, señor Pazos, xa sei que está moi nervioso, pero, cando queira, saia aquí e fala.

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non estaban colgados, non estaban colgados. (*Aplausos.*)

Pero mire, a verdade é que é curioso, porque das sete cidades galegas non se atopa ningunha adherida, nin tan sequera Ourense, onde vostedes gobernan; polo tanto, non debe de ser tan marabilloso ese plan.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E mire, a miña pregunta é, á parte de todo isto: ¿cando van solucionar os problemas dos parques empresariais existentes, por exemplo o acceso en Vímianzo, o bloqueo da PLISAN ou o plantexamento das necesidades que teñen....? *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo. Rematou o seu tempo.

¿Vai aceptar a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego? *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* Acéptaa. Grazas.

Antes de debater a seguinte proposición, coméntolles: ímoslle volver dar gas ao aire acondicionado. Dígoo porque é unha situación que é difícil de controlar. Eu quérollelo advertir, porque, ao estar entrando e saíndo, entrando e saíndo, é imposible manter unha temperatura. Entón, imos dar gas. Abríguense, abríguense un pouco, porque é imposible. *(Murmurios.)* Non podemos estar sempre *tengo frío, tengo calor, tengo frío, tengo calor*. Entón, ímoslle dar gas para que haxa un ambiente tal, pero abríguense un pouco. Vale. *(Murmurios.)* Continuamos. Quedan avisados.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización da empresa Unitono en Ourense, que presta servizos para Naturgy

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-003668, doc. núm. 48556).

Emenda de adición:

Débase engadir na parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte parágrafo, que quedará redactado co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incluír durante esta lexislatura, como requisitos imprescindibles na contratación de todos os servizos da administración autonómica, que no caso de que ditas empresas dispoñan de servizos de chamadas (proprios ou contratados), estes se presten dende a nosa comunidade autónoma tanto no momento da adxudicación coma mentres dure o contrato, así como que en todo caso dispoñan de atención telefónica en galego.”

(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 10/PNP-003668 (48556).

Emenda de substitución:



Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego ás seguintes actuacións:

- 1. Realizar as xestións oportunas co fin de determinar as razóns das intencións de deslocalización e a situación da empresa en Ourense e poñer a disposición a colaboración da Xunta de Galicia coa finalidade de manter a actividade da empresa Unitono na súa plataforma situada no Parque Tecnolóxico de Ourense.*
- 2. Realizar xestións con Gas Natural Fenosa-Naturgy a fin de esixir que garanta a carga de traballo necesaria para o mantemento da empresa Unitono en Ourense e dos postos de traballo actualmente existentes.*
- 3. Constituír unha mesa de traballo plural na que se garanta a representación do Comité de Empresa, coa finalidade de desenvolver a colaboración para as actuacións necesarias para asegurar a carga de traballo necesaria para manter a actividade e os postos de traballo, evitando deste xeito a súa deslocalización.*
- 4. Presentar no actual período de sesións un estudo onde se analice a situación do sector dos centros de chamadas así como as necesidades para garantir a súa viabilidade, o seu futuro e o emprego en Galicia.”)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Quixera, en primeiro lugar, saudar o comité de empresa de Unitono, que nos vai acompañar en breves minutos na tribuna. A Ana, a Marga, a Tereixa, a Belén, a Miriam, a María, a Cerdeiriña e por extensión a todos os compañeiros e compañeiras de Unitono en Ourense, que neste momento están seguindo este debate ou están no seu posto de traballo collendo chamadas. A todos eles e elas, grazas, grazas por este esforzo que estades a facer. Estou convencida de que esta batalla ímola gañar.

Señorías, Unitono é unha empresa situada en Ourense, no parque tecnolóxico, na que traballan 131 persoas, e sobre as que agora neste momento existe unha seria ameaza de deslocalización. Quero que reparen na cifra que acabo de dar: 131 postos de traballo; é un cadro de persoal considerable. En calquera punto do país esta situación sería unha situación sen dúbida complexa e grave, pero créanme que non é nin populismo nin localismo cando afirmo con rotundidade que isto en Ourense sería un problema aínda máis grave, tendo en conta, por unha banda, o tamaño medio das empresas en Ourense e, por outra banda, a situación socioeconómica de Ourense, que, despois de catro décadas de maioría do Partido Popular en case todas as institucións pois deixa bastante que desexar. Podemos velo por exemplo nos últimos datos da EPA: dezanove mil douscentos desempregados e desempregadas no mes



de marzo e máis de dous mil trescentos só desde xaneiro; unha provincia que ten neste momento máis pensionistas que traballadores en activo e unha perda constante de poboación.

Falamos, ademais, dunha empresa na que, como é habitual no sector, maioritariamente son mulleres, e temos que dicir que neste caso tanto as mulleres como o cadro de persoal masculino rompen unha das estatísticas máis habituais do sector, que é a idade media. Supera esa idade media 25-30 anos, que é maioritaria en termos globais no sector. Polo tanto, se hai un peche, a dificultade de colocación dos meus compañeiros e compañeiras será moi alta. E insisto: a maioría, mulleres, coa dificultade engadida que temos pola discriminación que se nos fai no sector laboral.

Esta empresa abriu xa hai unha década en Ourense e unha parte importante do persoal, algunhas das persoas que nos están escoitando, levan desde o comezo nela. É unha plataforma monocliente. A día de hoxe esta empresa segue negando unha copia das condicións de contratación de Unitono co cliente final, pero sabemos que é en exclusiva Naturgy, a antiga Gas Natural Fenosa. Durante todos estes anos traballaron en exclusiva para este cliente. Comezaron de feito a facelo ao lado do encoro de Velle, ata que por cuestións legais apartaron, como marca a lei, a subcontrata da matriz e fóronse para o polígono.

Estes traballadores e traballadoras sobreviviron o peor momento da crise económica, sobreviviron tamén a un ERTE no ano 2013, grazas ao esforzo que puxeron da súa man, reducindo quendas e reducindo xornadas, e, aínda que agora falamos de 131, temos que recordar tamén que nalgún momento esta empresa chegou a superar os douscentos cincuenta traballadores noutros momentos.

Historicamente Unitono dedicouse a atender a atención ao cliente dos servizos de atención ao cliente do comercio regulado, do comercio regulado de Gas Natural Fenosa, e, en menor medida, tamén a atención ao cliente a Portugal, cando comezou a emerxer este mercado unha vez liberalizado o luso. E desde hai algúns meses o comité de empresa, e por extensión os traballadores e traballadoras, están a ter unha gran preocupación, unha gran preocupación que comezou cunha importante baixada do volume de chamadas. É certo que neste sector é bastante habitual que haxa ciclos, pero tamén, como a propia empresa comezou a facer formación en materia de gas, pois pensaron que podería ser unha cuestión temporal, pero o certo é que o que parecía temporal comezou a parecer constante, e as alarmas fóronse desatando, a cuestión non mellorou e a propia empresa adoptou a estratexia da avestruz, algo que non contribuíu a tranquilizar o cadro de persoal.

Ademais, houbo máis indicios de que algo estaba a acontecer. Cando ti colles unha chamada neste traballo, é algo parecido a como cando nós buscamos unha iniciativa na aplicación do Parlamento; aí vemos a súa historia, aí vemos se algún grupo parlamentario emendou e vemos outras cuestións. Pois os meus compañeiros e compañeiras comezaron a ver o que se chama tipificacións, tanto de Reus como de Colombia, e, polo tanto, comezaron tamén a incrementarse esas alertas.

En outubro, por poñer un dato enriba da mesa, esta plataforma xestionou máis de noventa e nove mil chamadas e no mes de marzo xestionaron apenas máis de setenta e sete mil cha-



madras, é dicir, unha caída de máis de trinta mil. Iso é que algo pasa. Temos probas, como esas xestións en Colombia, esas xestións en Reus, e é claro que o que estamos a vivir é unha deslocalización de manual, pero máis aínda, pese ás negativas da empresa, tivemos máis noticias ao respecto.

Temos aquí unha noticia (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) de que Unitono abría unha plataforma en Reus con máis de cento cincuenta postos de traballo. Temos aquí tamén (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) as capturas de pantalla das ofertas de InfoJobs, onde mesmo valoraban o galego como un valor positivo para esas oferta de emprego, o cal tamén pon máis alertas enriba da mesa, porque iso é así porque queren levar a planta para fóra.

E, diante desta situación, pois desde o comité de empresa convocaron paros para o 8 e o 10 de abril, que foron secundados por un 100 % do persoal. Eu quero que, por un momento, as persoas que nos están escoitando paren a pensar o que supón en termos económicos, cando estas persoas cobran unha media de 700 euros ao mes, ter que facer estes paros. É unha decisión difícil, unha decisión que toman porque están preocupados e preocupadas, e a todos eles eu quero dicirlles que son un orgullo para nós e que desde logo no pararemos de estar ao seu lado ata que estea asegurado que Unitono non marcha de Ourense e que os postos de traballo se manteñen.

Tras estas mobilizacións, pois tampouco a empresa, tampouco Unitono nin Naturgy fixeron ningún tipo de compromiso que puidera dar algo de tranquilidade; unicamente manifestaron que, como moito, poderían asinar un compromiso de que nos próximos dous meses non tomarían ningunha medida contra os traballadores, algo que loxicamente é absolutamente insuficiente e que tamén nos fai sospeitar que a estratexia é ir quitando servizos progresivamente, adelgazando progresivamente a plantilla de traballadores e traballadoras, ata que non quede outra que pechar.

E nós hoxe queremos insistir en que estamos xogando moito en Ourense, pero é que estamos xogando moito máis. Unitono ten tamén, a través de Avanza, unha plataforma na Coruña, que nestes momentos o problema que teñen non é de carga de traballo, é de condicións e relacións laborais, pero que ninguén nos di que poida estar libre de que isto tamén lle aconteza.

En todo caso, hoxe queremos insistir en que Ourense, desde logo, non se pode permitir este golpe. Temos compañeiros e compañeiras da cidade, de Paderne de Allariz; temos compañeiros e compañeiras de San Cibrao, do Pereiro, de Vilar de Barrio, de toda a contorna, de Maceda, de Barbadás —e seguro que me esquezo de moitos concellos—, pero con isto o que quero recordar é que o impacto sería enorme.

Temos compañeiros e compañeiras que poderían comezar nos próximos anos a xubilarse mesmo nesta empresa, que tendo en conta o que acontece en xeral co *telemarketing* é case un milagre. E temos compañeiros e compañeiras que, malia a precariedade das súas condicións, conseguiron levar a cabo o seu proxecto de vida en Ourense; como di unha compañeira, temos xa *unitonitos* case de segunda xeración. E a todos eles e a todas elas, e aos que virán, debemos neste momento estar á altura das circunstancias, e o certo é que, malia o



complicado da situación, temos moitos puntos a favor, temos moitos puntos que poñer enriba da mesa para unha saída positiva.

Primeiro, Unitono é líder no sector. A propia empresa reconece que é a plataforma máis rendible de todo o Estado, que constantemente, ano a ano, reciben premios pola calidade do servizo e pola eficacia na atención. Isto chega xa ao punto de que vimos o colmo dos colmos, que é que levaron persoal de Unitono Ourense a formar o futuro persoal de Unitono Reus.

En segundo lugar, estamos a falar dunha plataforma que é a atención ao cliente, e iso é fundamental, porque esta plataforma non vende, porque esta plataforma non ten as circunstancias que teñen outras das que temos falado aquí, como Vodafone ou Bosch, ás que tamén quero enviar o noso ánimo desde aquí. Esta plataforma fai a atención ao cliente, un servizo que vai seguir existindo e que non está suxeito ás regras de mercado, e que, polo tanto, temos instrumentos para exixir que quede en Galiza, porque tamén é innegable que a proximidade cultural e lingüística facilita o atendimento, menos a proximidade do horario, que dificulta incluso o bo entendemento con plataformas en Latinoamérica.

E, por último, falamos tamén dun cliente que non é un cliente calquera, estamos a falar de Naturgy, da antiga Gas Natural Fenosa. Eu xa non vou remitir a que esta empresa foi no seu día teoricamente galega, pero o certo é que é unha empresa que está explotando os nosos recursos naturais. Eu quero recordar que Ourense ten o 50 % da gran hidráulica de todo o país, e, polo tanto, débenos algo; unha empresa que facturou máis de mil douscentos millóns de euros en beneficio neto o ano pasado, un auténtico escándalo. Pero tamén unha oportunidade. Eu dicíalle o outro día ao ausente conselleiro de Economía, Emprego e Industria noutro debate...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que nos dá a oportunidade de que o Goberno galego, se quere estar á altura das circunstancias, colla o teléfono, levante o teléfono e exixa a Naturgy que ten que manter os postos de traballo en Ourense.

Polo tanto, nós agardamos que hoxe esta iniciativa levante o acordo unánime de todos os deputados e deputadas e enviemos unha mensaxe moi clara de que Unitono non marcha de Ourense. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Quero comezar tamén hoxe saudando o Comité de Empresa de Unitono e transmitir tamén a solidariedade en nome do Grupo Socialista. Compartimos a vosa preocupación, polo que



preguntaremos tamén posteriormente ao conselleiro de Industria que ten previsto facer o Goberno galego para frear a deslocalización e a perda destes postos de traballo.

Quero tamén, ás portas do 1º de Maio, dicirvos e transmitirvos os nosos parabéns, porque sodes un comité de empresa loitador e responsable. Loitador, porque ante os primeiros indicios de perda de postos de traballo non quedastes de brazos cruzados, recorrestes ás mobilizacións, a eses paros que xa se comentaron aquí, que foron un auténtico éxito. Responsable, porque durante dez anos buscastes en todo momento o diálogo e o consenso, aceptando incluso un duro ERTE no ano 2013, resolto antes do previsto grazas ao voso esforzo e ao voso traballo, ou incluso permisos non retribuídos durante o verán para intentar salvar eses postos de traballo. Pola contra, a actitude da empresa é escurantista e maliciosa en todo este tema.

Esforzos que fixestes para evitar que se materializara o que sería un duro varapao, non soamente para as vosas familias, senón para toda a provincia de Ourense, que ten a taxa de actividade máis baixa de toda España, que no último trimestre subiu o desemprego a razón de vinte e cinco empregos ao día que se perderon.

E, claro, hai algunha deputada e deputado do Partido Popular de Ourense que se alporiza cando falamos da provincia, e, en vez de alporizarse, estaría ben que fixeran algo cando están gobernando no Concello de San Cibrao, na Deputación de Ourense e tamén no Goberno galego, que é o encargado da política industrial deste país.

Non é novidade. É un sector altamente feminizado, con baixos salarios, cun traballo estresante, inestable e monótono, onde hai unha nula promoción interna e que acaba resultando incluso frustrante. Constitúe, ademais, un dos reflexos máis notables de que foron as novas xeracións as máis damnificadas pola crise económica e pola reforma laboral.

Salarios que rondan os mil euros, para persoas que traballan trinta e nove horas semanais, que foi algo que a min, cando me reunín con estas traballadoras, me chamou a atención. O máximo de xornada son trinta e nove horas e resulta que das 121 traballadoras soamente hai oito que teñan esta xornada; é dicir, o 6 % da plantilla, porque o 94 % restante son traballadoras que en moitos casos levan dez anos neste posto facendo vinte e cinco ou vinte horas á semana, que teñen un salario de entre seiscientos e setecentos euros. Claro, o lóxico sería buscar outros empregos para compaxinar, pero resulta unha misión imposible, debido, entre outras cousas, a eses horarios cambiantes que teñen a miúdo.

Son moitas tamén as denuncias —e é un tema do que se fala pouco— en materia de saúde laboral e os riscos psicosociais que hai nestes postos de traballo e tamén esas baixas por ansiedade e por depresión, que son habituais. Traballadoras que, a maiores de ter un posto de traballo difícil, teñen que sufrir esa presión da deslocalización dos servizos a países con salarios máis baixos, algo que xa provocou centos de despedimentos na nosa comunidade autónoma.

Se é grave que Naturgy, con beneficios —que xa se comentaron aquí— de máis de mil douscentos millóns de euros no ano 2016, que se prevé que suban tamén durante este ano, que



presume con publicidade e propaganda da súa falsa galeguidade, pretenda baixar os custos a conta de subcontratar empresas que pretenden recortar os dereitos dos traballadores e das traballadoras, para maximizar os beneficios, nós cremos que aínda o é máis que a propia Xunta de Galicia, o propio Goberno galego estea a subcontratar directa ou indirectamente empresas de *telemarketing* que non respectan os dereitos dos traballadores, empresas que nin sequera están ubicadas na nosa comunidade autónoma.

Señora Presas, compartindo totalmente a súa iniciativa, nós rexistramos unha emenda para complementala, para que, ademais de exixir á Xunta de Galicia que poña os puntos sobre os is, dunha vez que se plante fronte a Naturgy, fronte a Unitono tamén. Cremos que é importante que sexa a propia Administración a que predique co exemplo, incluíndo durante esta lexislatura como requisitos imprescindibles na contratación de todos os servizos da Administración autonómica que, no caso de que as empresas que dispoñan de servizos de chamadas, sexan propios ou sexan subcontratados, se presten dende a nosa comunidade autónoma, se presten dende Galicia, tanto no momento da adxudicación como tamén mentres dure todo ese período de contrato que teñan coa Administración autonómica.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Tamén, por suposto, algo que xa se recolle na iniciativa: que se manteña esa atención telefónica en galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos día, señorías.

En primeiro lugar, quero comezar por saudar o Comité de Empresa de Unitono, presente hoxe aquí na tribuna deste Parlamento, e felicitálos por suposto pola responsabilidade coa que están tratando este importante conflito laboral na súa empresa.

Señorías, o Grupo Popular quere mostrar o seu pesar pola situación que están atravesando na empresa de *telemarketing* Unitono, ubicada no parque tecnolóxico de Galicia, no concello de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense, situación señorías, que afecta cento trinta traballadoras e traballadoras do concello de San Cibrao, pero tamén doutros concellos dos arredores —de Paderne, de Barbadás, do Pereiro—, incluso tamén da cidade. Como xa dixeron as deputadas que me precederon, Unitono é unha empresa dedicada ao *telemarketing* pero que ten unha peculiaridade, xa que traballa integramente para a empresa Naturgy, concretamente para o mercado regulado, sendo os únicos que atendían as chamadas desta empresa.



Cento trinta traballadores, a maioría mulleres, e case todos indefinidos, formados e moi solventes, que incluso foron felicitados polo propio grupo Naturgy polo seu bo desempeño, pero que dende hai un tempo están vendo como diminuíron as chamadas, e teñen que enterarse por fóra de que a súa empresa Unitono abría outra sede en Reus e comprobando como se estaban atendendo as mesmas chamadas que ata agora só se atendían dende a empresa do concello de San Cibrao.

Como dicía antes, cento trinta traballadores e traballadoras moi cualificados, que poden asumir incluso maior carga de traballo, no caso de que fose necesario, e que non se entende por tanto o motivo deste proceso de deslocalización oculto desta empresa do meu concello de San Cibrao das Viñas.

Dende logo, señorías, que nos preocupa a situación e compartimos a inquedanza dos traballadores da empresa.

Gustárame tamén poñer en valor a axilidade coa que se está a tratar este conflito desde todas as administracións. O comité de empresa foi recibido polos alcaldes dos concellos afectados, incluído tamén pola da cidade, e tamén polo presidente da Deputación, e aprobáronse nos correspondentes plenos declaracións institucionais en contra do posible peche de Unitono; e por suposto, señorías, tamén foron recibidos polo Goberno da Xunta de Galicia, en concreto pola directora xeral de Emprego, tan só unha semana despois da denuncia do conflito.

Señoras Presas, estamos de acordo con boa parte da súa iniciativa e propoñemos por tanto unha emenda de substitución, que modificaría escasamente parte da súa iniciativa. Modificaría os puntos 1 e 2, rexeitaríamos o 4 e aceptaríamos como están os puntos 3 e 5.

A continuación, paso a explicarlles os motivos correspondentes. Propoñemos como número 1 realizar as xestións oportunas co fin de determinar as razóns de intención de deslocalización e a situación da empresa en Ourense, e poñer á disposición a colaboración da Xunta de Galicia coa finalidade de manter a actividade da empresa Unitono na súa plataforma situada no parque tecnolóxico de Ourense, destacando que a Xunta de Galicia media e axuda na procura dunha solución para este problema, e de feito estao a facer dende o primeiro momento, sendo recibido o comité pola directora xeral de Emprego poucos días despois de darse a coñecer o problema. E non só o comité, senón que tamén a Xunta de Galicia está a manter contactos coa empresa Unitono, está en contacto permanente coa empresa para que traballe por conseguir carga de traballo distinta á de Naturgy, se é o caso.

En canto ao punto 2, o Grupo Popular propón realizar as xestións con Gas Natural Fenosa-Naturgy a fin de exixir que garanta a carga de traballo necesaria para o mantemento da empresa Unitono en Ourense e os postos de traballo actualmente existentes.

Señorías, suprimimos a frase «tomando medidas de presión», xa que a Xunta de Galicia sempre actúa dentro do respecto institucional (*Murmurios.*) e dentro da legalidade vixente e, por suposto, como debería facer toda a Administración.

No tocante aos puntos 3 e 5, reiterar que na nosa emenda á súa iniciativa insistimos en que ten que constituírse unha mesa, e unha mesa na que estean a Administración, a empresa, o



comité de empresa e, señorías, non representantes políticos. Esa é a proposta, e reitéroo: o diálogo ten sido dende o minuto un.

Señorías, é verdade tamén que o sector do *telemarketing* está a atravesar unha difícil situación, e por iso estamos de acordo con vostedes en facer un estudo que analice o sector; por iso apoiamos o seu punto 5.

En canto ao punto 4 —deixo para o final o tema do galego—, só dicirlles —e insisto, señorías— que xa llo reiteramos varias veces nesta tribuna: a lingua en Galicia non é un problema, señorías, máis ben ao contrario; Galicia é un modelo de bilingüismo cordial, harmónico, no que dous idiomas oficiais conviven en equilibrio e os galegos e as galegas poden expresarse en liberdade na lingua que desexen. Isto é así porque o Goberno galego cumpre as leis, señorías, acata a Constitución, o Estatuto de autonomía e a Lei de normalización lingüística e garante sempre o dereito a todos en expresarse na lingua que desexen.

Gustaríame recordarlle tamén que o Instituto Galego de Consumo e da Competencia garante os dereitos das persoas consumidoras galegas tamén en materia lingüística, a usar calquera das dúas linguas oficias da Comunidade Autónoma, e, de feito, existen xa reclamacións por este tema.

Por iso, señora Presas, creo que este é un tema importante que afecta o emprego da nosa provincia de Ourense...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...e que merece un acordo unánime. Creo que dende este grupo se fixo un importante esforzo por apoiar a súa iniciativa. Creo tamén, señorías, que os traballadores de Unitono merecen hoxe saír de aquí cunha iniciativa aprobada por todos, por unanimidade. Polo tanto, eu emprazo a negociar e a que saquemos este tema cun acordo maioritario.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Nóvoa.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas.

Eu tamén quero saudar as compañeiras e compañeiros do Comité de Empresa de Unitono de Ourense, mandarlles todo o noso apoio por suposto, toda a forza; están dándonos un exemplo de diálogo, de tratar de chegar a acordos e de mobilización constante e de traballo unitario.

Por suposto, imos votar a favor desta iniciativa. Non é a primeira vez que debatemos neste Parlamento sobre a situación do *telemarketing*, tampouco é a primeira vez que falamos da si-



tuación que atravesamos Unitono. A verdade é que nos alegamos de que a Xunta de Galicia parece que vai cambiar un pouco a súa posición, porque en todas estas semanas que levabamos falando deste tema moitas veces negábanse a escoitar de maneira sistemática, votaron en contra de propostas que hoxe van votar en principio favorablemente, e alegrámonos porque, como digo, a situación do *telemarketing* é moi alarmante, e Unitono é só un exemplo.

Levámolo dicindo moitas veces. Cando falamos de Bosch en Vigo, xa o mencionabamos. Seguro que van aparecer outras empresas con problemas, porque non é a primeira vez nin vai ser a última, e unha semana despois vimos a situación que vivían as traballadoras de Ourense.

E, de novo, a causa do problema, como dixemos, é a deslocalización, e hai moitas medidas e hai lexislación que pode aprobarse para que a deslocalización remate. O único que fai falta é vontade política e tomar en serio o problema, porque moitas veces hai uns discursos que van por un lado e despois as políticas van por outro. Igual que co problema da precariedade, hai unha causa principal de que as empresas se consideren co dereito de explotar as traballadoras, que son as reformas laborais do Partido Popular e do Partido Socialista. Se non se derrogan as reformas laborais, pois seguramente avancemos só pondo parches e con medidas totalmente parciais.

Xa se mencionou aquí que Ourense é unha das provincias cunhas taxas de paro máis alarmantes. Temos que facer todo o posible para que esta empresa non peche. As traballadoras xa soportaron no ano 2013 un ERTE, e hai, como digo, que facer todo o posible. Nós esperamos que de hoxe saia un acordo unánime que se traslade e que a empresa xa empece a asumir que non pode facer o que lle dá absolutamente a gana.

Porque é especialmente alarmante cando falamos destas empresas, que están gañando beneficios millonarios. Non estamos falando dun sector onde haxa problemas económicos. As empresas cada ano obteñen máis millóns de beneficios e cada ano a mesma vez precarizan aínda máis as traballadoras. Baixan os salarios ou mantéñenos conxelados, moitas das traballadoras teñen salarios de miseria. Por iso hoxe hai que poñer unha solución, por suposto, a que Unitono non peche. Hai que evitar a deslocalización con todas esas medidas.

Pero tamén poñámonos á tarefa fundamental para rematar coa precariedade. Teñen que subir os salarios deste sector, desta empresa e do conxunto de empresas que existen no país. Estamos falando de dez mil traballadoras no país que están soportando unha alta carga psicolóxica, moita rotación nos seus postos de traballo, que moitas veces —como digo— teñen salarios de miseria, como xa se mencionou a maioría non traballan a xornada completa, moitas traballan vinte e cinco-trinta horas, cobrando —como digo— auténticas miserias, coas que non se pode chegar a fin de mes de ningunha maneira. E hai que pórse tamén con esa tarefa.

Por suposto, tamén nos alegra que a Xunta de Galicia manteña un diálogo cos traballadores e traballadoras. Pero é que só faltaba, é que é a súa responsabilidade, unha obriga de todas as administracións manter un diálogo, porque para iso están, non é ningún favor nin ningunha cesión que lles vaian facer aos traballadores e ás traballadoras. É unha obriga e é o mínimo, porque se supón que nos debemos a elas e a eles.



E, por suposto, como dicía, imos votar a favor da iniciativa e esperamos poder chegar a un acordo. A verdade é que non vou entrar nalgunhas consideracións que fixo a voceira do Partido Popular, como, por exemplo, co tema do bilingüismo, porque daría para outro debate, pero quedou bastante ben reflectida a súa opinión, ou co tema do respecto institucional.

O Partido Popular leva moito tempo colocándose sempre do lado das empresas, nunca, absolutamente nunca, do lado dos traballadores e traballadoras, colócanse do lado dos traballadores e traballadoras de maneira discursiva. Teñen uns discursos de apoio e de empatía, pero despois, á hora da verdade, cando lexislan, cando aproban aquí, cando rexeitan moitas das iniciativas que traemos —porque podemos facer hemeroteca, porque falamos deste tema e tivemos unha moción no anterior pleno, non foi hai cinco meses, foi no anterior pleno, non no pleno anterior senón no outro—, outra vez volveron rexeitar moitas medidas.

Quero dicir que non é unha novidade, co sector do *telemarketing* agora, e xa dixen que celebro que vaian facer un estudo, porque, despois de moito exixilo a oposición, pois sempre se negaron de maneira recorrente, e nós alegrámonos por toda a forza que se poida trasladar ás traballadoras e traballadores de Unitono en Ourense pero, por suposto, tamén toda a presión que se poida facer á empresa con Naturgy, toda, será necesaria.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Por iso agardamos que se chegue a un acordo, e volvo reite-rarlle todo o noso apoio.

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, eu quería comezar agradecendo a vontade de buscar un consenso de todas as voceiras sen exclusión. Recordar que, evidentemente, hai problemas de fondo, o marco laboral é un problema de fondo, non só porque as reformas laborais permitan que sexa máis barato despedir cento trinta persoas e pechar unha plataforma e abrir unha nova noutro lugar, senón tamén xa o propio marco laboral, porque realmente os meus compañeiros, estes traballadores e traballadoras, son empregados da eléctrica; o que pasa é que o marco laboral favorece que pola metade do soldo fagan o traballo que, en condicións normais, se houbera un control público sobre o sector enerxético, debería facer directamente esta empresa, e, por outra banda, pois estas cuestións das que temos debatido noutros momentos.

Eu quería determe un pouco nalgunha cuestión que propoñemos.

Señora Nóvoa, eu agradezo o esforzo que fixeron, porque son consciente de que fixeron un esforzo por manter, na medida das posibilidades, baixo o seu punto de vista, a literalidade



da nosa emenda, e nós imos aceptar a súa proposta. Simplemente propoñemos tamén engadir o punto do Partido Socialista e o noso punto 4, para que se vote tamén e quede no *Diario de Sesións* para o futuro, pero entendemos que as cuestións que nos poñen enriba da mesa son razoables e se poden votar favorablemente; ademais, está contrastado co comité de empresa.

Eu quería facer simplemente dúas matizacións. Primeiro, sobre a cuestión da lingua, ler literalmente o que propoñemos: «Demandar da compañía eléctrica a garantía do dereito das e dos galegos a seren atendidos en galego pola empresa prestadora do servizo e contribuír ao mantemento do emprego en Galiza no sector dos centros de chamadas.» Estatuto de autonomía, jeh!, a atención en galego. Quero dicir que non estamos propoñendo que lles poñan unha mordaza aos traballadores e traballadoras ou a alguén se non fala galego, simplemente que aproveitemos que ese dereito é un valor económico, é un valor económico tamén; se non, en Reus non estarían puntuando que se saiba falar galego; e iso temos que poñelo en valor e é unha demanda ademais sindical do noso país. Simplemente, e para que quede constancia.

E, despois, outra cuestión. Vostede sacou peito aquí de que os concellos están, efectivamente, facendo o seu traballo; a Deputación fai o seu traballo, recibindo os traballadores e traballadoras; e tamén a Xunta de Galiza. A min quédame curto, con sinceridade, que sexan recibidos pola señora Covadonga Toca e que o conselleiro de Industria non se moleste en levantar o teléfono.

En todo caso, eu simplemente fago unha advertencia ao Partido Popular. Si que o sei, porque falo cos meus compañeiros de traballo, señora Nóvoa, si que sei que non os chamou o conselleiro de Industria; poden preguntarlles. En todo caso, eu fago unha advertencia aquí á bancada do Partido Popular: o BNG non vai permitir que isto quede só en palabras, imos estar vixiando constantemente esta cuestión, para que non quede só en palabras e sexan feitos.

E insistir en dúas cuestións que me parecen claves: primeiro, ese estudo é necesario; non hai tanto recordaba outra voceira que votaron en contra dunha propia iniciativa que defendeu a miña compañeira Montse Prado, votaron en contra de facer ese estudo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: En todo caso, é importante, porque cando eu entrei neste Parlamento eramos oito mil persoas no sector e hoxe en día son seis mil cincocentas ou sete mil en Galicia; polo tanto, é necesario.

E, por último —e remato, señor presidente—, é fundamental tamén dialogar con Naturgy, porque ao final o cliente sempre ten a razón, e se vostedes, igual que se abrazan ao delegado de Iberdrola, negocian con Naturgy, teremos moitas posibilidades de que isto vaia adiante.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Remato, señor presidente, desexando a todos os traballadores e traballadoras que continúen activos e activas na loita, que non os imos defraudar desde este Parlamento galego e que imos conseguir que Unitono non peche en Ourense. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa pena imposta na Audiencia Provincial da Coruña a un veciño de Lira (Carnota) por un incidente cun furtivo da comarca

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Soraya Salorio Porral, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 10/PNP-003698 (48944)).

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia solicita ao Goberno Galego que:

- 1. Apoie o requirimento de conmutación da pena e demande ao Goberno central o outorgamento de indulto para D. Manuel Martínez Lustres, ou cando menos que lle exima de entrar en prisión.*
- 2. Unha vez acadada a tipificación como delito de condutas relacionadas co furtivismo, plasmado na reforma do artigo 335 do Código Penal, instar ao Goberno Central que aplique con maior rigorosidade a norma, que impida que se dean casos graves de furtivismo e frean a posibilidade de que xurdan situacións como a vivida en Lira.”)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

Eu, antes de máis, quero saudar os representantes da familia de Manuel Martínez, representantes dos veciños e representantes das amizades.

Hoxe traemos aquí, a este Parlamento, unha iniciativa coa que queremos que este Parlamento se manifeste a favor de solicitar o indulto ao Goberno español para un veciño de Lira, no concello de Carnota, para Manuel Antonio Martínez Lustres. Manuel Antonio, Manuel de Talelo, é un veciño de Lira, en Carnota, de 43 anos, mariñeiro, que se adica ao percebe. Manuel está condenado a tres anos de prisión por un delito de lesións tras un incidente cun furtivo na bisbarra da Costa da Morte.

Os feitos polos que foi condenado aconteceron xa hai case sete anos, no verán do ano 2013, nun contexto de gran tensión e descontrol do furtivismo; unha tensión orixinada tras a decisión da



Xunta de retirar o financiamento do servizo de vixilancia da reserva mariña dos Miñarzos, en Lira, unha iniciativa pioneira no mundo enteiro e que fora posta en marcha no ano 2008.

Con esta decisión de eliminar a vixilancia na zona, deixouse desprotexida esta reserva, e con esta decisión, que contou coa desaprobación e co malestar da xente do mar, xa que o furtivismo era un dos peores inimigos desta reserva, esta desprotección obrigou os propios profesionais a ter que controlar e facerlles fronte aos furtivos. Despois desta retirada de vixilancia, o furtivismo comezou a operar sen cuartel, pois ata entón fora unha zona que estivera controlada para esta actividade ilícita.

En particular, o grupo implicado neste incidente polo que foi condenado Manuel caracterizouse polo seu actuar perigoso, por estar ben preparado, e acumula unha serie de conflitos e causas polo espolio de recursos pesqueiros e marisqueiros e por episodios de violencia derivados desta actuación ilícita.

Neste contexto do verán do ano 2013, percebeiros de Lira viron como furtivos estaban traballando de madrugada, aproveitando esta ausencia de vixilancia, na zona dos Miñarzos. Tras esta incursión ilegal a faenar na reserva, pois foron confrontados polo colectivo de percebeiros profesionais que faenan legalmente na localidade, coa intención de expulsalos da reserva. Entre estes percebeiros atopábase Manuel, que a aquela altura era o presidente do colectivo de percebeiros e tamén patrón maior da Confraría de Lira.

Esa mesma noite o grupo de furtivos presentouse no domicilio de Manuel, procedendo a facer importantes ameazas e disturbios. Manuel chamou a Garda Civil, mais cando a Garda Civil chegou xa se tiñan marchado. Ao non lograr o seu obxectivo esta noite, retornaron a Lira días despois e localizaron a Manuel na caseta onde garda o material, onde o ameazaron, intimidaron e trataron de acurralar.

Vendo ameazada a súa integridade, Manuel defendeuse deste intento de agresión, cun obxecto que tiña á man, unha rasqueta de ir ao percebe. Neste acto de defensa, nese intento de acurralalo na súa propia caseta, pois feriu un dos atacantes, ocasionándolle unha lesión de importancia, da que o furtivo tivo que recuperarse durante varios meses.

O proceso xudicial aberto tras esta denuncia rematou cunha sentenza condenatoria a tres anos de cadea pola Audiencia Provincial e logo foi ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. Esta sentenza está actualmente en trámite de execución e o ingreso de Manuel na cadea pode ser inminente, pode notificalo en calquera momento.

Chegado a este punto, traemos aquí esta petición de indulto, porque Manuel recoñeceu os feitos de ter agredido o furtivo, nunha situación de buscar defenderse dun intento de agresión. Procedeu a reparar o dano causado ao ferido, ao terlle aboado xa a cantidade de 7.200 euros en concepto de indemnización. E, ademais disto, pois Manuel conta co apoio da veciñanza, do tecido deportivo, asociativo e económico de Carnota, cunha riada de apoios de solidariedade para impedir que ingrese na cadea.

A veciñanza de Lira, de Carnota, e da bisbarra organizouse para iniciar mobilizacións e todo tipo de actuacións para intentar evitar que Manuel entre na cadea. Este apoio visibilizouse



o pasado sábado 13 de abril nunha concentración onde centos de veciños e veciñas manifestaron este apoio na explanada diante do porto de Portocubelo. Tamén a Corporación Municipal do Concello de Carnota aprobou unha iniciativa de solicitar, por unanimidade de todos os grupos con representación no pleno, a concesión discrecional de indulto ao Consello de Ministros.

A petición de indulto tamén foi secundada pola maioría das entidades sociais, culturais e profesionais do municipio, o Club de Fútbol de Lira, a Asociación Monte Pindo, a Confraría da propia localidade. Foi secundada pola Federación Provincial de Confrarías da Coruña, que tamén se dirixiu aos grupos políticos con representación neste Parlamento, demandándonos que desde esta Cámara solicitáramos tamén esa petición de indulto, e tamén hai unha recollida de centos de sinaturas de apoio a esta petición de indulto.

Todos coinciden en considerar que a pena imposta é excesiva, severa e desproporcionada. Consideran a Manuel un home apreciado e querido polas xentes do mar e apreciado e querido polos veciños, traballador, pai dun fillo menor, e do que depende o sustento da súa familia.

Dende logo no BNG, ao igual que todos estes colectivos que demandan o indulto, consideramos que non deixa de ser vítima das políticas de recortes que deixan desprotexido un espazo de cría de peixe e de marisco dos máis sensibles da costa galega, e que isto obrigou os propios profesionais a ocuparse desta vixilancia e protección da zona dos desaprensivos que queren aproveitarse desta situación de vixilancia escasa.

Consideramos que é unha vítima dun incidente ante o que non cabería agardar outra reacción que non fora a defensa propia e a intimidación, e consideramos que as razóns da conduta de Manuel, así como as súas circunstancias persoais e familiares, están acreditadas e avalarían e avalan esa petición de indulto. Os feitos producíronse nun contexto no que hai que ter en conta o grave dano que os furtivos viñan facendo a este na reserva, ao recurso, que era o medio de vida das xentes de Lira, e que isto debe de ser considerado como un elemento a ter en conta e un eximente.

Dende logo, o que parece un clamor é que o seu ingreso na cadea non fai senón causarlle un terrible prexuízo persoal e familiar, e que dende logo consideramos que non carrega ningún beneficio nin resarce absolutamente a ningún, toda vez que a persoa que sufriu as lesións xa foi resarcida do seu dano e que mesmo ten manifestado nos medios de comunicación que, se lle pediran a sinatura para o indulto, el tamén a asinaría.

Manuel ten remitido, a través da súa defensa, ao Ministerio de Xustiza unha solicitude de indulto, e dende logo cremos que este Parlamento tamén o debe facer, na medida en que o indulto é unha medida de graza, fundamentada na dureza que algunhas veces supón a aplicación legal da pena imposta, cando concorren razóns humanitarias, de rehabilitación ou de equidade suficiente para que o Estado poida renunciar ao exercicio do poder punitivo, por entender que este sería máis prexudicial que beneficioso.

Cremos, sinceramente, que esas circunstancias que se establecen para conceder o indulto concorren neste caso de Manuel, e por iso pedimos aos grupos parlamentarios con repre-



sentación nesta Cámara que instemos o Goberno galego a que se solicite ao Consello de Ministros do Goberno español a concesión de indulto discrecional para Manuel Antonio Martínez Lustres.

Nada máis, agardando o voto positivo, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Salorio.

A señora SALORIO PORRAL: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Vaia por diante o noso apoio a Manuel Antonio Martínez Lustres, á súa familia e por suposto aos seus veciños.

Este grupo parlamentario non avoga para nada pola violencia para solventar este problema. Entendemos que debe haber outras vías de punición xurídica deste tipo de conflitos. Temos claro de que lado estamos, do lado do sector, sempre. O furtivismo é unha lacra que debe ser erradicada e un problema económico, social, sanitario e ambiental. Pedimos concienciación. Se hai furtivismo, é porque hai quen compra aos furtivos.

A Federación Provincial de Confrarías da Coruña solicitounos unha iniciativa conxunta de todos os grupos de apoio ao ex-presidente dos percebeiros de Lira, pedindo instar a Xunta de Galicia a que apoie o requirimento de conmutación da pena e demande ao Goberno central o outorgamento de indulto para Manuel ou cando menos que o exima de entrar en prisión. Unha vez acadada a tipificación como delito de condutas relacionadas co furtivismo, plasmado na reforma do artigo 335 do Código penal, instar o Goberno central a que aplique con maior rigorosidade a norma, que impida que se dean casos graves de furtivismo e free a posibilidade de que xurdan situacións como a vivida en Lira. O PSOE non quixo unirse, porque non quere a segunda parte da proposta; En Marea, porque o PSOE non se unía; e o BNG, porque foron por libre. Non podemos entender por que non se sumaron a este posicionamento do sector. Agora poden demostrar que queren axudar e non politizar.

A nosa emenda non é para corrixir, senón para mellorar e recoller a postura do sector, tal como a lin hai un momento. Se non aceptan a emenda, igualmente apoiaremos a proposición, pero presentaremos a nosa propia proposta e a proposta da Federación de Confrarías da Coruña, por respecto ao sector.

Por suposto, consideramos desproporcionada a sanción, máxime cando unha agresión a un gardapesca soe traer aparelladas sancións económicas menores e penas de prisión menores de dous anos, que non conlevan a entrada no cárcere. A condena foi cometida cun medio perigoso, con agravante e aleivosía e atenuante de reparación de dano.



A súa defensa enviou un escrito ao Ministerio de Xustiza solicitando indulto total ou subsidiariamente parcial e que se manteña en suspenso a execución da sentenza —como mencionou tamén a señora Prado— mentres non se resolva a petición.

Mencionaron tamén que Manuel xa aboou os 7.200 euros que lle pedían de indemnización, así como pediron que o ingreso en prisión provocaría uns prexuízos irreparables e non reportaría ningún tipo de beneficio no sentido de reinserción.

Veciños, colectivos e confrarías de distintos concellos concentráronse en Carnota para pedir o indulto de Manuel, expresaron o respecto polas decisións xudiciais, pero a opinión pública xeral considera que a sentenza é moi dura, desproporcionada e desmedida. Definen a Manuel como un home apreciado e querido pola xente do mar e polos veciños, home traballador, honrado e pai de familia, con fillos menores a cargo.

Representantes dos colectivos concentrados declaraban á prensa: os furtivos viñeron dúas veces a Lira buscar follón, Manuel recoñeceu os feitos e xa pagou cunha indemnización. Van meter no cárcere unha persoa honrada e non foi buscar a ninguén. O seu ingreso en prisión non repararía ningún dano e si supón unha grave situación de desamparo para a súa familia e a indignación de todo o pobo. Manuel tivo que defenderse do ataque sufrido por parte dos percebeiros furtivos cara á súa persoa e cara á súa familia.

Para rematar, xustificar a petición da Federación Provincial de Confrarías da Coruña da reforma do artigo 335 do Código penal, con declaracións de varios implicados, para que os furtivos reincidentes sexan condenados pola vía penal e non só pola administrativa.

A impotencia das confrarías ante os furtivos —din os que declararon— son os contrabandistas de marisco. O problema é que as sancións son administrativas, ninguén os manda á cadea, polo que volven actuar. O furtivismo converteuse nun estilo de vida, hai quen leva máis de cen denuncias ás costas.

O PP tivo que loitar en solitario na petición de penas de cárcere para os reincidentes. O PSOE e o BNG rexeitaron en 2004 unha PNL para consideralo como delito. A oposición tampouco apoiou en 2015 a demanda de introducir esta petición no Código penal. BNG e PSOE aduciron sempre que era un problema de tradición e cultura dos pobos da costa e de marxinalidade e inclusión social.

Por último xa —e remato—, dicir que non é certo que a Xunta recortase na loita contra o furtivismo. Reformouse a lei que regula o Servizo de Gardacostas, iniciouse a renovación de cinco patrulleiras e incorporáronse 42 novas persoas ao servizo, aumento dun 35 % da media de inspeccións e dun 42 % de infraccións detectadas, un 41 % de incautacións, un 201 % na media anual de comisos; ademais, conseguimos 456 detidos pola Policía Autonómica desde a entrada en vigor do carácter penal do furtivismo reincidente.

De momento, nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Salorio.



Antes de darlle a palabra á señora Toja, imos saudar os alumnos do Centro Rosalía de Castro do Grove. Son alumnos de 5º de primaria que hoxe visitan o Parlamento. Benvidos ao Parlamento, e tamén as persoas que hoxe nos acompañan dende a tribuna. Un saúdo para todos eles.

Agora ten a palabra a señora Toja, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

Bo día.

En primeiro lugar, o noso apoio a Manuel e á súa familia.

Estes días na Costa da Morte son días agridoces. Doces, porque a maior parte dos galegos e as galegas escollemos unha España en cor e non unha España gris escuro-negro, como quería a dereita. Pero son días amargos tamén, son días de moita amargura na Costa da Morte, porque estamos pendentes do ingreso en prisión de Manuel Martínez Lustres, Manuel de Telelo, como é coñecido en Lira; unha cuestión que, aínda que esperada, é unha cuestión que cae como unha xerra de auga fría na Costa da Morte.

Dende o noso grupo imos apoiar a petición de indulto de Manuel, porque entendemos que ten que ser así, que non pode ser doutro xeito.

Tamén coñecemos a indefensión a que fan fronte as persoas que traballan no mar, especialmente os percebeiros, os mariscadores, día tras día, ante o furtivismo, e coñecemos o abandono a que a Xunta de Galicia os ten sometidos.

Apoiamos, ademais de votar esta iniciativa a favor, acompañando a veciñanza de Lira e a familia na manifestación que tivo lugar en Lira o 13 de abril; alí estivemos os socialistas. Apoiamos tamén a Manuel a través da Delegación do Goberno, dende a cal cóstanos que se está traballando dende o primeiro momento en que tivemos coñecemento desta cuestión. E apoiamos por todos os medios legais posibles que se conceda a solicitude de indulto.

Ademais, hai que ter en conta que se trata de como funciona o trámite; é un trámite longo, é un expediente administrativo cun longo período de tramitación, no que ademais hai que darlle audiencia á persoa agredida, á persoa prexudicada, co cal sería fundamental para acurtar os prazos deste longo trámite contar co apoio favorable da persoa agredida, da persoa prexudicada, ao indulto. Esa é unha cuestión fundamental que podería acurtar os prazos para a concesión do indulto de Manuel.

Polo tanto, repito que votamos a favor desta iniciativa e continuaremos traballando para que esta solicitude de indulto prospere.

Pero é importante recordar como chega esta iniciativa ao Parlamento, porque hai unhas semanas —se recordan— propúxose facer unha iniciativa conxunta dos catro grupos, unha iniciativa que poderíamos estar debatendo hoxe os catro grupos xuntos, pero a iniciativa



non foi adiante porque o PP insistiu en incluír un punto 2 para aproveitar e facer campaña para as eleccións xerais. En lugar de pensar no que era importante nese momento, que era a solicitude de indulto conxunta dos catro grupos parlamentarios, puxo por riba os seus intereses partidistas, como fai sempre o PP, e deixou a un lado o que realmente importaba, que era o indulto de Manuel. *(Aplausos.)* Esa é a cuestión e por iso hoxe debatemos esta iniciativa, pero cada un dos grupos que estamos aquí presentamos a nosa iniciativa.

E miren, é que ademais, no medio, seguiron mentindo, non lles chegou con iso; ademais, seguiron mentindo, porque a conselleira do Mar, en Castelo, en Cervo, dirixiuse ao sector dicindo que a iniciativa non ía para adiante, que non se conseguiría o indulto porque o PSOE de Galicia abstivérase.

¿Como nos iamos abster sobre algo que aínda non se tiña debatido? ¿Como é posible que mintan así ante unha cuestión tan seria? Ao mellor por iso, polas súas mentiras, é que o «valor seguro» que anunciaban acabou nun «valor fracasado». Ese é o problema. *(Aplausos.)*

E o problema é que non podemos estar de costas, o problema que nos trae aquí é o furtivismo, o desamparadas que están as persoas que traballan no mar nun medio hostil, o traballo ante a indiferenza da Xunta. Porque non podemos perder de vista que a orixe deste problema, o que nos trae aquí hoxe, é o furtivismo, e a cuestión do furtivismo é unha cuestión clara e de relevante interese para os socialistas galegos.

E por iso achegamos constantemente á Comisión de Pesca iniciativas sobre esta cuestión, unha defensa nítida e clara da legalidade, da produción de calidade e do traballo, da defensa do traballo das persoas do mar. Pero cada vez que presentamos unha iniciativa, cada vez que o Grupo Socialista presentou unha iniciativa sobre o furtivismo, atopámonos cun PP que vota en contra, por dous motivos: ou ben xa se está facendo ou ben o problema non existe. E aí está o problema, aí están as consecuencias dos problemas, as consecuencias dunha Xunta que ten abandonado o sector e que non pon as medidas necesarias para rematar co furtivismo.

Se non, díganme —que teñen un problema aí recente—: ¿que van facer con esas confrarías ás que lles retiraron as axudas dos fondos europeos? ¿Que van facer coas costas que agora non van ter vixilancia porque non teñen as axudas europeas para facer fronte ás axudas técnicas e tamén ás axudas contra o furtivismo? ¿Que van facer? Levo meses facendo esa pregunta e aínda non foron quen de dar unha resposta. Non o esquezan: o problema non é outro que o furtivismo.

Polo tanto —e para finalizar e deixalo claro—, o Partido Socialista apoia esta iniciativa dentro e fóra do Parlamento, coa familia e a través da Delegación do Goberno, facendo as xestións necesarias para que este indulto vaia adiante. E pídlle por favor ao PP que olvide a súa emenda, que esqueza o punto 2, que pense en Manuel, que pense na familia de Manuel, que pense na Costa da Morte, por unha vez que pense na Costa da Morte.

Máis nada e grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día.

Primeiro, dar a benvinda aos meus veciños de Lira, esa xente que me fai feliz cada vez que estou por alí.

A verdade é que me toca de maneira moi persoal este asunto; eu non coñezo persoalmente a Manuel, pero si coñezo parte da súa familia, coñezo moitos dos seus amigos, dos seus compañeiros, e todos, todos, deixan clara a personalidade de Manuel: é unha boa persoa, é unha persoa traballadora, honesta, que nunca estivo inmersa en ningunha situación deste tipo; veuse nunha situación totalmente indesexable, nun incidente moi desagradable, que el recoñeceu e que lamenta e que xa resarcíu pagando indemnización.

Hoxe temos a obriga de axudar a que se faga xustiza. Penso que é deses momentos en que de verdade se dignifica o traballo neste Parlamento. Porque sabemos de sobra que a xustiza non é igual para todos. Se Manuel tivera a información necesaria e unha boa defensa penal, non estaría nesta situación. Varias penalistas consultadas por este grupo mostraron a súa perplexidade despois de ler o sumario. Todas afirman que, cunha boa defensa, ao sumo pagaría unha multa, dada a evidencia de que actuou en defensa propia e que nunca tivo antecedentes de condutas violentas.

Por iso, é imprescindible —parece que se vai producir e alégrome— que votemos todas e todos a favor de reclamar institucionalmente o seu indulto. E aquí quero facer un chamado especial ás señoras e aos señores deputados do Partido Socialista, para que de verdade volvan desenvolver un venres non só social senón tamén de xustiza e que consigan que Manuel non teña que ingresar na cadea nin un só día. Por iso, solicitámoslles que fagan todas as xestións necesarias para acelerar todo o proceso tendo en conta que se dan todas as circunstancias.

A verdade é que non vou entrar a comentar nin a cualificar o intento de manipulación política do Grupo Popular cun asunto tan sensible. As veciñas da Costa da Morte non merecen esa indignidade. Pretender meter a Pedro Sánchez de rondón nesta iniciativa é unha cousa absurda totalmente. ¿Que se pretendía con iso? ¿É que imos facer aproveitamento político de calquera cousa, incluso cunha cousa tan sensible?

Por iso, vou quedarme só cunha cousa, e vou felicitar-me de que o Grupo Popular manifeste o seu apoio a esta iniciativa, o que vai permitir que se apoie e que saia de aquí por unanimidade. Esperamos que esta unanimidade da institución máis importante de Galicia sexa suficiente para que Manuel non teña que pisar a cadea, e por iso reincido e insisto aos señores do Partido Socialista, que teñen os métodos e os procesos para poder solucionar isto, evidentemente, dentro da legalidade, pero, como parece —como xa manifestou a portavoz do BNG— que a persoa prexudicada estaría disposta a aceptar e dar o seu visto bo ao indulto, parece que non habería ningún problema para que nun curto prazo de tempo este asunto se poida solucionar.



Evidentemente, poderíamos pasar a asuntos políticos de se de verdade se fai o suficiente para evitar o furtivismo, pero creo que aportaríamos pouco, porque a xente de Lira sábeo mellor que ninguén, non temos que darlles ningunha información sobre iso, non hai que aportarlles novos datos. Por iso eu concentraríame en que de verdade haxa unha manifestación contundente deste Parlamento de que Manuel non pode entrar na cadea, porque é vítima totalmente dunha defensa incompetente, que xa digo que, se tivera os métodos e a información e, como sempre pasa, os medios económicos, non estaría nesta situación.

Temos a oportunidade de solucionar unha inxustiza e creo que iso dignificaría este Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Ben, eu, en primeiro lugar, quero agradecer —atrévome a facelo en nome de Manuel, da súa familia, dos seus veciños e das súas amizades— que hoxe este Parlamento vaia votar por unanimidade a petición de indulto ao Goberno español, e é unha boa nova. É unha boa nova que o Parlamento galego, onde reside a soberanía popular do noso pobo, non se manteña á marxe diante dunha situación de angustia na que se atopa Manuel, a familia e atrévome a dicir que o sector.

Eu a verdade é que lamento a intervención que se fixo aquí intentando deslexitimar esta iniciativa, señora Salorio. Mire, o BNG presentou esta petición de indulto cando lle chegou vía familia, o 10 de abril, cando non había absolutamente ningunha petición por parte nin da Federación de Confrarías nin de ninguén máis. Presentámola e rexistrámola. Cando chegou a petición da Federación de Confrarías de facer unha iniciativa conxunta, o BNG dixo que non tiña absolutamente ningún problema, ningún problema, co cal este uso, de verdade, di moi pouco a favor de quen pretende instrumentalizar e minusvalorar a posición dos outros grupos políticos, que dende logo está fóra de lugar, totalmente fóra de lugar *(Aplausos.)*

Dende logo, a preocupación do BNG é que Manuel non entre nin un só día na cadea. Por iso non imos entrar aquí en cal debe ser a actuación en contra do furtivismo e quen ten que realizar as actuacións, porque xa o temos debatido e temos moi clara tamén cal é a nosa posición.

O que si quero dicir é que, tras esta aprobación por unanimidade, toca aplicarse, e toca celeridade, porque insisto en que Manuel non pode entrar nin un só día na cadea. Toca aplicarse á Xunta, que debe trasladar de inmediato esta petición ao Goberno español e ter unha posición proactiva. Non basta con mandar un papel por correo electrónico nin mandar unha carta, ten que ter unha posición proactiva, xa que hai unha posición unánime deste Parlamento, e unha posición activa ten que ser descolgar o teléfono ou ir reunirse cos responsables do Consello de Ministros. E tócalle posición proactiva ao Goberno español, en mans do Partido Socialista. Tócalle celeridade, porque os trámites, engorrosos e lentos, e as dificult-



tades, cando se quere, solvéntanse. Se o Partido Popular e o Partido Socialista se puxeron de acordo e nun día foron capaces de modificar o artigo 135 da Constitución para que os bancos puideran cobrar antes que ninguén, ben poden acelerar todos os trámites para que un traballador honrado e que o único delito que cometeu foi defender o seu medio de vida non entre na cadea e se lle conceda ese indulto canto antes.

Creo que se trata de prioridades, e os gobernos, aínda que só sexa de vez en cando, deben ter como prioridade defender os traballadores, non soamente os bancos e os de arriba, que para aí non hai trámites lentos, senón que hai toda a celeridade de que dispoñen.

Entón, pedimos tamén dende o BNG a aprobación...

O señor PRESIDENTE: ¿Aproba a emenda?

A señora PRADO CORES: ...unánime, da que nos congratulamos, neste Parlamento, pero, despois diso, por favor, a quen corresponda, ao Goberno galego, ao Goberno español, facer os deberes con celeridade e de inmediato, porque Manuel non pode entrar na cadea nin un só día.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda?

A señora PRADO CORES: Perdón. Con respecto á emenda, imos facer unha transacción se acepta o Partido Popular, engadindo ao punto primeiro... *(A señora Prado Cores ten un acceso de tose.)*

O señor PRESIDENTE: Léama despois, se quere, é igual, se van transaccionar...

A señora PRADO CORES: Perdón, un segundo.

O señor PRESIDENTE: Non se preocupe.

A señora PRADO CORES: Sería pedir o indulto e engadir «ou cando menos que se elimine entrar en prisión en canto non se resolve a petición de indulto».

E non imos aceptar o segundo punto, en aras a que hoxe saia por unanimidade de aquí esta petición.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(A señora Salorio Porral pide a palabra.)

Si, señora Salorio, ¿para que quere a palabra?



Déanlle voz ao escano da señora Salorio, por favor.

A señora SALORIO PORRAL: Para corrixir unha inexactitude.

A señora Toja dixo que o segundo punto da nosa emenda fora a iniciativa do Partido Popular, e non é así. É exactamente o que solicitou a Federación Provincial de Confrarías da Coruña cando veu pedir a iniciativa conxunta.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

É unha inexactitude corrixida.

(A señora Toja Suárez pide a palabra.)

¿Si, señora Toja?

Déanlle voz ao escano.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

O que dicimos é que vostedes non quixeron renunciar ao punto 2, poñendo por riba os seus intereses fronte ao interese que primaba aquí, que era o do indulto do señor Manuel. Iso foi o que dixemos.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Non, non, xa está. Esa é outra cousa. Iso forma parte do debate. Queda matizada a inexactitude da señora Salorio, que era unha proposta que lle trasladaron a eles para todos os grupos; o outro estaba no debate.

Continuamos.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 48955).)

Emenda de modificación:



A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta de Galicia a que demande do Goberno central que o procedemento de reforma do Regulamento xeral de costas (RD 876/2014, do 10 de outubro) se desenvolva con escrupuloso respecto aos principios de legalidade, de xerarquía normativa consagrado no artigo 9.3 da Constitución española de 1978, e de transparencia na información relativa ao dito procedemento de reforma e coa participación de toda a cidadanía, sectores afectados e institucións, sometendo de novo a consulta pública o borrador de regulamento á vista das alegacións recibidas.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Vendo o ton do debate, un pouco rapapolvos que botou agora a señora Prado ao futuro Goberno do Partido Socialista, nós asumimos absolutamente o resultado electoral, pero, polo que podemos estar escoitando, a señora Toja segue un pouco en campaña electoral. Nós asumimos ese resultado e, ademais, esta iniciativa eu creo que é moi acaída hoxe, porque nós cremos que o acordo que saia desta Cámara afecta directamente a Galicia e nós queremos que o señor Sánchez non falle aos galegos e que poida poñer remedio a esta modificación do Regulamento de costas ou polo menos o procedemento que está a levar a cabo coa modificación do Regulamento de costas, que non está feito con toda a transparencia que se lle pide e se lle exige a un Goberno central.

Ademais, na emenda hoxe do Partido Socialista, podemos ver que recoñecen que hai que cumprir toda a lei. Se foi un decreto ou unha iniciativa con ao mellor algunha intención electoralista, é verdade que tivo resultado, tivo bo resultado, e agora o que necesitamos é que o señor Sánchez e o Goberno socialista non lles falle aos galegos e ás galegas.

O que teremos que saber —insisto— sobre a modificación do Regulamento de costas é, primeiro, se o Goberno sabe que esta modificación afecta varias empresas e non só é para falar dunha ampliación ou da concesión da factoría Ence. Temos que saber tamén que a modificación do Regulamento debe ser acorde coa Lei de costas, de 2013, nunca ir en contra dela. Polo que temos visto ata o de agora, non se axusta, e, polo tanto, solicitamos que se retire esa modificación que se está tramitando, e, ademais, necesitamos saber que se faga e que van cumprir que se faga seguindo os trámites axeitados, dando posibilidades aos afectados, aos interesados, a facer as súas manifestacións, a facer as súas alegacións nos prazos que establece a lei.

Nós cremos que isto se fixo —e cando presentamos esta iniciativa, ademais, con certa alarma— pola porta de atrás e que foi unha manobra —insisto— nun momento dun período electoral. Creo que foron dez meses de goberno do Partido Socialista preparando unha campaña para as xerais que saíu ben, pero foron dez meses preparando unha campaña con decretos que en moitos casos afectaban de maneira moi negativa e prexudicaban a Galicia, e



esperemos que a partir de hoxe poidamos ver outros horizontes e as cousas se fagan como merecen os galegos.

É unha situación moi grave, é unha situación moi grave, porque —insisto— esta modificación urxente no Regulamento de costas afecta un montón de empresas e pode acabar prexudicando traballadores e moitos postos de traballo.

O Goberno do Estado tentou ou tenta vestir de amparo legal unhas decisións que, como dixen antes, falan dos procedementos abertos, como pode ser por exemplo a ampliación da concesión de Ence, pero insisto en que iso ten que ter unha base legal, e, ademais, afecta outro tipo de empresas, outro tipo de instalacións que están no territorio marítimo-terrestre e que, polo tanto, non soamente están relacionados con esa factoría.

Esa prórroga de Ence cómpre lembrar que foi concedida no ano 2016, que contaba co amparo legal do artigo 2 da Lei de costas e con todos os informes necesarios e os avais medioambientais, por se houbera algunha dúbida.

Nós tamén pedimos que o Goberno de Sánchez escoite os traballadores de Ence, que estiveron ademais en Ferraz intentando falar co Partido Socialista e pedíndolles que teñan en consideración a importancia que ten esa factoría en Galicia.

O que fixo e fará este goberno, porque pensamos que seguirá a mesma liña, é unha interpretación interesada da normativa de costas, que a toda velocidade intentaba dar cobertura a esa decisión totalmente inxustificada. O Goberno iniciou rapidamente a tramitación dunha modificación sen contar coas comunidades autónomas, contravindo unha normativa de rango de lei, só para xustificar unha postura —insisto— sobre o allanamento de Ence. De feito, ademais, iso fíxose o 19 de marzo deste mesmo ano, é dicir, xusto cinco días despois de facerse pública a decisión con respecto á concesión da pasteira.

Polo tanto, isto ten moito de relación con esa factoría, pero eu creo que non calibraron as consecuencias que podería ter en Galicia. Xerou unha completa inseguridade xurídica, xa que os afectados están a expensas de cambios arbitrarios na lexislación que poidan poñer en risco a súa actividade.

A modificación do Regulamento fíxose en base a un informe da Avogacía do Estado, pero sen un fundamento normativo, porque se pretende de forma exprés aprobar esa modificación do Regulamento de costas, no que ningunha prórroga extraordinaria poida exceder setenta e cinco anos, incluíndo o tempo de concesión, é dicir, ningunha prórroga extraordinaria poida beneficiar instalacións que poidan ubicarse fóra do dominio público marítimo-terrestre.

Se excluímos disto ou se deixamos de pensar en Ence, teñen que pensar vostedes en todo o que pode afectar. É dicir, neste caso fíxose un estudo (*Murmurios*.) —claro que o vou dicir, vouno dicir porque teño datos— moi claro por parte da Xunta de Galicia, polo Instituto de Estudos do Territorio, no que se identifica que en Galicia existen preto de cinco mil edificacións —concretamente, 4.934 edificacións— que están íntegra ou parcialmente en zona de



dominio público marítimo-terrestre, entre as que se atopan empresas, depuradoras, escolas infantís e incluso algún centro de saúde.

Polo tanto, isto é o número de empresas que están, pero o impacto sería moi importante no tecido económico, como dixen antes. Podería acabar afectando os postos de traballo que afectan ademais máis de cen empresas vinculadas á cadea mar-industria.

Polo tanto, eu creo que isto ten que ter certa responsabilidade, e nós sabemos que vostedes estarán de acordo en que facer esa modificación sen cumprir exactamente os trámites e ademais estar sometidos á lei pois non é de recibo por ningún goberno, e, ademais, afecta directamente a Galicia.

Nós entendemos que esta modificación resulta contraria á Lei 2/2013, que non interpreta correctamente o Ditame do Consello de Estado, que non interpreta correctamente a Sentenza do Tribunal Constitucional sobre a Lei 2/2013, e que implica un cambio arbitrario e contrario á seguridade xurídica no criterio legal que viña mantendo ata agora o Executivo central. Polo tanto, nós cremos que —se me permiten a expresión— fixeron unha trapallada. Fixeron unha trapallada para ter un discurso de cara ás eleccións con respecto a Ence, pero —insisto— fíxense vostedes en todo o que pode afectar esta modificación da Lei de costas en Galicia, porque saberán que temos 2.500 quilómetros de costas e, polo tanto, é importante.

Bueno, Sánchez estivo de costas a Galicia sempre, esperemos que hoxe teña outro talante —insisto— co respaldo dos galegos para o Partido Socialista. Non lles fallen aos galegos, señoras deputadas e deputados do Partido Socialista.

Polo tanto, ¿que pasaría se se fai tal e como está previsto ese trámite? O prazo máximo — como dixen — da duración de concesións quedaría nun máximo de setenta e cinco anos, incluídas as prórrogas, polo tanto —xa a Xunta de Galicia o dixo—, ese prazo non debería incluír a concesión, senón unicamente as prórrogas, pois do contrario poría en risco todas as planificacións ou toda a viabilidade das empresas que deseñaron os seus proxectos a futuro previstos neses prazos.

Revisaríanse novamente os requisitos cumpridos para o outorgamento de concesión cando se teña que decidir sobre a prórroga, e isto complicaría o futuro de numerosas instalacións en documentación, en tempo e en gastos necesarios para renovar ou ampliar esas concesións.

Polo tanto, establécese a obriga de derivar fóra da zona de dominio público marítimo-terrestre as actividades que poidan desenvolverse noutro lugar.

Eu insisto en que está xa feito polo Instituto de Estudos do Territorio e que isto afectaría a preto de cinco mil instalacións en Galicia, moitas delas, ademais, vencelladas á cadea mar-industria e, polo tanto, postos de traballo de galegos e galegas.

O traballo do Goberno da Xunta foi totalmente transparente, vostedes xa o coñecen. Unha directora xeral veu contestar aquí unha pregunta. A Xunta intentou poñerse en contacto co secretario de Estado, intentou poñerse en contacto coa ministra de Transición Ecolóxica,



pero nada fixeron; o non por resposta, o silencio absoluto. Nós esperamos que con esta PNL poida saír de aquí unha decisión unánime do Parlamento de Galicia para non prexudicar directamente a Galicia con esta modificación que pretenden facer.

Señoras deputadas e deputados de Galicia, sobre todo do Partido Socialista, estamos ante un cambio arbitrario que crea inseguridade xurídica. Vai en contra da Lei de costas do 2013, vixente actualmente. Unha decisión que só se explica pola época electoral, pero que hoxe poden emendar e podemos chegar a un acordo para que as cousas se fagan ben. Estamos ante un claro exemplo de deslealdade institucional e dunha política totalmente arbitraria. Polo tanto, consideramos que non se pode gobernar baixo ese criterio electoral. Se teñen catro anos vista e chegan a acordos con outros partidos, entón terán que olvidar o golpe de decretazo e intentar solucionar isto, porque foron dez meses preparando unhas eleccións, pero a partir de agora hai outro rumbo, outro goberno, e poderemos chegar a un acordo para que esas cousas se poidan facer ben e non afecten tanto os postos de traballo dos galegos e das galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Señora Egerique, unha trapallada foi o que pasou coa valedora nestes últimos meses. Unha trapallada que nos dá vergonza a todas as galegas e a todos os galegos, e que vostedes respaldan. ¡Iso si que é unha trapallada, e non isto que imos debater hoxe!

Curiosamente, é unha proposición non de lei urxente que se rexistrou o día 10 de abril deste ano. ¡Home!, a carta das conselleiras do Mar e de Medio Ambiente mándase ao Ministerio ao día seguinte. Están vostedes máis preocupados por esta cuestión como grupo parlamentario que o propio Goberno de Galicia, porque a carta que se remite ao ministerio é posterior á súa proposición non de lei. Vese que non había tanta urxencia por parte do Goberno. E, por certo, está respostada o día 26 de abril, está aquí a resposta. Non sei se é que vostede non falou con ningunha das dúas conselleiras —pode ser, non o sabemos—, porque están vostedes moi despistados despois do que ocorreu o domingo, e están vostedes tan, tan, tan fóra do sitio que, probablemente, vostede non tivese tempo de falar con ningunha das dúas conselleiras, que, por certo, estiveron aquí esta mesma mañá e poderíanlle ter dito que se lles contestou por parte do secretario de Medio Ambiente o día 26 deste mes. Hoxe é día 30, señora Egerique.

Esta iniciativa non foi máis que para xerar ruído e meter medo ao sector en período electoral. Para iso foi a urxencia desta iniciativa, (*Aplausos.*) e para nada máis. Só a podemos entender neste contexto.

Supón —para que o entendamos todos— ir contra dun borrador de reforma dun regulamento, o Regulamento xeral de costas do ano 2014. Nós, efectivamente, na nosa emenda



pedimos que se respecte o principio de xerarquía normativa, por iso da lei e da legalidade. Non é que non sexa conforme á legalidade, é que todos os regulamentos, tamén os do Goberno de Galicia, teñen que ser correspondentes coas leis que os amparan. Iso é o primeiro. En segundo lugar, que sexa transparente. E, en terceiro lugar, que siga abrindo un proceso de participación. Iso é o que dicimos na nosa emenda.

Señora Egerique, é curioso que nos veña falar vostede de transparencia cando —e vou falar dun exemplo da miña comisión e dun exemplo desta mesma mañá na Xunta de Portavoces— o Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015, que aínda está sen executar nun 30 %, nunca se publicou oficialmente e, polo tanto nunca se lle puideron facer alegacións oficiais por parte de ninguén. Iso é transparencia total por parte do seu goberno. E hoxe mesmo, vostedes, con ese afán de participación de todo o mundo, incluídos os grupos parlamentarios, trouxeron á Xunta de Portavoces un proxecto de lei de suplemento de crédito, no procedemento de lectura única, sen posibilidade de que se faga ningún tipo de emendas por parte dos grupos parlamentarios. ¡Viva a participación! (*Aplausos.*)

Claro, é que para vir aquí dar leccións, un ten que mirar cara adentro, que vai ser o que lles vai tocar a vostedes no Congreso dos Deputados e no Senado a partir de agora durante estes catro anos.

Piden vostedes un informe exhaustivo sobre todas as concesións. ¿Para que, se nos acaba de dicir vostede que hai cinco mil instalacións afectadas porque hai un informe —un estudo dixo vostede— do Instituto de Estudos do Territorio? ¿Para que necesitan vostedes un informe se xa teñen vostedes un estudo? E á parte é mentira. É mentira. Os datos que vostede dá son mentira. Primeiro, non afecta á acuicultura, non é certo; nin aos portos, nin á acuicultura, nin ás salinas, nin á navegación, a ningunha desas actividades. Voulle explicar por que.

Primeiro, porque hai unha lei, que é a Lei de pesca de Galicia, do ano 2008, que establece para as instalacións de acuicultura un prazo de concesións de dez anos, que se pode prorrogar por outros cincuenta anos máis, que prevalece sobre o que di a Lei de costas, e que ademais, no caso de que remate a concesión, se pode pedir unha nova concesión, porque necesariamente esas actividades téñense que desenvolver na costa, non como Ence, por exemplo; necesariamente non se poden trasladar de ubicación.

Ademais, ademais... (*Murmurios.*) Presidente, a min gustaríame que alguén deixase de falar tanto, porque nin sequera me escoito a min mesma. Non sei se é que a señora deputada quere saír aquí e falar ela por min, porque levo toda a iniciativa cun rum, rum, rum por detrás que, de verdade, molesta bastante. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, eu calo, se é necesario, e xa está.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ¡Claro! Eu non sei se é que están especialmente nerviosos ou nerviosas. Ourense foi moi mal, ao mellor tamén é por iso, non o sei. É que... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.



A señora VILÁN LORENZO: Pois si, jaínda hai máis que dicir!

Con relación aos cánones das instalacións de acuicultura, non afectan tampouco. Para o cálculo do canon para cultivos mariños esta modificación tampouco afecta, porque non se modifica en ningún caso o artigo 181.4 do Regulamento xeral de costas, señora Egerique. Hai que ver a que si afecta. A reforma afecta, en concreto, a trescentas noventa e catro instalacións con concesión exclusivamente, que se poden prorrogar con arreglo á Lei de costas do ano 2013, que, por certo, foi unha lei de costas aprobada polo señor Mariano Rajoy Brey cando era presidente do Goberno.

Só afecta a trescentas noventa e catro. Cento trinta e cinco xa non pediron prórroga, así que a esas xa non lles afecta porque non quixeron; e das outras, hai cento setenta e catro que aínda teñen prazo para solicitala, polo tanto, de momento non poden estar preocupadas de nada. Hai oitenta e cinco que solicitaron prórroga, e, dentro desas oitenta e cinco...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—vou rematando—, hai vinte e nove que teñen problemas, e son os que se están a ver, non esas cinco mil que vostede nos acaba de dicir. De verdade, é moi triste que utilicen vostedes, igual que a valedora, o Instituto de Estudos do Territorio para facer o traballo. É ben triste.

Este borrador do regulamento tense que adecuar á Lei de costas. Precisamente por iso se está a modificar, porque o dixo Romay Beccaría, presidente do Consello do Estado, en setembro do 2014. O regulamento é de outubro, non de setembro. E nós tamén pedimos máis participación e que —remato xa— se abra un novo prazo como consecuencia das alegacións.

Agardamos que o novo goberno poida seguir facendo o seu traballo.

Moitas grazas. Non mintan e non fagan ruído mentindo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán. Rematou o seu tempo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará. (*Murmurios.*)

Señor Bará, cando queira, ten vostede a palabra.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Tranquilidade. (*Murmurios continuados.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Bo día. Grazas, presidente.

Ao Partido Popular vézelle claramente o plumeiro, porque esta iniciativa ten unha intención aparente, que é o Regulamento da Lei de costas, pero ten outra real, de verdade, que é Ence, defender os intereses de Ence, que é o que levan facendo vostedes todo este tempo.



Claro, parece evidente, por razóns de seguridade xurídica, facer unha reforma do Regulamento de costas, porque así o di a Avogacía do Estado, porque así o di tamén o informe do Consello de Estado, a sentenza do Tribunal Constitucional, sentenzas do Supremo: que hai incoherencias e incongruencias entre o regulamento e a lexislación, a Lei de costas e tamén a Lei de patrimonio do Estado.

Entón, iso é indiscutible, entendemos dende o BNG. Outra cousa é que nós tamén defendemos que se debe de facer con todas as garantías, cos prazos, coa transparencia, coa participación máxima, e non estamos de acordo co procedemento de urxencia que seguiu o Goberno central. Pero, dito isto, o que temos que dicir é que o Partido Popular leva semanas facendo unha burda campaña de mentiras e de manipulación a este respecto, incluíndo reunións de dúas conselleiras coa Fegamp. Bueno, coa Fegamp non porque se reuniron co vicepresidente da Fegamp, do Partido Popular. Debeu ser que nin sequera conseguiron ter unha reunión coa directiva da Fegamp e tiveron que reunirse co alcalde de Cervo, do Partido Popular, aparentando que era unha reunión coa Fegamp. E aí é onde sementaron todo este alarmismo, todo o confusionismo desas cinco mil edificacións, que é unha mentira e unha burda manipulación. Hai que ser serios e rigorosos. Non vale todo para defender os intereses de Ence, señora Egerique.

Falan vostedes de colexios e de centros de saúde. Mire, os colexios e centros de saúde, se hai que cambialos de sitio, cámbianse de sitio, ¿que problema hai con iso? ¿Teñen que estar necesariamente en terreos de dominio público? ¿Onde se dixo iso? Non poden estar porque poden ter outra ubicación. Non se van pechar. Ou, se non, hai que desafectar eses terreos do dominio público, que xa se fixo moitas veces.

Fala vostede de afectación —dixéronllo as conselleiras— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) de tres mil cincocentas explotacións de acuicultura e de parques de cultivo. O perigo para a acuicultura e para os parques de cultivo non é o Regulamento da Lei de costas, senón que é unha lei de acuicultura que ten gardada o Partido Popular nun caixón e que aínda non retirou, que é unha ameaza para a acuicultura tradicional galega e que foi retirada por unha mobilización masiva.

O que constitúe un perigo e unha ameaza para as bateas e os parques de cultivo é a situación de contaminación das rías e a ameaza de explotacións mineiras, como hai na ría de Arousa ou na ría de Noia. O que constitúe unha ameaza é a permanencia de Ence na ría de Pontevedra; iso é unha ameaza para a acuicultura, para a pesca e para o marisqueo. O que constitúe unha ameaza é que o Partido Popular actúe ao servizo dos grandes intereses económicos das empresas do Ibex e das portas xiratorias e que pretendan ocupar ilegalmente 3.000 metros de terreos de dominio público gañados ao mar. Iso é unha ameaza para a ría, é unha ameaza para a saúde e é, sobre todo, unha ameaza para a democracia, señoras e señores do Partido Popular.

E falando de democracia, vostedes converteron as eleccións do pasado domingo nunha especie de plebiscito sobre a continuidade de Ence na ría. Montaron unha campaña de insidias, de mentiras e de coaccións. Unha campaña, por certo, financiada por Ence e executada polo brazo sindical que teñen vostedes e mais a empresa, con ataques a sedes de partidos políticos



e candidaturas democráticas; ataques, ameazas e coaccións a candidaturas democráticas e ameazas a unha candidata e unha compañeira, unha concelleira do BNG do Concello de Pontevedra como Carme da Silva. E incluso con intento de sabotaxe de competicións deportivas internacionais en Pontevedra.

E o que lles dicimos claramente, para que o teñan claro, é que non nos van intimidar con estas ameazas e con estas coaccións, Non nos van amedrentar e imos seguir defendendo o interese público. Exixímoslle aquí, no Parlamento, unha condena pública en sede parlamentaria destas prácticas mafiosas, que non se poden chamar doutro xeito. Si, son prácticas mafiosas poñerlle dianas diante da porta a unha concelleira do BNG. Iso son prácticas mafiosas e nós non o imos consentir. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E o Partido Popular, encabezado polo señor Rueda, botaron o resto o pasado venres 26, acudindo á manifestación que tivo lugar en Pontevedra, e levaron un monumental batacazo na comarca de Pontevedra, que lle dixo masivamente non, que non quere ao Partido Popular. E isto é só un anticipo do que vai pasar o próximo 26 de maio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Con esta iniciativa —xa o dixo o señor Bará— non enganan vostedes a ninguén. Veñen vostedes aquí intentando xerar alarmismo, pero o que agocha esta iniciativa, como tantas actuacións e tantas iniciativas que fixo o Partido Popular, é a defensa dos beneficios dos propietarios de Ence.

Non sorprenden a ninguén, é outra iniciativa máis da utilización do Partido Popular das institucións para favorecer as súas empresas amigas e para favorecer as elites económicas. É outra actuación máis do Partido Popular de utilizar as institucións para defender os intereses dos propietarios de Ence e dos seus compañeiros do Partido Popular no consello de administración de Ence.

Non puideron firmar a iniciativa os verdadeiros autores porque xa non son deputadas. Podería aclarar se esta iniciativa a redactou a señora Isabel Tocino, exministra de Medio Ambiente do Partido Popular, fundamental no proceso privatizador de Ence, que agora está no consello de administración de Ence cobrando 100.000 euros ao ano, ou se esa iniciativa a redactou o señor Carlos del Álamo, exdirector xeral de Montes, exconselleiro de Medio Ambiente no Parlamento de Galicia do Partido Popular; unhas funcións tremendamente importantes e necesarias nos inmensos beneficios de Ence que agora tamén forma parte do consello de administración da empresa, cobrando 50.000 euros ao ano a través desta trama de portas xiratorias do Partido Popular con Ence.



É bo recordar, cando falamos da privatización de Ence, que se fai cunha data concreta de finalización e se fai cun prezo, que é para rematar no 2018. Sabíano os propietarios da empresa, sabíano a Administración, ata que o señor M. Rajoy decidiu facer unha prórroga irregular, cun goberno en funcións, que converteu esa privatización nun dos maiores pelotazos de corrupción de Galicia, regalando por sesenta anos máis a unha empresa, sen ningún tipo de proceso competitivo, a permanencia no espazo marítimo-terrestre. A custo cero e sen ningún tipo de contraprestación para a empresa para garantir os postos de traballo, o que demostra que ao Partido Popular lle dan absolutamente igual os postos de traballo. Conceden sesenta anos máis de prórroga sen ningún tipo de obriga ou compromiso por parte da empresa para manter os postos de traballo, obtendo inmensos beneficios, o que permitiu que, unha vez feita esta prórroga, Ence puidese despedir traballadores mentres lle subía o soldo ao consello de administración.

O Partido Popular non dixo nada, pero é que nese consello de administración hai dúas persoas, dous excargos do Partido Popular, dúas persoas moi relevantes no Partido Popular, que votaron despedir traballadores mentres eles se subían o seu soldo. Isto fíxoo o Partido Popular, demostrando que non ten ningún interese na defensa dos traballadores e que o único que lle interesa é o seu propio beneficio e o das empresas amigas.

Neste momento hai un proceso xudicial en marcha. Señoritas e señores do Partido Popular, vístanse vostedes o traxe de constitucionalistas, ese que quitan e poñen en función dos intereses que se defenden, e permitan que a xustiza faga o seu traballo, que a xustiza determine se a prórroga é irregular ou se a prórroga non o é. Non interfiran, e permitan que a xustiza actúe.

Vostedes e Ence están demasiado acostumados a creerse por riba da lei e a mentir. Hai pouco vimos como a conselleira de Medio Ambiente dixo que Ence non contamina. É unha obscenidade de tal nivel que a conselleira de Medio Ambiente vaia aos medios de comunicación a dicir que Ence non contamina, é tal obscenidade, que a deslexitima absolutamente para poder seguir cumprindo coa súa función.

Podemos falar dos parámetros de contaminación, das distintas substancias coas que contaminan. Podemos discutir se están dentro da legalidade ou non, pero dicir que Ence non contamina é de tal obscenidade que o faga a conselleira de Medio Ambiente que debería deixar o seu cargo inmediatamente.

Igual que menten vostedes constantemente cos datos do emprego, utilizando os datos que proporciona a propia empresa. E ¡claro que estamos diante dun problema de seguridade xurídica!, o problema que xeraron vostedes coa modificación da Lei de costas de 2013 e coa prórroga irregular de 2016. Ese problema xurídico xerouno o Partido Popular, e iso é o que pon en risco os postos de traballo. Vostedes incumpriron a súa promesa de traballar no traslado de Ence de 2009 e 2012. Levan dez anos, dende o 2009, no que dixeron que ían traballar no traslado de Ence, e en dez anos non presentaron unha soa proposta enriba da mesa. Deixen de dicir que o traslado é imposible, poñan unha proposta enriba da mesa, póñanse a traballar nunha proposta, porque dependendo dos termos, será posible ou non será posible. Vostedes seguen enganando e seguen mentindo.



Miren, o que precisa a ría de Pontevedra é unha transición ecolóxica sen deixar a ninguén atrás. Hai que recuperar integralmente a ría de Pontevedra. Evidentemente, non só Ence é o problema, pero é un dos problemas fundamentais, e precisamos esa transición ecolóxica sen deixar a ninguén atrás porque é posible recuperar integralmente a ría de Pontevedra, conservar o medio ambiente, defender a saúde e conservar os postos de traballo, o que fai falta é vontade política.

Pola miña banda, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Señor Cal, falou toda a súa intervención de Ence, xa lle dixen eu que isto afecta a unha infraestrutura moito maior que Ence.

Mire, ¿falou vostede cos bateeiros? ¿Sabe vostede que por este decretazo poderíaselle sacar a concesión de novas bateas e poderían quedar en mans non sabemos de quen? Non falou con eles, non está falando e non está no tema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Mire, este procedemento que o Goberno de Sánchez quería levar a cabo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor. Silencio, silencio. *(Murmurios.)* Xa estou mandando calar eu. Moitas grazas. Silencio.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...pola porta de atrás —e agora vou responderlle á señora Vilán— Nós non xeramos alarma, a alarma xerouna o Goberno de Sánchez cando puxo en marcha esta modificación.

Fixérono polo trámite de urxencia, dando só sete días hábiles para presentar alegacións, baixando a dez días naturais o prazo de información pública. Hoxe, na súa emenda, piden que se cumpra escrupulosamente a lei e a Constitución de 1978. Moi ben, a min paréceme moi ben que vostedes tamén queiran emendar un erro do Goberno central. Imos aceptar a súa emenda, se pode ser de engádega e de adición, e non de substitución, porque nós cremos que o informe que pedimos é importante que se faga.

Agora vostede tamén mete a Lei de pesca, un regulamento, quere enredar. Isto está clarísimo, señora Vilán. Isto ten que facerse dentro dos trámites legais, que era o que non se ía facer. Polo tanto, seguro que vostede di aquí que a alarma a xera o Partido Popular presentando a PNL, e nós presentamos a PNL precisamente porque se xerou alarma co establecemento dese decreto. Polo tanto, había alarma social e nós presentamos esta proposición non de lei para defender os intereses dos galegos e das galegas e de todos os traballadores, señor Bará, porque para vostedes hai traballadores de primeira e de segunda, e para nós os traballadores de Ence son traballadores de primeira como todos os traballadores de Galicia.



Tamén teño que facer un inciso aquí, señora Vilán. O Instituto de Estudos do Territorio ten todo o noso respecto, non sei por que vostede ten que cuestionar que lle pidamos a ese instituto que faga o estudo, cando é o máis rigoroso para facelo e o que da os datos máis obxectivos, que son os que expuxen eu aquí na miña primeira intervención.

Señor Bará, eu digo que vostede fala de resultados electorais, pero mire, non sei, non quero eu meter o dedo na *llaga*, pero en Pontevedra tampouco están vostedes para botar foguetes. O que eu me pregunto é se vostede sae de Pontevedra. Porque vostede tamén fala de Ence e leva anos falando desa factoría, desprezando os traballadores de Ence e non doutras empresas de Galicia, e ao mellor non sae dese territorio. Como dixen eu aquí, a costa son dous mil cincocentos quilómetros en Galicia, e este decreto, esta decisión, non afecta soamente a Ence, senón que afecta, como digo, a cetáreas, a empresas da cadea mar-industria, a centros de saúde —si— e a centros escolares. Non, pechamos e cambiamos de sitio, como se puidéramos coller unha grúa e cambialo nun momento. Señor Bará, isto é máis serio do que vostede expuxo aquí e do ton que utilizou.

Polo tanto, nós cremos, ademais, que é necesario e é importante que os conselleiros se reúnan coa Fegamp. Tamén o cuestiona vostede, ¿por que se reúne coa Fegamp? Pois para dar traslado desta información a todos os concellos, porque os concellos da costa de Galicia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...son os máis afectados con este decreto.

Con respecto á emenda, señora Vilán, nós aceptaremos engadirlla ao texto inicial que temos nós, para que poidamos saír —como digo— cun respaldo unánime ou maioritario para presentar no Goberno de España.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e trece deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da solicitude do Goberno galego ao Goberno central dunha resposta inmediata á proposta para a implantación do Estaleiro 4.0 de Navantia Ferrol vinculado ao programa de construción de cinco fragatas F-110

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 49151).*)

Emenda de adición



Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que no ámbito das súas competencias e en colaboración con Navantia desenvolva un plan dotado co orzamento necesario e un calendario con datas concretas, para:

- a) Promover a formación de nova incorporación ao estaleiro; así como a formación FP dual.*
- b) Promover a coordinación entre a empresa principal e as empresas auxiliares para os plans formativos.*
- c) Desenvolvemento do Centro de Innovación e Servizos (CIS A Cabana, Ferrol) asociado ao naval.)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 49151 [10/PNP-003716])

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Dar cumprimento ao punto 1 do artigo 4º da Lei do sector naval de Galiza, que establece que “a Xunta de Galicia negociará co Estado a súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval de Galicia que, pola súa natureza, non poidan ser obxecto de traspaso” para poñer fin á falta de información, coordinación e impulso ao naval galego e comprometerse de forma activa coa busca de carga de traballo suficiente para a ría de Ferrol que permita incrementar a actividade produtiva e o fomento do emprego de calidade.

2. Comprometerse nas negociacións activas para dotar de carga de traballo aos estaleiros de Ferrol e evitar a previsible parada de produción e despedimentos dos anos que percorreren entre a entrega das fragatas australianas e o inicio da construción das españolas.

3. Dirixirse ao goberno central para demandar:

a) un meirande compromiso coa diversificación industrial na comarca de Ferrol, desenvolvendo un programa e calendario de recuperación do mercado naval civil. a) un meirande compromiso coa diversificación industrial na comarca de Ferrol, desenvolvendo un programa e calendario de recuperación do mercado naval civil.

b) que pare de desviar produción para o sur do Estado ao tempo que os estaleiros da ría de Ferrol están próximos a entrar nunha parálise da produción e se comprometa en dotar de carga de traballo para evitar unha crise entre a entrega das fragatas australianas e o inicio da construción das españolas. b) que pare de desviar produción para o sur do Estado ao tempo que os estaleiros da ría de Ferrol están próximos a entrar nunha parálise da produción e se comprometa en dotar de carga de



traballo para evitar unha crise entre a entrega das fragatas australianas e o inicio da construción das españolas.

c) que investigue as causas da demora no encargo da construción das Fragatas F110, remitindo toda a información oportuna á Xunta de Galiza e dando traslado á fiscalía anticorrupción para o estudo das posibles accións que teñan sido constitutivas de delito. c) que investigue as causas da demora no encargo da construción das Fragatas F110, remitindo toda a información oportuna á Xunta de Galiza e dando traslado á fiscalía anticorrupción para o estudo das posibles accións que teñan sido constitutivas de delito.

d) o compromiso nos vindeiros exercicios orzamentarios das contías suficientes para a implantación do estaleiro 4.º en Ferrol, axilizando ao máximo os seus prazos para garantir que se situará a Navantia na vangarda tecnolóxica do sector naval. Para isto, deberá comprometerse un incremento considerable dos fondos e da porcentaxe do PIB.”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición ten a palabra o señor Tello Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Máis alá do calendario electoral que estamos a vivir, dende este grupo parlamentario temos sido especialmente críticos co Goberno de Pedro Sánchez dende o convencemento de que este Executivo non está a ser beneficioso nin para a economía, nin para o emprego, nin para a actividade industrial da nosa comunidade. Aí están os conflitos abertos coas industrias electrointensivas, coas centrais térmicas, coa industria da automoción e tamén co sector naval. E, polo tanto, como voceiro de industria e como ferrolán, podo dicir que seguimos con especial preocupación a evolución das noticias sobre o naval e sobre o proxecto das fragatas F-110 que desenvolveu e impulsou o Goberno de Mariano Rajoy.

Dende a moción de censura, os socialistas tiveron dez meses, ¡dez meses!, parado o proxecto, cando o único que tiñan que facer era aprobar, firmar a orde de execución e empregar uns recursos existentes nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. Concretamente, unha partida de 252 millóns de euros que xa estaban consignados neses orzamentos xerais do Estado, aprobados polo Partido Popular e rexeitados polo Partido Socialista.

O proxecto das fragatas F-110 supón carga de traballo para os estaleiros da ría de Ferrol para sete mil persoas durante os próximos dez anos. Dez meses tivemos que agardar ata que se conseguiu firmar a orde de execución. Podería terse firmado en xullo de 2018, pero o Goberno socialista preferiu deixala nun caixón para firmala dez meses despois, en abril de 2019, en plena precampaña electoral.

A ministra de Defensa aproveitou dúas visitas a Galicia con motivo de actos de partido, do Partido Socialista, para sacar rédito dun proxecto que nin sequera é deles e do que botaron sistematicamente en contra cada vez que tiveron ocasión, rexeitando os orzamentos. A pri-



meira foi en xaneiro, nun acto en Pontevedra, cando se comprometeu a executar dunha vez o proxecto. A segunda foi xa no treito final de campaña, a propia sinatura da orde de execución a uns días das eleccións. Utilización electoral clarísima dun proxecto, e para iso non lles doeron prendas paralizar dez meses esa orde de execución e ter na casa a traballadores do naval, man sobre man, sen poder traballar.

Cremos que o Goberno central debe deixar de ver o naval como unha fonte de golpes de efecto, como unha fonte de propaganda electoral, para traballar realmente no presente e no futuro de Navantia na comarca de Ferrol.

Efectivamente, a orde de execución xa está firmada dende datas recentes, pero agora mesmo non hai garantías de que exista carga de traballo durante o próximo ano. nos estaleiros de Navantia Ferrol, mentres non se empece a cortar chapa para as fragatas. Agora o que vai haber é traballo de enxeñería, pero non traballo nos talleres. Polo tanto, hai traballadores da industria auxiliar que están na casa, sen poder traballar, porque esta orde de execución chega dez meses tarde. Non hai garantías de que exista carga de traballo suficiente para empregar a todos estes traballadores. De feito, a única decisión que adoptou o Goberno socialista vai precisamente na dirección contraria, na dirección de quitarlles carga de traballo aos estaleiros da ría de Ferrol, de quitarlle carga de traballo a Navantia Fene para levala a Cádiz, cunha das plataformas dun parque eólico. Esa foi a única decisión que adoptou o Goberno Socialista.

Por iso, nós cremos que é preciso que o Goberno empece canto antes a desenvolver as infraestruturas necesarias e os procesos produtivos que leven a Navantia a gañar posicións na constitución da fábrica do futuro. O proxecto das fragatas F-110 levaba aparelhada a transformación do estaleiro, a modernización das instalacións do estaleiro de Ferrol, investindo 400 millóns de euros para transformar un estaleiro deseñado e construído no século XVIII e adaptalo ás necesidades e aos requirimentos dos estaleiros do sector naval do século XXI.

Dese proceso de Estaleiro 4.0 nada se sabe e nada fala o Goberno de Pedro Sánchez. Diso vai esta iniciativa, de incorporar ao proxecto das fragatas F-110 os investimentos necesarios para implantar o Estaleiro 4.0, eses 400 millóns de euros que permitirán modernizar e traer ao século XXI un estaleiro que xa foi punteiro no século XVIII.

A implantación deste proxecto é unha das claves de futuro do naval para as próximas décadas: para reforzar a competitividade do estaleiro, dun dos mellores estaleiros do mundo; para potenciar novas liñas de actuación e de diversificación da actividade industrial que se desenvolve nos estaleiros de Navantia-Fene-Ferrol; e para mellorar a eficiencia da actividade e consolidar o liderado internacional dos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol.

O desenvolvemento de procesos técnicos, máis robotizados, sistemas de control dixital, a mellora nos procesos de produción, son fundamentais para que os estaleiros da ría de Ferrol poidan acadar máis contratos nos vindeiros anos.

Dende o Grupo Parlamentario Popular sabemos e somos plenamente conscientes de que a Xunta non ten ningunha dúbida sobre a importancia deste proxecto, e así o demostra coa



súa política de apoio integral ao sector naval en estreita colaboración cos distintos estaleiros, coa industria auxiliar, con outras institucións e, por suposto, cos traballadores do naval. Cremos que nesta cuestión xogan un papel fundamental as unidades mixtas de investigación postas en marcha dende o ano 2014 coa colaboración de Navantia, coa colaboración da Universidade da Coruña e co centro tecnolóxico AIMEN. A súa implicación neste proxecto de definición do Estaleiro 4.0 está a ser fundamental, cun investimento de 7 millóns de euros, e xa produciu grandes avances, como, por exemplo, os avances no deseño, na configuración, do que se denomina buque intelixente.

Esta actividade xa se poderá aplicar ás fragatas F-110, polo tanto, nós cremos que é fundamental que o Goberno, ao mesmo tempo que se aproba —con atraso pero se aproba— a orde de execución das fragatas F-110, comprometa de forma inmediata os 400 millóns de euros que son precisos para desenvolver a modernización das instalacións dos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol.

Hoxe o naval galego, despois de anos de travesía polo deserto causadas, fundamentalmente, polo desleixo ao sector dos gobernos socialistas, vive un bo momento de saúde; un momento de saúde que se pon de manifesto coa carga de traballo e os contratos comprometidos que están enriba da mesa. Pero este bo momento debe ser aproveitado para avanzar, e así como temos chegado xa ao contrato, á firma da orde de execución das fragatas F-110, nós cremos que é fundamental que deste proxecto non se descabalgue o investimento necesario para modernizar o estaleiro que estaba comprometido e que estaba planificado xunto coa orde de execución.

Diso aínda non se falou nada, e nós cremos que é fundamental que este Parlamento lance unha mensaxe clara ao Congreso dos Deputados, unha mensaxe clara ao Goberno de España, porque a orde de execución das fragatas está moi ben, aínda que chega tarde, pero é preciso que esa orde de execución vaia aparelada, vaia acompañada, dese investimento de 400 millóns de euros que permitan modernizar o estaleiro da ría de Ferrol.

Polo tanto, hoxe traemos esta iniciativa para brindarlle ao pleno do Parlamento de Galicia, ao conxunto deste Parlamento, a oportunidade de que apoiemos unha reivindicación da comarca de Ferrolterra, de que apoiemos unha reivindicación da sociedade de Ferrolterra e tamén dun sector estratéxico para a nosa economía, por iso traemos esta proposición non de lei que insta a Xunta de Galicia na súa petición ao Goberno de España dunha resposta inmediata á proposta consensuada para a implantación do Estaleiro 4.0 en Ferrol, vinculado ao programa de construción das cinco fragatas F-110, que suporá a xeración dun número relevante de empregos e que situará a Navantia Fene-Ferrol na vangarda tecnolóxica do sector naval.

Hoxe traemos unha iniciativa para apoiar a comarca de Ferrolterra, para apoiar os traballadores do sector naval e para apoiar unha industria que ten permitido o desenvolvemento dunha comarca como é a de Ferrolterra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.



Ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente. Bo día de novo.

Señor Tellado, dixo vostede que quería unha mensaxe clara do Parlamento. Sobre o papel eu concordo en que sería necesario que, diante da situación que atravesa neste momento o naval ferrolán, enviásemos unha mensaxe clara desde o Parlamento galego. O certo é que vostedes fixeron máis esforzo na redacción da iniciativa, na exposición de motivos, que despois na proposta de acordo.

Nós presentamos unha emenda para melloralala precisamente porque vostedes piden ao Goberno de España unha resposta inmediata. Resposta inmediata parécenos un concepto un pouco amplo de máis. Non sei se é que vostedes tiñan medo de que se cadra tiveran outro resultado electoral e, entón, non fora ser que se puxeran demasiado repugnantes co Goberno de España, pero o certo é que nos parece que queda un pouco escasa a formulación; tamén pola experiencia que nos dá o pasado, con gobernos do Partido Popular e con gobernos tamén do Partido Socialista, onde esa resposta ás veces era inmediata pero negativa para os intereses de Galiza.

Por iso, presentamos unha emenda engadindo unha serie de cuestións, porque, coma sempre, desde o Bloque Nacionalista Galego exiximos a mesma responsabilidade por parte do Goberno de Madrid, estea quen estea, e a todas as partes implicadas. Polo tanto, entendemos que hai que exixir que o Goberno central estea a altura, pero hai que lle exixir tamén algo á Xunta de Galicia, porque, lendo a exposición de motivos da súa iniciativa, parece que vostedes fixeron absolutamente todo. Falou dun momento excepcional, logo falou dunha travesía do deserto, non sei a travesía do deserto era só o Goberno de Rajoy e non o Goberno de Núñez Feijóo, pero, en fin, nós entendemos que a Xunta de Galicia tamén ten que facer valer o seu papel, por iso insistimos no cumprimento da lei do naval.

E despois, como nos parece que hai que ir máis alá de que respondan, entendemos que hai que colocar unha serie de exixencias. Primeiro, eu volvo insistir nesta Cámara en que é necesario recordarlle ao Goberno central que hai que levantar o veto que segue existindo de facto á construción civil, porque o futuro pasa pola diversificación. Polo tanto, alén dos encargos militares, hai mais vida, e é preciso construción civil, é preciso reparacións, é preciso seguir no mercado eólico e nas turbinas e non renunciar a nada, pero para iso é necesaria tamén unha cuestión que vostede colocou no discurso pero non no acordo da iniciativa, que é poñer freo a esa derivación, que continúa, de carga de traballo para outros puntos do Estado.

Por exemplo, facía vostede mención na iniciativa da importancia estratéxica de Galiza na eólica. Fixo mención aquí tamén na exposición oral. E eu quero recordar que, precisamente, temos que lamentar como unha plataforma flotante para a eólica mariña do contrato de Kincardine, que se tiña que facer en Fene, vaise facer no sur. Realmente, que se desvíe unha de cinco plataformas para Puerto Real, a nós parécenos unha mala noticia. E tamén creo que sería importante que nisto enviáramos unha mensaxe importante, porque esta é unha cues-



tión que nos preocupa, visto que non é algo que aconteza só con este exemplo que acabo de poñer, senón que poderíamos seguir citando outros.

Polo tanto, nós entendemos que demandar que isto non aconteza, e tamén demandar carga de traballo, é algo fundamental. Precisamente, reivindicando carga de traballo saían os traballadores e traballadoras, tanto de Navantia como das auxiliares, o pasado xoves, o pasado 25 de abril. Esta é unha cuestión que preocupa de forma importante, precisamente porque vostede aquí, señor Tellado, sacou moito o peito das fragatas F-110 e dos atrasos do Partido Socialista en dez meses, e a nós iso parécenos moi ben, pero pareceríanos mellor que non tivera memoria selectiva e recordara tamén cal é a achega do Partido Popular ás fragatas F-110: un atraso de dous anos para favorecer os intereses do señor Morenés e, por riba, a letra pequena das F-110 o que nos di é que ata dentro duns anos non vai empezar esa carga de traballo; polo tanto, estamos diante de dous ou incluso de tres anos de incerteza nos que é posible que haxa despedimentos, tanto na matriz como nas auxiliares, e iso é unha irresponsabilidade dos gobernos centrais anteriores.

Por último, tamén insistimos nunha cuestión que nos parece importante, que é a modernización destes estaleiros. Nós entendemos que o debate non é ese pim pam pum que está a haber entre Partido Popular e Partido Socialista de se vai ligado ou non vai ligado, e como, ás F-110, senón que o que ten que haber é un compromiso orzamentario firme, e non unha xustificación, que pode vir tamén por parte do Goberno central, de que como ata dentro de dous anos isto non se verifica, imos atrasar isto. Desde logo, nós exiximos que eses investimentos se poñan en marcha de forma inmediata e quixeramos que esta iniciativa medrara en ambición, pero, desde logo, non nos imos opoñer a que iso se exixa, porque...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate. Por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... entendemos que é fundamental para modernizar unhas instalacións que están obsoletas e sen cuxa modernización, desde logo, vai ser difícil competir.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Dámoslles a benvida aos alumnos de 5º e 6º de primaria do CEIP A Doblada, de Vigo.

Ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señor Tellado, vostede dicía na súa primeira intervención que estas fragatas foron prometidas, firmada a orde de execución, en campaña electoral. Non sei se recorda cando o presi-



dente da Xunta, nas eleccións autonómicas, tamén saía prometendo floteis e barcos que estaban inundando... *(Aplausos.)* Agora mesmo, o Goberno de España, un goberno socialista, acaba de aprobar o maior contrato —repito, o maior contrato— que se fixo nunca entre o Ministerio de Defensa e a empresa Navantia. Estoume referindo ao contrato de construción das fragatas F-110, que é unha peza fundamental para o futuro dos estaleiros da ría de Ferrol.

O proxecto orzado é de aproximadamente 4.500.000 euros e prevese que xerará entre doce e dezaseis millóns de horas de traballo, cunha ocupación para uns sete mil traballadores e traballadoras, tanto da empresa principal como da empresa auxiliar, durante os próximos dez anos. Este contrato vai axudar a dinamizar a comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

O Goberno do PP, co señor Rajoy á fronte, señor Tellado, estivo gobernando en España durante sete anos, mentres vostedes, aquí en Galicia, calaban. Sen embargo, tras a moción de censura de Pedro Sánchez, hoxe estanlle reclamando ao Goberno de España todo aquilo que vostedes non fixeron en sete anos de goberno.

É verdade que nos orzamentos de 2018 existía unha partida de 250 millóns de euros no Ministerio de Industria para financiar a Navantia na construción das fragatas, pero iso non significa que o contrato puidera firmarse, porque nin sequera estaba aprobado o programa tecnolóxico nin decidido que tipo de mísil ían levar as fragatas.

Ademais, se esperásemos a que rematase o programa contratado cunha multinacional vinculada a altos cargos do anterior Goberno do PP, para investigar se era posible utilizar o seu mísil por ser compatible co resto de sistemas, non poderíamos contratar as fragatas ata o mes de abril de 2020.

O que deben recoñecer desde o PP é que quen deu o impulso ao contrato das fragatas F-110 foi un goberno socialista, porque o Goberno do PP tñíao gardado nun caixón. *(Aplausos.)* Así que, se non fora polo Goberno socialista, teríamos que esperar un ano máis como mínimo, de cumprir a súa palabra, para que o contrato se puxese en marcha. En definitiva, esta iniciativa é unha estratexia do PP de Galicia para ocultar o que non fixeron en sete anos.

En canto ao Plan estratéxico de Navantia, asinado o pasado 20 de decembro do 2018 pola empresa e as federacións sindicais con representación na compañía, co visto e praxe da Sepi e dos ministerios implicados, neste plan para o estaleiro de Ferrol inclúense investimentos moi ambiciosos, entre os que destaca a inmediatez do novo taller de fabricación de subbloques, que vai permitir empezar a aplicar o modelo de Estaleiro 4.0 para a fabricación das fragatas F-110. Este vai ser o taller máis moderno de Navantia, onde se aplicarán as técnicas máis modernas de construción naval; por exemplo, robotización e dixitalización.

Na actualidade xa están iniciados os trámites para obter os correspondentes permisos de impacto ambiental coas autoridades competentes e os estudos necesarios para iniciar o proxecto do novo taller de fabricación, xunto coas aprobacións pertinentes. O que ten que facer o señor Feijóo, por outro lado, é encargarse das súas competencias, preocuparse de apostar máis decididamente pola formación de traballadores e traballadoras que se van ter que in-



corporar a Navantia e á industria auxiliar, impulsando a FP dual, financiando o campus universitario da universidade en Ferrol e impulsando o Centro Tecnolóxico do CIS da Cabana.

Para que a Xunta cumpra a súas competencias, presentamos unha emenda de adición: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que no ámbito das súas competencias, e en colaboración con Navantia, desenvolva un plan suficientemente dotado orzamentariamente e cun calendario para promover a formación de nova incorporación ao Estaleiro 4.0 como a FP dual; promover a coordinación entre a empresa principal e as súas empresas auxiliares para os plans formativos; desenvolvemento do Centro de Innovación e Servizos, CIS, A Cabana».

En caso de que non nos acepten a nosa emenda, nós imos a votar a favor desta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pérez Seco.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Outra vez co caso de Navantia. Este asunto evidencia o imprescindible de que Galicia teña voz propia na gobernabilidade do Estado. No ano 2014 comezaron os estudos para desenvolver o plan industrial de Navantia, e ¿que se fixo nos catro anos do Goberno do señor Rajoy e nos dez meses de Goberno do señor Sánchez? Nada, ¡folletos! Moito folleto, si, con moita ilustración feita en 3D, pero nin un peso para desenvolvelo, esa é a realidade.

O plan industrial de Navantia segue sendo un papel, non hai planificación orzamentaria para poñelo en marcha. Ata o ano 2018 era responsabilidade do Partido Popular, pero agora é responsabilidade do Partido Socialista. Hai que saber cal é o orzamento para desenvolver todos eses proxectos, de onde vai saír, como se vai programar, como se vai calendarizar. Iso é imprescindible para que de verdade haxa seguridade.

A finais de 2016 as fragatas F-110 xa estaban listas para ser postas en marcha, pero o PP o paralizou dous anos, xa sabemos por que. Non vou incidir porque xa o dixemos moitas veces.

Posteriormente, o señor Sánchez tampouco foi o áxil que debía de ser, porque o proxecto seguía estando listo, pero ¡que casualidade!, tardou dez meses en sacar a noticia da posta en marcha. ¡Que casualidade, uns días antes das eleccións!

E agora o Partido Popular nos presenta unha PNL que a verdade parece un canto ao sol. Parece outra vez inhibirse e tentar que a responsabilidade de que Navantia non progrese sexa doutros, e con iso xa quedan tranquilos.

É evidente que o que pide o Partido Popular na súa PNL hai que solicitalo ao Estado, é evidente, pero hai que ir moito máis alá. A verdade é que é unha proposta excesivamente cativa. Parece que o Partido Popular xa non goberna en Galicia, parece que xa teñen asumido que o



ano que vén xa non van estar no Goberno, porque non fan ningunha proposta proactiva no que a Xunta ten competencias.

No que respecta ás competencias estatais, evidentemente hai que instar os ministerios de Industria e de Defensa a que busquen alternativas inmediatas para os dous anos nos que realmente o estaleiro vai estar parado, porque as fragatas F-110, como pronto, ata finais do 2021 vai ser difícil que realmente soporten carga de traballo importante.

Tamén hai que instar a dirección da Sepi e de Navantia a que planifiquen as saídas e entradas de novo persoal, porque, a verdade, polas conversas que temos con todos os traballadores que tivemos oportunidade, non entenden que se estea marchando xente cunha enorme experiencia e que vaian entrar centos de novas persoas no estaleiro sen que haxa solapamento de transferencia de coñecemento. É verdadeiramente sorprendente.

Hai un tema clave no desenvolvemento do Estaleiro 4.0, que é o dique seco. Eu non sei se alguén viu un dique seco para poder facer grandes construcións navais, pero é un tinglado moi considerable que vai requirir un informe de impacto ambiental verdadeiramente complexo e que non vai levar catro meses facelo. Sen embargo, non parece que a Xunta de Galicia estea movéndose para dinamizar ese estudo de impacto ambiental.

E xa digo, teñan en conta que o dique seco vai ser unha nave de fabricación —que é o novo formato dos estaleiros— de case 350 metros de longo, por 60 ou 70 metros de largo e 60 ou 70 metros de alto, ademais dos canais de saída. Iso, evidentemente, ten unhas implicacións ambientais que van requirir moito tempo desenvolvealas.

Señores do Partido Popular, póñano en marcha xa, que non veñamos dentro de dous anos, xa con outro goberno na Xunta de Galicia, a que nos boten a culpa de que o taller do dique seco non estea activo.

Despois fai falta financiamento para todo isto. ¿Onde está a planificación diso? Señores do Partido Socialista, ¿onde está a programación deses financiamentos?

A Xunta de Galicia, efectivamente, está colaborando con 7 millóns de euros coas universidades para desenvolver proxectos de I+D+i, pero é que son necesarios moitísimos máis cartos. ¿Como poden ir 150 millóns de euros para Rozas e 7 millóns de euros para Navantia? ¿Pero é que ten sentido? Evidentemente, a mobilidade autónoma ten futuro, pero o estaleiro ten presente, ¡miles de presentes! A realidade —comprobámolo hai unha semana, cando estivemos de novo no estaleiro— é que todo o que se está a desenvolver de eólica mariña é con patentes de terceiros. Navantia non ten ningunha patente. Está alugando solares e unha parte pequena do persoal. Practicamente todo o persoal vén de fóra. Iso si, cunha participación importante tamén das industrias auxiliares.

Pero, señor Tellado, ante a afirmación aquela que lle fixo tanta graza de que había catorce persoas de persoal propio de Navantia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor CASAL VIDAL: ...traballando nos *jackets*, dixeron que fora moi optimista eu. Volve-ronme repetir: «Fuches moi optimista.»

¿E que hai que desenvolver? Navantia ten un taller de turbinas dos máis desenvoltos do mundo, que non é para facer *jackets*, é para facer as multiplicadoras, as turbinas, as pas; pódíase facer alí a construción integral dos parques de eólica mariña. Para iso é para o que fan falta cartos, para que de verdade o estaleiro teña outra vía de desenvolvemento, ademais da construción naval. Iso require cartos, e 7 millóns de euros, comparados cos 150 millóns de euros dun parque de drones que xa sabemos por que empresas está desenvolto... ¡a verdade, non sei cal é o interese!

É verdadeiramente incomprendible, señores do Partido Popular. Recapaciten e doten de máis orzamentos en I+D+i o naval, a agroalimentación e o automóbil, ¡e moito mellor nos iría!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Comezarei referíndome ás emendas para non esquecerme, e logo respostarei a moitas cuestións que son francamente sorprendentes.

Sobre a emenda do Bloque Nacionalista Galego, incorporamos todo o que se nos propón, agás o punto 3.c).

Sobre a emenda do Partido Socialista, señor Pérez Seco, é que todo o que vostede pide xa se está facendo, polo tanto, non nos tome o pelo. A Xunta de Galicia está implicada nesta cuestión. A Xunta de Galicia dedica 9,5 millóns de euros á Formación Profesional para o sector naval ata o ano 2020. Ou non saben, ou non se enteran, ou pasaban por aquí. Polo tanto, en fin, comprenda que nós non vaiamos colaborar coa súa estratexia de distracción.

O único certo que hai aquí é que hai un Goberno que, podendo aprobar a orde de execución das fragatas en xullo de 2018, fíxoo en abril de 2019. ¿E por que? ¡Por interese electoralista!

Mire, se estamos falando hoxe de fragatas F-110 é porque dende o ano 2014 o Goberno de Mariano Rajoy desenvolveu este proxecto. ¡Vostedes non fixeron nada! Por non facer, nin sequera aprobaron os orzamentos para desenvolver as fragatas, que os aprobamos nós co seu voto en contra. ¿Pero por que nos toman o pelo?

Sobre o investimento, señora Presas, o certo é que o investimento do Estaleiro 4.0 non pode ir nos orzamentos xerais do Estado, ten que ir dentro do proxecto das fragatas F-110, porque se non sería considerado axudas ilegais do Estado. Polo tanto, do que falamos é de que, dentro do proxecto das fragatas F-110, se contemple o investimento necesario para desenvolver



a modernización das instalacións. Son 400 millóns de euros. Aquí o señor Pérez Seco nos falaba do investimento nun taller. ¿Pero por que nos toman o pelo? ¿Vostede que pensa, que a xente de Ferrol non se dá conta de que nos toman o pelo?

Falaba dende As Mareas de Podemos, ou como se chamen a partir desta tarde, de que hai que saber o que é un dique seco. Mire, señor Casal, en Ferrol hai cinco diques secos, pero do que estamos falando é de facer un dique seco máis grande, para que barcos de maiores dimensións poidan entrar aí. Iso é do que estamos falando.

Estamos falando dun investimento de 400 millóns de euros no Estaleiro 4.0 de Ferrol, na modernización do estaleiro do século XVIII para adaptalo ás necesidades da construción naval do século XXI, e o Partido Socialista di novamente que non, ¡di que non! Aprobáron a orde de execución con dez meses de atraso e din que non. Esa é a realidade.

Señor Pérez Seco, agradecemos a claridade coa que se manifestou e coa que se expresou, pero se hoxe estamos falando de fragatas F-110 é porque un goberno, o de Mariano Rajoy, o do Partido Popular, desenvolveu o traballo de deseño deste proxecto ao longo dos últimos catro anos. Non só desenvolvemos o proxecto, dotamos nos orzamentos xerais do Estado as partidas necesarias para que se puidera firmar unha orde de execución. ¿Vostedes que fixeron? Paralizala. Esa é a súa responsabilidade.

Hoxe hai traballadores do sector naval na ría de Ferrol na casa, sen traballo. ¿Por culpa de quen? Por culpa de que alguén pensou que era mellor gardar o proxecto dez meses e aprobalo en plena campaña electoral para poder ir dopados ás urnas nestas eleccións..., (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...esa é a realidade, esa é a realidade.

Falábanos vostede de utilización dos floteis. Pero ¿como nos toman o pelo? ¿Sabe en que situación atopou o Goberno do Partido Popular o sector naval na ría de Ferrol? Cinco anos sen un só contrato de traballo na última etapa do presidente Rodríguez Zapatero. Polo tanto, os floteis dos que vostede se ri deron traballo e pan a moitas familias de Ferrolterra. Xa están vostedes no mesmo discurso que As Mareas de Podemos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas. Rematou o seu tempo, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que se rían dos floteis, e os floteis deron de comer... (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Rematou o seu tempo, señor Tellado. Xa rematou o seu tempo. Grazas. (*Aplausos.*)

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.



Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga.

Hai unha proposta de transacción que coñecen todos os grupos, polo tanto, votamos esa transacción.

(A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez pide a palabra.)

Si, señora Rodríguez-Vispo, ¿para que quere a palabra? Déanlle voz ao escano da señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Quero pedir a votación separada, por puntos, do punto 2 do apartado A da transacción, se é posible.

O señor PRESIDENTE: Señora Santos, ¿acepta vostede iso? *(Asentimento.)* Grazas.

Entón, votamos en primeiro lugar o punto 2 da transacción, que xa coñecen todos os grupos.

Votamos.

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cota de reserva establecida no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos da transacción.

Votamos.

Votación do texto transaccionado, agás o punto 2, xa votado, da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cota de reserva establecida no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que foi aceptada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández e D. José Manuel Pérez Seco, sobre a modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras coa finalidade de medir a consecución do obxectivo do aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para as e os produtores do leite.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que foi aceptada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos parques empresariais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo..

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños

Acéptanse as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular.

Señora Presas, ¿para que quere a palabra?



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Para a votación, votariamos a emenda de substitución do Grupo Parlamentario Popular, despois o punto 4 orixinal do BNG, e mais a emenda de adición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Entendo que votariamos separadamente a emenda de substitución do Partido Popular, e despois o punto do BNG e do Partido Socialista, que non hai problema en votalo conxuntamente.

O señor PRESIDENTE: Entón, votamos en primeiro lugar a emenda de substitución do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da emenda de substitución do Grupo Parlamentario Popular sobre a Proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización da empresa Unitono en Ourense, que presta servizos para Naturgy.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos o resto que explicou a señora Presas, que é o punto 4 e a emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votamos.

Votación do punto 4 orixinal, xunto coa emenda de adición do G. P. dos Socialistas de Galicia, da Proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización da empresa Unitono en Ourense, que presta servizos para Naturgy.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, na que estaba pendente unha transacción. Non sei se a ten, e nola le.

A señora PRADO CORES: Si, xa a lin na intervención, pero un pouco atropeladamente, hai que recoñecelo.



Quedaría o punto 1 da iniciativa que presentou o BNG coa engádega de: «ou cando menos que se lle exima de entrar en prisión en canto non se resolva a petición de indulto».

O señor PRESIDENTE: Grazas, votamos esa transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa pena imposta na Audiencia Provincial da Coruña a un veciño de Lira (Carnota) por un incidente cun furtivo da comarca.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia que se acepta, e hai unha transacción.

Ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: A iniciativa ten tres parágrafos. Mantemos o 1 e o 2 como están; o 3 modificámolo pola emenda do Partido Socialista; e pedimos a votación por puntos. Votaríamos o 1 e o 3, e o 2 por separado.

O señor PRESIDENTE: Ben, pois todo o que explicou a señora Egerique.

(O señor Bará Torres pide a palabra.)

¿Si, señor Bará?

O señor BARÁ TORRES: Pedimos que se voten todos os puntos por separado.

O señor PRESIDENTE: Señora Egerique, ¿acepta?

Entón, votamos por separado o 1, o 2 e o 3.

Votamos o punto número 1.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 51; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto número 1.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto número 2.

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 14; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto número 2.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto número 3.

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto número 3.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que foi aceptada, agás o punto 3.c), como adición. Agás o punto 3.c). Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e trece deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da solicitude do Goberno galego ao Goberno central dunha resposta inmediata á pro-



posta para a implantación do Estaleiro 4.o de Navantia Ferrol vinculado ao programa de construción de cinco fragatas F-110.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas. Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e dous minutos da tarde e retómase ás catro da tarde

O señor PRESIDENTE: Continuamos a sesión co punto terceiro, que é o de interpelacións.

Interpelación de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Boas tardes, señor conselleiro.

Quería comezar por dicir que actualmente hai tres feitos relevantes que explican parte da natureza do Partido Popular e deste Goberno que están pasando demasiado desapercibidos, para a miña opinión.

Primeiro, o home forte do Partido Popular no rural ata hai ben pouco, o presidente de Xóvenes Agricultores ata hai ben pouco, que durante anos recibiu millonarias subvencións para traballar de recadador de votos do Partido Popular e para poder pasar longas fins de semana no seu iate con altos cargos do Partido Popular, como o señor Rajoy e a señora Ana Pastor, está a ser procesado por un delito de trata de brancas.

Segundo, ditouse hai pouco unha sentenza na que se anulaba a designación da sobriña de Fraga na Valedoría do Pobo porque a valedora incorreu en desviación de poder e arbitrariedade; en román paladino, unha persoa do PP enchufou outra persoa do PP, algo típico.

E, por último, en terceiro lugar, o director xeral de Enerxía e Minas, o señor Tahoces, está imputado por un presunto delito de prevaricación ambiental. Non están mal estes tres feitos coincidindo no tempo. Deus me libre de que nos pasase a nós —e digo a nós, a esta parte do arco parlamentario—. ¡Como estaríamos! Habería que ampliar os telexornais, habería que ampliar as portadas. Pero está visto que os poderes van máis alá do que é un partido político e non tratan a todos por igual. Hai uns que molestamos máis ca outros. Por moita influencia que teñan para ocultar a realidade, a realidade é que esta, a corrupción, é parte do [ADN] (*Expresión retirada do Diario de Sesións por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*) do Partido Popular.



E véñolle falar tamén da minaría e do señor Tahoces, señor conselleiro, pero non vimos falar de procesos xudiciais, que teñen o seu percorrido diferente, vimos falar de política. Porque nós xa pedimos a dimisión do señor Tahoces hai máis dun ano polas súas políticas, non polos seus delitos xudiciais. Vimos para falar de política, das políticas que vostedes realizan como goberno, por exemplo. Por iso non falo de xustiza, señor Prado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque *presunto* en Portugal, *presunto* en Portugal... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Falamos das políticas que vostedes realizan como goberno, que veñen realizando, das políticas que vén realizando o señor Tahoces na Dirección Xeral de Enerxía e Minas, polo modelo que vén defendendo o señor Tahoces durante estes anos na política mineira, por amparar os que contaminan, por amparar que se utilicen os fondos públicos para o negocio de determinadas empresas. O caso de San Fins, polo que está imputado, desgraciadamente non é un feito illado, señor conselleiro, como tampouco son illados os casos de corrupción no Partido Popular.

No caso da minaría é unha norma o que pasa en San Fins. Poderíamos falar de Touro, onde durante décadas, despois do peche da anterior explotación, se contaminou o dominio público sen que a Xunta o frease. Ao contrario, os veciños que levan anos e anos pelexando por defender o seu entorno pódennlle testemuñar como son eles os que son molestos para o alcalde do Partido Popular, son molestos para vostedes. Mentres, o Partido Popular alterna en comilonas coa empresa que contaminaba o dominio público; mentres, o alcalde do Partido Popular de Touro intenta aprobar pelotazos urbanísticos a prol desta empresa.

Poderíamos falar tamén das continuas drenaxes ácidas contaminantes en Santa Comba, en Monte Neme. Poderíamos falar dos informes do Defensor del Pueblo sobre a actuación da Xunta de non cumprir a obriga legal de velar polo cumprimento dos deberes de restauración e conservación das louseiras de Valdeorras. Poderíamos falar da sentenza condenatoria do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que lle dá a razón á veciñanza de Corcoesto despois de cinco anos en que a Xunta de Galicia lle negou o acceso á información sobre a mina de Corcoesto; cinco anos nos que tiveron que pelexar por algo que lles correspondía por dereito —sentenza directamente tamén contra as decisións do señor Tahoces—. Podería falarlle da denuncia que admitiu a ONU polo incumprimento das obrigas de transparencia e acceso á información; é dicir, unha vez máis obstruíndo o labor da sociedade civil en defensa do medio ambiente.

E, por último, poderíamos falar de San Fins, o caso polo que está imputado o señor Tahoces. As dilixencias fiscais que fixo públicas Adegas advertían de catro irregularidades e catro indicios presuntamente delituosos. O primeiro deles é a ausencia dun estudo de impacto ambiental, exixido en 2008 polo Goberno do Bipartito pero non exixido polo señor Tahoces coa chegada do Partido Popular á Xunta, alegando que a explotación non mudara dende 1988. Aprobou a reapertura sen exixir a necesidade de estudo de impacto ambiental, e así o recordaba o fiscal censurando a actitude da Administración e lembrando que desaparece da documentación toda mención ao condicionante do estudo de impacto ambiental.



Poderíamos falar tamén da solicitude que di a Fiscalía para verter un millón de metros cúbicos de augas mineiras sen acompañar instrumento de avaliación e impacto ambiental, aínda sendo obrigado por lei; ou o feito de que durante décadas se estivesen facendo verteduras —recoñecidas pola propia empresa— sen que haxa expedientes sancionadores. Poderíamos tamén recordar que nunca sancionou Augas de Galicia, a pesar de que no dominio público hidráulico desa zona os niveis de contaminación superan en moitos puntos os límites permitidos. E poderíamos explicar como, a pesar de que na explotación había dúas balsas antigas —que unha está colapsada e que pode ser un perigo para o medio ambiente e para as persoas—, ao final seguramente teremos que, con diñeiro público, adecentar e restaurar esas balsas, porque a Xunta lle está facendo o traballo a esa empresa para exonerala desa propiedade.

Todo iso fálaos a Fiscalía, non o fala En Marea. E o malo é que iso non son excepcións, é a norma na Xunta de Galicia, como xa dixen. En San Fins, Santa Comba, Monte Neme, Corcoesto ou Touro hai casos documentados da sistemática actuación de conivencia, complicidade e tolerancia da Xunta de Galicia con este sector mineiro.

Por certo, ¿que máis necesitan para darlle carpetazo ao asunto de Touro? Leva máis de dous anos de tramitación. Despois lereille o artigo 33 da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, para que vostede me conteste. Pero quería preguntarlle: O 21 de febreiro a empresa Cobre San Rafael presentou a petición de suspensión do procedemento de avaliación ambiental por catro meses. ¿Concedéronlle a autorización da suspensión do procedemento? ¿Poderíame contestar a iso? Porque, se non llo concederon, o prazo está esgotado; e, se llo concederon, gustaríanos sabelo.

En definitiva, señor conselleiro, vostede virá aquí a dicir que estamos en contra da minaría, que estamos en contra da economía do país. E é mentira. O que nós cremos é que pode haber economía sen contaminación, pode haber mellora da actividade mineira no respecto ao medio ambiente, incluso na creación de valor engadido, sen necesidade de ameazar o medio ambiente ou a saúde das persoas e dos propios traballadores. E o que non se pode permitir ou pensar é que, para que haxa minaría, ten que haber o que está pasando en San Fins, en Monte Neme, en Santa Comba, etc.

Supoño que vostede debería vir aquí a dicirnos se vai seguir amparando a actuación do señor Tahoces e, se el non dimite, se o vai cesar, se vostedes van cambiar as políticas de tolerancia coa agresión medioambiental e á saúde das persoas, se van seguir pertinaces na defensa dun modelo que, como di a interpelación, crea pouco emprego, crea moitos impactos ambientais, pasivos ambientais, que temos que asumir todas e todos tanto en forma de impactos no medio ambiente, na saúde ou nos presupostos públicos que teñen que ir para facer aquilo que as empresas non fan cando rematan as explotacións; ou se, pola contra, vostede vai amparar o señor Tahoces e vai amparar a súa actuación, e se, polo tanto, a partir de aí vostede asumirá tamén as responsabilidades políticas que lle exiximos ao señor Bernardo Tahoces.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.



Señor Sánchez, hai unha expresión que pode atentar á dignidade dun grupo, que é expresión de que «o PP leva no seu ADN a corrupción». Eu sei o que é o ADN, e creo que moita xente o sabe. Paréceme que é unha expresión pouco decorosa e eu pregúntolle se a pode retirar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Non a retira? Entón, vouna retirar eu e chámoo á orde, consecuentemente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, en fin, eu creo que estas expresións se poderían evitar.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, eu veño aquí cumprir coa miña obriga, e veño cumprir coa miña obriga aplicando dous principios que entendo que son básicos nun parlamento no que estamos representando a todos os galegos: respecto e rigor. E dígolle isto porque vostede na súa linguaxe en ningún momento respectou nin esta Cámara nin o Goberno nin o labor que están desempregando os empregados públicos. E, dende logo, en canto ao rigor, lamento que vostede veña aquí facer análises parciais e xuízos de valor, e, sobre todo, señor presidente, non remitíndose á interpelación. Porque este Goberno dá conta en todos os órganos deste Parlamento de todas as cuestións que se lle plantexan. O propio director xeral tivo ocasión de darlle todo tipo de explicacións na Comisión 6ª. O presidente fixo o mesmo esta mañá e eu veño aquí responder esta tarde unha pregunta sobre a súa intervención; intervención que nada ten que ver coa interpelación que vostede presentou a este Parlamento. Polo tanto, eu pediríalle, primeiro, que respecte as persoas, este Goberno e este Parlamento, e que tamén aplique o rigor non trasladando aquí visións parciais do que vostede considera oportuno, pero, sobre todo, remitíndose a un labor ordenado deste Parlamento. *(Aplausos.)*

Señor Sánchez, esta Administración respecta de forma absolutamente escrupulosa o traballo da xustiza, vostede sábeo. Seguramente vostedes teñen unha certa confusión a ese respecto. E nós estamos colaborando en todo momento coa xustiza e estamos aclarando todas as cuestións que se están investigando neste momento. E sabe —porque así o trasladamos—, que nós actuamos, e temos a convicción de que a Administración actuou, segundo o que marca a lei. E o que imos facer é simplemente acreditarlo.

A súa insistencia de traer aquí xuízos paralelos, xuízos de valor, confirma que a vostedes non lles importa en ningún momento a verdade. Vostede simplemente fai sentenzas e trasladada como verdade o que neste momento simplemente se está investigando. É esa dobre escala que vostedes aplican continuamente neste tipo de situacións.

Dende logo, nós seguiremos, como lle digo, actuando sabendo que temos a convicción de que a Administración actuou segundo o que marca a lei.

Pero, se me permite, voulle trasladar a este Parlamento o contido da súa interpelación, que a vostede parece que non lle interesan as políticas que este Goberno está desenvolvendo en



materia de minaría, de enerxía e en materia de residuos. Porque vostede falou de todo menos precisamente do que intentaba interpelar a este Goberno.

E vostede, unha vez máis, efectivamente, ten un relato contra a industria. Esa é a realidade, señor Sánchez. En Marea ten un relato contra a industria simplemente porque continuamente intentan xerar rechazo e intentan actuar contra os empregos vinculados á industria. Dálles igual calquera tipo de industria, dálles igual que sexa a minaría, dálles igual que sexa a industria, dálles igual que sexa o que sexa, pero vostedes teñen ese relato contra a industria. Eu laméntoo profundamente, porque a industria o que fai é xerar emprego, xerar riqueza; e, polo tanto, nós seguiremos traballando e defendendo a industria.

Vostede intenta trasladar esa situación na cal, a través da posición do seu grupo en exemplos recentes como Ence, como Elnosa e como Meirama, simplemente deixan clara a súa oposición á industria. Eu teño que vir aquí a reivindicar a industria, a reivindicar a minaría. E iso é o que estamos a facer, porque nós seguiremos defendendo a toda a industria e a toda a minaría sostible.

Señor Sánchez, na súa posición, e de forma reiterada e continuada, vostedes veñen aquí trasladar unha ofensa xeral e permanente sobre a minaría. Eu laméntoo, porque os traballadores da minaría non merecen esta actitude de desprezo continuada de En Marea e esa campaña de desprestixio que o seu grupo político quere trasladar contra unha actividade como é a actividade mineira.

Eu convídoos a que visite e a que coñeza a minaría, porque me dá a impresión de que vostede vive noutra realidade. E seguramente deberían trasladar aos propios traballadores por que vostedes pensan que o traballo dos mineiros é indigno. ¿Por que? ¿Pensa que o seu labor profesional neste Parlamento é máis digno que o dos traballadores da minaría? ¿Pensa iso, señor Sánchez? Porque, se pensa iso, creo que vive noutra realidade. E, dende logo, nós non podemos admitir esa ofensa xeral que vostedes, de forma permanente, lles trasladan aos traballadores da minaría. Igual que tampouco podemos admitir a ofensa xeral e permanente que o Grupo de En Marea fai sobre a Administración galega, xa sexa o Goberno ou xa sexan os propios funcionarios.

Vostede sabe que esta Administración tramita todos os proxectos seguindo a legalidade vixente e, polo tanto, mantendo, tanto aos promotores como á propia sociedade, todas as garantías técnicas, urbanísticas e medioambientais —aplicando unha lei, por certo, aprobada polo Bipartito, que moitas veces vostedes olvidan que a lei que nós estamos aplicando é a súa lei—. E esta Xunta de Galicia estará defendendo en todo momento un modelo industrial sostible e seguiremos reivindicando, como lle digo, unha minería sostible, porque cremos profundamente que iso xera riqueza en Galicia.

Sobre as acusacións vertidas por vostede, señor Sánchez, son visións absolutamente parciais, tanto no caso de Touro —onde sabe que a empresa ten que cumprir coa lei para superar o trámite ambiental e, polo tanto, non terá ningún tipo de autorización ata que teña todos os informes preceptivos— como nos outros casos que vostede trasladou na súa intervención.



Na súa interpelación fala e, efectivamente, omite o labor que está desenvolvendo este Goberno precisamente para favorecer a actividade da industria, a actividade da enerxía e a actividade mineira: a Lei de implantación empresarial. ¿Por que o seu grupo non defende unha lei que simplemente supón unha maior simplificación administrativa, unha maior facilidade de solo e máis incentivos económicos? ¿Por que? ¿Por que vostedes non defenden a posición que ten o sector eólico sabendo que esta lei ofrece unha mellor garantía para a cidadanía, que a lei promove un sector ordenado e que a Lei de implantación empresarial tamén mantén todas as exixencias medioambientais no sector eólico? ¿Por que vostedes non defenden unha lei que garante no sector mineiro a posición do propietario aportando seguridade e transparencia? ¿Por que non apoian unha lei que blinda a contorna natural con garantías ambientais claras e paralizano a tramitación ante calquera informe negativo? ¿Por que non defenden unha lei que aposta por unha minaría sostible conforme a propia lei de ordenación do Bipartito? ¿Por que non defenden o sector forestal, polo tanto, protexendo as especies arbóreas autóctonas e facilitando a tramitación administrativa a través da comunicación previa?

Señor Sánchez, lamento esa visión tan sectaria que teñen vostedes da industria, porque, detrás desa visión sectaria, hai traballadores, hai emprego e hai riqueza. E Galicia seguirá, e este Goberno seguirá, apostando polo emprego e seguirá apostando pola industria. E, dende logo, seguirá apostando por todo aquilo que supoña unha oportunidade para crear emprego, para crear riqueza, garantindo un desenvolvemento sostible para a nosa economía, tanto a través da industria como a través da minaría.

E, insístolle, os traballadores da minaría teñen un traballo tan digno coma o de vostede.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Conde.

Réplica do señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor conselleiro, o traballo da xente na minaría é tan digno coma calquera. Defendo os seus dereitos, e tanto defendo os seus dereitos que ben coñezo que son eles os que teñen graves dificultades con algúns empresarios para poder ter dereitos, incluso á saúde; e que sindicarse no sector mineiro moitas veces é moi difícil; e que tiveron que pelexar para que se lles recoñecesen eses dereitos; e porque hai enfermos de silicose e porque hai enfermos graves por traballar sen condicións. ¡Claro que son dignos! Os que non os deben considerar dignos son os empresarios que os fixeron traballar con esas condicións; e vostedes, que toleraron que traballasen con esas condicións. (*Aplausos.*) Non veña aquí con demagogia barata. Non poñan os traballadores como escudos humanos, como fan sempre. Diferencio moi ben o dereito dos traballadores a ter traballo. Os de Meirama, os de Alcoa, os de Ence..., todos teñen dereito a unha vida digna, vida digna que vostedes non lles garanten coa súas políticas. Ao que non hai dereito é a que os poñan coma escudos humanos para que haxa xente nos consellos de administración que se forren, para que haxa xente no consello de administración de Ence que se beneficie de ser amigos de vostedes, das súas decisións, das súas modificacións lexislativas á medida e a que agora utilicen os traballadores coma



escudos humanos cando vostedes mesmos levaban no programa electoral que había que sacar Ence da ría. Polo tanto, menos demagogia.

Vostede di que están defendendo a industria e que nós atacamos a industria. Agardo que teñan moito máis éxito, señor conselleiro, defendendo a industria. Xa se ve que ben a defenden, con Alcoa, con Ferroatlántica, con Meirama incluso, ¡con Meirama! Vostedes xa sabían que ía pechar. ¿Que fixeron vostedes? ¿Que fixeron vostedes cando gobernaban para ter un marco enerxético estable que solucionase o problema de empresas como Alcoa —xa sen entrar a valorar o que eu penso, que xa sabe vostede e non me dá tempo a dicir, do futuro das centrais térmicas—?

Como todo, señor conselleiro, hai que avanzar garantindo o dereito ao traballo da xente, pero hai que avanzar no sentido correcto e non defender un modelo do pasado, como defende vostede cando defende o futuro das térmicas.

Ben, e despois «desprestixio a minaría». Non, non, vostede entendeume mal, o que estou desprestixiando, por así dicilo, é o seu labor como goberno por non facer cumprir a lei, non só por ser conivente no incumprimento da lei polas mineiras. Porque vostede di que fago xuízos de valor. Mire, eu veño aquí a facer xuízos políticos, pero respecto totalmente a xustiza. E ademais eu fago política e non xustiza.

Pero no xuízo que está tendo lugar e onde está imputado o director xeral de Enerxía e Minas xúlganse uns feitos. E tense que comprobar que eses feitos son constitutivos de delito, pero os feitos están aí. E o feito que está claro é que no contorno da mina de San Fins os regatos están contaminados pola actividade mineira. Iso está demostrado e recoñecido por Augas de Galicia. Está demostrado que durante tres décadas se estiveron vertendo sen autorización augas contaminadas. Iso non pode vostede aquí negalo, son feitos constatados. O que está constatado é que en Touro se estiveron vertendo, sen que vostedes fixesen nada por frealo, augas contaminadas de drenaxes ácidas con altos contidos en metais pesados. Iso é unha realidade, non é unha casualidade. E en Santa Comba o mesmo, e en Monte Neme o mesmo; e en Monte Neme rebentou unha balsa e todos imos ter que pagar os custos da restauración. Porque a empresa —por certo, dun tal Cotino, da operación Gürtell— pois fuxiu e non hai maneira de atalo en curto. Teremos que pagar todos.

Señor conselleiro, conteste ao que lle pregunto. ¿Vai cesar o señor Tahoces? ¿Vai cesar o señor Tahoces por estes feitos, por ser cómplice disto, por obstruír o labor da xente que defende o país? ¿Vaino cesar polas sentenzas como a do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que o condena por non dar información á veciñanza? E, xa que falou de Touro, conteste ao que lle preguntei. Artigo 33 da Lei 21/2013. «Os trámites de información pública e de consultas terán unha vixencia dun ano dende a súa finalización. Transcorrido este prazo sen que o órgano substantivo dera traslado do expediente ao órgano ambiental, de conformidade co artigo 39.4, para a avaliación do impacto ambiental ordinario, o órgano substantivo declarará a caducidade dos citados trámites». E outro: «A análise técnica do expediente de impacto ambiental e a formulación da declaración de impacto ambiental realizaranse no prazo de catro meses contados dende a recepción completa do expediente de impacto ambiental. Este prazo poderá prorrogarse dous meses adicionais debido a razóns xustificadas debidamente motivadas».



¿Sabe cando comezou a contar ese prazo? En outubro, o 4 de outubro de 2018. Estamos a finais de abril e temos unha solicitude de Cobres San Rafael do 21 de febreiro solicitando a suspensión catro meses.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Se non se autorizou esta suspensión, o prazo está esgotado e, polo tanto, hai que decretar a caducidade. Conteste se isto é así ou non, e se vostedes autorizaron esta suspensión e, polo tanto, lle deron unha oportunidade a esta empresa de demostrar o indemostrable.

E estoulle poñendo moitos exemplos do que poñía a interpelación, señor conselleiro. E é que non se pode defender un modelo no cal o 81 % do capital é estranxeiro, onde se xeran todos eses impactos que temos que custear nós, señor conselleiro. Ese non é futuro para este país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación por parte do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, case, case, empeza a plantexar o contido da interpelación. É unha mágoa que, lamentablemente, non empezara polo final. Así seguramente poderíamos abordar o que vostede plantexa na interpelación.

Permítame que lle traslade que, cando un neste Parlamento centra todo o seu papel na política, na demagogia e abandona o rigor, pois lamentablemente pode levar a situacións realmente anacrónicas. Porque, señor Sánchez, vostedes estiveron apoiando o goberno de Pedro Sánchez. ¿Ou xa o olvidou? ¿Xa olvidou que vostedes gobernaron con Pedro Sánchez e vostedes non lle deron unha solución a Alcoa, vostedes pecharon Meirama e vostedes querren pechar Ence?, ou ¿de que estamos a falar? E agora ¿vénme dicir a min que nós non estamos defendendo os traballadores de Ence, de Alcoa e de Meirama?

Permítame que lle diga que a súa demagogia, lamentablemente, o que está custando son postos de traballo a Galicia, e que lle está custando industria a Galicia. Temos unha decisión do goberno apoiado por vostedes —e iso levarano no seu aval político, lamentablemente— co peche de Meirama. E veremos e esperemos —nós loitaremos por iso— que Alcoa e que Ence teñan unha solución. Pero lamentablemente En Marea non pode vir aquí a defender a industria; lamentablemente, porque tampouco a está a defender en Madrid. (*Aplausos.*)

Señoría, nós defendemos a minaría, defendemos a industria, defendemos o sector enerxético, e defendemos unha minaría sostible. Defendemos a minaría, primeiro, porque cremos nela; segundo, porque é unha actividade legal. Vostedes olvidan moitas veces, cando veñen



falar aquí ao Parlamento, que a minaría é unha actividade legal e que está perfectamente regulada. Olvidan que a minaría xera emprego, que hai 14.000 galegos e galegas que hoxe traballan nesta industria. Seguramente vostede lles debería trasladar que o seu emprego non é positivo, que é o que permanentemente trasladan nesta tribuna. A minaría xera riqueza, xera riqueza tamén, e xera, por suposto, beneficios. E sabe que tamén xera tributos importantes, porque os tributos medioambientais da Xunta de Galicia aportan cada ano preto de 90 millóns de euros para que poidamos desenvolver as nosas políticas.

Esa, señor Sánchez, é a realidade que prevalece sobre o retrato en negro que fai En Marea de Galicia, un retrato en negro permanente que afecta a industria, que afecta a minaría, e que, lamentablemente, cando vostedes comparten responsabilidades de goberno, non aplican. ¡Que curioso! Cando vostedes están no Goberno, a industria e a minaría é positiva. «Aragón dá luz verde a 111 parques eólicos e solares»; «Castela a Mancha prevé triplicar a súa potencia de enerxías renovables». Na minería: «Estremadura tramita 230 novos proxectos mineiros»; «Asturias ten oito proxectos de minas de materias primas tecnolóxicas». ¿Por que vostedes, cando gobernan noutras comunidades autónomas, defenden a minaría, defenden a industria, e cando teñen que falar aquí en Galicia se dedican a deostar a actividade industrial, a actividade enerxética e a actividade mineira? ¿Que lles fixo Galicia, señor Sánchez? ¿Que lles fixeron os traballadores galegos da minería? Non merecen, dende logo, este trato.

Nós pedímoslles formalmente que deixen de menosprezar unha industria que está presente en Galicia dende sempre, señor Sánchez —dende sempre temos actividade mineira en Galicia—, e que deixen de menosprezar a dignidade e a profesionalidade das miles de persoas que hoxe continúan a traballar na minería. Non merecen este menosprezo e non merecen este maltrato. Insístolle, os mineiros e o seu traballo teñen o mesmo valor que o de vostede, e debería respectalo e debería incluso defendelo.

Nós seguiremos con esa estratexia que para nós é unha estratexia de país, que é unha estratexia solvente. Actuamos con total transparencia e estamos cumprindo a lei permanentemente, e pensamos que defendendo a minaría defendemos a industria, defendemos o emprego e, sobre todo, defendemos unha actividade económica que, como lle dicía, estivo sempre no noso país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.



Boa tarde, señor conselleiro.

Traemos hoxe a debate esta cuestión, que xa ten sido debatida na Comisión 5ª algunhas veces, e neste Pleno tamén —ás veces de xeito periférico e ás veces tamén de maneira directa—, e que segue a ser unha cuestión que para nós é relevante. Amosa en certa maneira, aínda que se focaliza unicamente no espazo da fisioterapia, unha realidade sobre a atención primaria, que, como sabe, para nós é preocupante e que non compartimos moitas das cuestións que están facendo; algunhas si, pero non compartimos a análise xeral nin o modelo que están vostedes a desenvolver. Cremos que a fisioterapia demostra por que algunhas cousas non están funcionando e, en realidade, onde están algúns dos problemas.

Nós cremos que este é un servizo, o servizo de fisioterapia e o labor que fan os fisioterapeutas e as fisioterapeutas, moi importante en atención primaria. Pero estas son verbas realmente baleiras ás veces, porque de todo se di que é importante. E, cando todo é importante, ao final parece que nada o é.

¿Por que é relevante? Nós temos un tipo de poboación, como temos dito todos aquí e como creo que todos compartimos, cunha certa problemática específica, sobre todo pola idade media da nosa poboación, polas condicións e por unha cuestión puramente demográfica. Esa poboación normalmente ten certos problemas, que, ademais do problema eterno da cronicidade —que merece outro tipo de atención máis global—, teñen moito que ver con problemas de mobilidade e con afectacións para as que se podería aproveitar a fisioterapia e o seu coñecemento de maneira moi forte para contribuír a resolvelas.

Polo tanto, dende certo punto de vista incluso poderíamos considerar que a fisioterapia debería ser especialmente un servizo ou unha especialidade que nós deberíamos ter con máis cariño, porque contribuíría bastante máis a resolver algúns dos problemas. E contribuíría, ademais, a facelo dunha maneira máis directa. Porque un dos problemas —e agora falarei diso— é que a fisioterapia está ao final do circuíto asistencial, e ese é un problema que nós temos no noso sistema.

En xeral, ademais, os fisioterapeutas viven — ben a través dos órganos que os agrupan, ben de maneira directa— o problema que vive a nosa atención primaria ultimamente. E é que están afrontando constantemente unha serie de problemas polos que non só non reciben, moitas veces, a ninguén que os escoiten, senón que incluso reciben contestacións bastante feas e fóra de lugar, ou séntense directamente excluídos dalgúns decisións. Pasou nese intento de reformular o modelo de atención primaria que vostedes iniciaron, que inicialmente non contaban con eles, que tiveron practicamente que presentarse..., non digo ás bravas pero case, case, tiveron que autoinvitarse a algunhas reunións, porque vostedes non os convidaron. Están tan ao final do sistema, señor conselleiro, que nin se acordaron de chamalos. E ese é un problema, porque entón non estamos considerando todo o sistema.

Hai unha atención primaria desatendida, e iso ten que ver —e falabámolo onte nalgúnha medida, xa mo ten escoitado moitas veces— con dous problemas esenciais. Un é unha errática planificación. Vostedes empezaron a darse conta agora de que a xente se xubila e de que



temos unha poboación de determinada maneira. Comezaron a darse conta agora de que hai problemas laborais, incluso comezaron a darse conta agora de que había que facer estes contratos novos e atender as demandas que din os profesionais. Bueno, nunca é tarde se é para ben, pero ás veces é demasiado tarde. E vostedes déronse conta tarde. É unha planificación un tanto errática. A verdade é que o lembro como aquilo que pasaba coas xubilacións, que primeiro as baixaron, logo as subiron, logo as volveron baixar e as volveron a subir; un pouco coma o salario mínimo de Pablo Casado, que sobe cando baixa e baixa cando sobe. Xa sabe vostede que todo o mundo ten dereito a equivocarse.

E ocorre tamén na atención primaria que hai ás veces un pouco de soberbia dende a dirección. Onte citaba un caso da súa dirección, do xerente da EOXI de Vigo, con algunhas cualificacións que fixo sobre os médicos —e sobre as que, por certo, aínda non vimos en ningún momento que ninguén, polo menos, pedira desculpas—, unhas declaracións que estiveron fóra de lugar.

En xeral, e volvendo aos fisioterapeutas, vostedes olvidáronse deles. Estaban alí e eles tiveron que lembrar que estaban, porque son poucos e, por tanto, olvidáronse. Ese é o primeiro dos problemas, que son moi poucos.

Mire, no último ano do goberno que presidía Emilio Pérez Touriño —xa sabe, ese que vostedes utilizan para botarlle a culpa de case todo; agora xa está Pedro Sánchez, pero ese que vostedes utilizan para botarlle a culpa de case todo— convocáronse —e corríxame se me equivoco—, no último ano daquela lexislatura, 54 prazas para fisioterapeutas no Sistema Galego de Saúde, 54. Evidentemente non corrían toda a necesidade, pero era unha aportación. Aquela foi a convocatoria do 2009. Dende aquela, no 2010 vostedes convocaron cero; en 2011 convocaron cero; en 2012 —que xa ían alá dous anos e tal, e entón había que corrixi—, cero; en 2013, cando xa ían tres anos que non convocaban ningunha e xa había que corrixi, convocaron cero; en 2014, que xa ían catro anos sen convocar ningunha, ¿sabe cantas convocaron? Cero. Chegou 2015 —vamos parar— e convocaron 11. ¡Está ben! Xa debían de ser suficientes, porque en 2016 ¿sabe cantas convocaron? ¡Cero! No 2017 —que só convocaran nun ano de sete— ¡cero! Na penúltima convocatoria ¿saben cantas convocaron? ¡Cero!

Convocaron agora 71—que non ten que ver que haxa eleccións municipais nin que houbera eleccións antes, non ten que ver, non ten que ver, ¡eh!, ¡foi coincidencia absoluta! Non lles foi moi ben o da convocatoria para as eleccións, pero foron 71, curiosamente o mesmo número de deputados que perdeu o PP. ¡A ver se vai ser que van entrar como fisioterapeutas no Sergas todos os deputados que perdeu o PP en Madrid! Foron 71, que é un bo número. É certo que vostede non sabía os deputados que ía perder o PP, non é posible. Non era moi difícil atinar, pero máis ou menos.

Están ben 71, é un bo número e é unha gran convocatoria a deste ano. Dende logo, señor conselleiro, esta convocatoria é unha boa convocatoria. Pasa que hai moitos interinos, moitos máis de 71, e polo tanto non van chegar nin sequera para resolver a situación de inestabilidade que existe. Pero 71 nunha convocatoria é unha boa convocatoria. ¡Dez anos para facer



unha convocatoria razoable, dez anos! E aínda así a acumulación de defecto en número provoca que teñamos unha situación de inestabilidade.

Hai no Sistema Galego de Saúde, na atención primaria, que é practicamente o que nos preocupa especialmente —preocúpanos todo o sistema pero sabe que a interpelación está centrada niso—, 159 profesionais de fisioterapia. Isto dá, redondeando, unha estimación de 1 cada 17.000 habitantes. Na área de Vigo, 1 cada 24.000. A Organización Mundial da Saúde, que dá unhas ratios para practicamente todo —normalmente é certo que son moi exixentes nalgunhas cuestións, demasiado ideais e non teñen en conta as dificultades de xestión, iso é obvio, pero poden servir de certo estándar—, di 1 por cada 3.000. Estamos seis veces peor que a ratio da Organización Mundial da Saúde. Non é necesario asumir que todo o que incumpra nun mínimo a ratio da OMS está moi mal. Porque é certo que é difícil, dende o punto de vista da xestión, cumprir todas as ratios. A Organización Mundial da Saúde é unha organización moi boa e moi útil, pero non é un goberno e ás veces non ten os problemas de xestión dun goberno. E iso recoñecemosllo. Pero multiplicalo seis veces non é, dende logo, un bo dato. Polo tanto, cremos que é absolutamente insuficiente. Calquera nivel asistencial pode evidenciar que hai un problema co nivel de presenza da fisioterapia e por tanto non hai que ir a esas ratios, pero é un bo dato. Temos ese problema, a OMS di 1 de cada 3.000, e 1 de cada 17.000 é o que temos en Galicia; e 1 de cada 24.000 na área sanitaria de Vigo. Polo tanto, hai un problema de persoal.

Hai un segundo problema, que é o de capacitacións e o de formación. Non porque teñan pouca, senón porque toda a que teñen non a desenvolven. E isto é o que lle plantexaba ao principio. A verdade é que temos os físiolos ao final do sistema, e poderían contribuír moito a resolver moitos dos problemas dentro dun equipo multidisciplinario en atención primaria, que hoxe en día está no papel pero non na realidade. Temos un modelo excesivamente centrado no profesional facultativo, que é o eixe, é o relevante, evidentemente é o que capitanea —por dicilo en termos máis simples— o equipo asistencial. Pero non debe ser o único nin polo que deben pasar todas as cuestións. Pasan tantas polos médicos que pasan incluso moitísimas cuestións puramente burocráticas, administrativas; e ao final temos os médicos derivando a outros especialistas de primaria, derivando ou facendo traballo burocrático. Ao final non teñen tempo nin para atender os seus pacientes. E, ademais, como lles colocan cincuenta ao día, pois entón a cousa xa bota por fóra.

Polo tanto, temos unha necesidade de redistribuír as tarefas. Evidentemente con supervisión, pero si coa capacidade que temos de que os profesionais de fisioterapia, como poderían ser os enfermeiros, enfermeiras e outros profesionais, puideran ter un acceso máis rápido e máis fácil aos pacientes. ¿Por que? Porque así conseguiríamos desatascar o sistema e non facer un embudo. O médico ou a médica debe ser o eixo pero non debe ser a única boca de entrada, porque entón temos un problema de saturación sobre el e os demais profesionais non teñen capacidade de desenvolver unhas capacitacións que, como vostede sabe, son moi boas porque temos un gran nivel formativo e moi bos profesionais. Polo tanto, esa chamada á reflexión sobre ese aspecto tamén a consideramos importante, e saber se vostedes consideran que debemos potenciar a figura do fisioterapeuta dentro do sistema ou ben quedar como opción de derivación despois de pasar por outros procesos en atención primaria.



E, en terceiro lugar, e moi simple, hai unha guía sobre a fisioterapia —vostede sábeo— na que o Sergas colaborou e traballou co Colexio Oficial de Fisioterapia, colaborou para facela. Foi unha colaboración moi simple: sentáronse a decidir como colaboraban e encargáronlle ao colexio que a fixera. É coma os malos compañeiros de equipo nas clases nos colexios: traballo entre dous que, ao final, o facía un e o vendía o outro. Pero, bueno, isto ocorre.

Vostedes acordaron iso e os fisioterapeutas entregáronlles esa guía elaborada no 2017. E vostedes asinaron o compromiso de unicamente recibila e difundila no 2017. Imos alá pola metade do 2019 e aínda non se sabe nada da guía. De feito, os fisioterapeutas non saben nin onde está —que se pode perder un correo electrónico ou un documento en papel, pero existen copias—. ¿Onde está a guía de fisioterapia? Porque o problema está en que esa guía lles indicaba e lles poñía algúns deberes que vostedes probablemente non queiran asumir. Pero, se se comprometeron a desenvolvela, agora deberían polo menos poñela en coñecemento.

Hai un problema de persoal e hai un problema de infrautilización dos profesionais de fisioterapia. E ademais hai o problema de que non se sabe onde está esa guía, que podería dar bastantes indicativos. Esas son as tres cousas que nos parecen importantes e polas que o interpelamos hoxe.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes, señor presidente.

Señores deputados.

A verdade é que hoxe o vexo contento. Non sei se aspira a ser o próximo ministro de Sanidade. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Todo pode ser neste país, por iso o vexo pletórico. Véxoo moi contento e pletórico.

Mire, señor Torrado, a definición que fai na súa pregunta, o de que consideramos nós a especialidade de fisioterapia como unha especialidade menor, creo que está fóra, desde logo, do que é a realidade e a sanidade galega. Está completamente carente de fundamento. Nós valoramos, e moito, o excelente traballo que cada día realizan os traballadores das unidades de fisioterapia de atención primaria, que desde o Servizo Galego de Saúde sempre recoñecemos e agradecemos.

En Galicia a fisioterapia leva anos incorporada nos centros de atención primaria, desde os anos noventa —non sei se o señor Touriño estaba aínda estudando cando a fisioterapia xa estaba no sistema público galego—. E contamos cun grupo de profesionais moi importante. Podo preguntarlle a vostede, por exemplo, xa que lle gustan as preguntas desde o atril —vou preguntarlle, xa que nós consideramos, segundo vostede, que a fisioterapia é unha es-



pecialidade menor—: ¿sabe cantos fisioterapeutas en atención primaria hai no País Vasco? ¡Cero! A sanidade que se considera que é das mellores de España a día de hoxe non ten fisioterapeutas en atención primaria. E na estratexia en atención primaria recen aprobada teñen unha acción denominada «*Despliegue de la fisioterapia como parte de la cartera de servicios de atención primaria*». E o obxectivo para este ano 2019 é consolidar a fisioterapia en tres centros de saúde, para no 2020 estender esta prestación á EOXI Bilbao-Basurto e en anos posteriores ao resto de Euskadi. Isto significará a creación de seis prazas de fisioterapeutas neste ano e oito máis en 2020. Polo tanto, creo que, se nós consideramos a fisioterapia como unha especialidade menor, no País Vasco aínda a consideran moito menos.

Levamos tempo traballando en medidas de mellora que permiten que o modelo de atención primaria evolucione e dea resposta ás necesidades dos nosos cidadáns. Outras comunidades autónomas queren coñecer o noso modelo. Desde o Servizo Galego de Saúde levamos a cabo importantes medidas de mellora desde hai anos: OPE anuais —moi poucas comunidades autónomas teñen OPE anuais—, prorrogación da idade de xubilación, concurso aberto e permanente, carreira profesional, contrato de continuidade, creación de especialidades en enfermaría, tanto de pediatría como de medicina de familia.

Como saben, e para poder seguir avanzando e mellorando no modelo de atención primaria, en decembro iniciamos un proceso máis participativo e transparente en atención primaria e que non conta con antecedentes na nosa comunidade e no resto do Estado. Hai que dicir, por exemplo, que o Ministerio tratou de copiarnos este modelo participativo e, desde logo, a fisioterapia non a ten dentro da súa programación. Porque as medidas que hai que adoptar pasan inescusablemente pola participación de todos, da Administración pública, dos profesionais e da cidadanía, porque todos somos responsables de manter o que tanto tempo nos levou construír. Impónse o diálogo e as decisións compartidas.

Entre os distintos grupos de traballo contamos coa participación dos fisioterapeutas de atención primaria —os que, segundo vostede, non coñecemos—, nos que estiveron representados tanto a Sociedade Galega de Fisioterapia, Sogafi, como o Colexio de Fisioterapia de Galicia, Cofiga, xunto cun representante de cada área sanitaria, profesionais que están traballando neste momento no Sistema público galego. E alcanzáronse compromisos asinados por estes colectivos. Un deles é a inclusión da fisioterapia de forma funcional como un membro máis do equipo básico de atención primaria, de forma que participe nas cuestións relacionadas coa fisioterapia nos centros de saúde —como lle dicía antes, o País Vasco, por exemplo, inicia agora ese camiño que nós temos plenamente consolidado—. Outro é o recoñecemento da autonomía do fisioterapeuta no seu desenvolvemento profesional neste nivel asistencial, sempre tendo en conta a necesaria coordinación entre as unidades de fisioterapia de atención primaria cos servizos de rehabilitación hospitalarios. Existirá tamén un coordinador de fisioterapia de atención primaria que disporá do tempo necesario e a correspondente diminución de carga asistencial para desenvolver todas as tarefas relacionadas co seu cargo. Tamén está a elaboración dunha nova guía de actuación en fisioterapia en atención primaria, pedra angular e referencia escrita do desenvolvemento do novo modelo, na que se empezará a traballar a medio prazo contando cos profesionais de atención primaria. O obxectivo é acadar un documento no que se reflicta o que a fisioterapia pode aportar e solucionar neste primeiro nivel asistencial e que, ademais, servirá para mellorar a súa relación



profesional. Tamén a implantación progresiva das medidas necesarias para facer posible a longo prazo o cambio de rol da fisioterapia en atención primaria e a creación de novas prazas de fisioterapia en atención primaria no período 2019-2024. É dicir, creación, non falamos só da OPE, de facer que os traballadores estean estables, senón tamén de crear novas prazas, o que se está discutindo dentro da mesa sectorial —que hai uns días tivo a primeira reunión e nesta semana teremos a segunda—.

Entre os profesionais dos equipos de atención primaria é necesario crear unhas relacións máis sólidas, afastarse da interacción tradicional de «un paciente, un profesional» cara a un enfoque de equipo de referencia, o que chaman algúns especialistas «o equipo de cabeceira», en que o fisioterapeuta é unha parte para establecer unha estratexia de coidados individualizados para cada paciente segundo un plan individualizado de atención integral. Dicíao vostede: o paciente crónico, o paciente polimedicado, o paciente maior. Polo tanto, promoveremos a presenza, dentro dos servizos de atención primaria, das categorías profesionais cuxo papel resulte tamén fundamental no desenvolvemento da atención á cronicidade e ao envellecemento da poboación, como é, por suposto, a fisioterapia.

Ademais, mellorarase a historia clínica electrónica no ámbito da fisioterapia, incluíndo, como digo, os ítem necesarios para facer un seguimento dos pacientes de forma que dispoñamos dos módulos que permitan un mellor desenvolvemento da actividade asistencial da fisioterapia.

Outro dos obxectivos propostos para a mellora da formación e a docencia da categoría de fisioterapia é o de incrementar a presenza da atención primaria durante a formación universitaria da fisioterapia. Para isto solicitaráselle á universidade o incremento do número de titores pregrao no grao de fisioterapia.

Este é o noso compromiso e manteremos unha total colaboración cos fisioterapeutas de Galicia, porque desde a Consellería de Sanidade sabemos da importancia e do indubidable valor que aportan os profesionais de fisioterapia do Servizo Galego de Saúde, fundamentalmente no ámbito da atención da patoloxía crónica e na prevención de patoloxías musculoesqueléticas. E continuaremos, desde logo, traballando nesta área.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica do señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Non se preocupe, señor conselleiro, que eu non vou ser ministro. Non estou capacitado..

O señor PRESIDENTE: Non se sabe.



O señor TORRADO QUINTELA: Non, créame, señor presidente, non estou capacitado, non, non, non. *(Murmurios.)* É que, para os cargos dirixentes, non vale calquera. Nós sabémolo, non sei se vostede... É certo que todo pode pasar. Pablo Casado foi presidente do PP e presentouse a unhas eleccións, e cría que podía ganar. Todo pode pasar. Cría que podía ganar. ¡Quen o ía dicir de Pedro Sánchez! ¿Sabe a diferenza entre Pedro Sánchez e Pablo Casado? Que Pedro Sánchez é presidente e Pablo Casado non, esa é a diferenza. *(Murmurios.)* Pero nada, sigan, sigan, se non hai ningún problema. Á mañá dicía alguén... *(Murmurios.)* Non se preocupen, non se alporicen. Se agora hai presidente para catro anos, tranquilo... *(Risos.)* *(Fortes murmurios.)* É un bo día, tamén hai que destensar, que non hai ningún problema.

Dicían á mañá que pasamos dez meses facendo campaña. Voulles contar un segredo, aínda que non deberíamos contar as estratexias: a mellor campaña do Partido Socialista foi o Partido Popular, non fai falta máis que deixalos falar. *(Aplausos.)* Grazas. *(Murmurios.)*

Falen, falen, se así, canto máis falen, máis deputados. *(Risos.)* *(Murmurios.)*

Non se preocupe por Feijóo, que Feijóo tamén gañou as eleccións, tranquilo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

¡Silencio!

¡Xa está! ¡Por favor, reconduzamos o debate! Estamos falando de fisioterapia. ¡Silencio!

O señor TORRADO QUINTELA: Fan falta fisioterapeutas, que fan un bo traballo e relaxan moito fisicamente, e iso tamén relaxa moito psicoloxicamente, que é importante. *(Murmurios.)*

Despois da brincadeira ¿podo xa? É que teño un debate, grazas. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

Non nos provoque tampouco. Vostede fale da fisioterapia. Se nos provoca, imos ter isto. *(Risos.)* *(Murmurios.)* ¡Non nos provoque, ande! ¡Xa estivo ben de brincadeira! Eu creo que hai que ter un momento de relax, non pode ser todo tanta tensión. Pero agora vaia á fisioterapia. Vaíamos ao tema.

O señor TORRADO QUINTELA: Se, ao final, a culpa sempre é nosa. *(Proseguen os murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor TORRADO QUINTELA: Ímolo intentar así, señor conselleiro.

Mire, vostede plantexou aquí algunhas cuestións en termos, a verdade, que conceptualmente están ben: potenciar, fomentar, traballar, mellorar... Pero non se traducen en ningunha cuestión concreta. Falou aquí das OPE, pero en xeral. Porque eu lémbrolle os datos que lle dei: en



dez anos, un ano convocaron 11 prazas; outro ano convocaron 71; pero o resto dos anos, cero prazas. É difícil falar das OPE cando falamos de fisioterapia. Vostede fala das OPE pero non nos di realmente se teñen intención de continuar co modelo do último ano —71 prazas—, que está ben. Igual non é necesario facer tantas, pero nós cremos que si. Nós levamos hai moi pouco á Comisión de Sanidade unha iniciativa que plantexaba incorporar un número —cunha planificación non inmediata senón a tres anos vista, que pode ser a catro, a cinco, a dous ou a tres—, unha estimación que vostedes considerasen para incrementar polo menos o 50 % dos existentes. Así non cubriríamos a necesidade das ratios que existen aínda, pero si contribuímos a paliar un pouco o déficit. Non nos dá ningunha concreción, e gustaríamos saber se teñen previsto algunha concreción e se pode avanzar algo nese sentido.

Fala vostede de potenciar o labor dos fisioterapeutas dentro dos equipos de atención primaria, pero como. Porque potenciar, mellorar ou desenvolver está ben. Pero di «xa estamos traballando». «Xa estamos traballando» é bastante habitual como resposta, pero a concreción real ¿cal é? Porque lle lembro que os fisioterapeutas chegaron ás reunións dos modelos de atención primaria, da reformulación, case por vontade propia. Vostedes olvidáronse de chamalos nunha primeira intención. Polo tanto, é difícil defender que están vostedes moi preocupados deles cando non os convocaron. Se nin se acordaron de a quen chamar, é difícil asumir que ían facelo.

Non me dixo nada da guía. Está ben, hai dous anos acordaron unha guía. Foilles entregada. Vostedes comprometéronse a difundila en 2018 e xa estamos en 2019. ¿Que pasou coa guía, que xa está feita? ¿Colgárona na web ou notificaron a súa difusión, colaboraron co colexio oficial ou con quen vostedes considerasen para difundir ese traballo? Tampouco me dixo nada.

Dedicouse a falar certamente de vaguidades, señor conselleiro. E de vaguidades vívese algunhas veces, pero, ao final, hai que concretalas nalgunha cuestión. E nós plantexamos: ¿ten vostede algunha concreción sobre o número de prazas que van convocar nos próximos anos —aproximada pero con algún número, con algún compromiso—? ¿Cre vostede que algunhas das medidas que van desenvolver potencian de verdade —pero con cuestións concretas— o traballo dos fisioterapeutas dentro do modelo de atención primaria? ¿Cre vostede que deben seguir na situación na que están ou teñen que sentirse máis priorizados ou pasar a posicións máis protagonistas á hora de avaliar? Non sei se, por exemplo, consideran a posibilidade de que existan problemas que avalíen case de primeiros, sen necesidade de que pasen por outros especialistas, que sexan tamén porta de entrada, por dicilo dalgunha maneira, para problemas musculoesqueléticos, por exemplo. Diga se iso o consideran ou non, se a súa concepción é que o médico debe ser o eixe central, o primeiro, sempre o primeiro, que debe avaliar os pacientes ou consideran que podería existir unha redistribución. Nese sentido van os cambios no modelo de atención primaria...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRORRADO QUINTELA: ...e nese sentido nós queremos saber tamén se teñen algunha previsión. E hai que saber que algunhas das cuestións podémolas compartir. Vostede fixo algunha afirmación que nós compartimos e, polo tanto, podería ser de interese. Pero dixo moitas vaguidades sen ningunha concreción, e agardamos que, pensando na moción



que pode resultar desta interpelación, poidamos encontrar algún espazo onde poder acordar algunha cousa. Porque ao final, se non...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor TORRADO QUINTELA: ...quedaremos con que vostede se dedica...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor TORRADO QUINTELA: ...a despotricar da ministra, pero despois concretar, concretar, en Galicia concretan pouco.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado, grazas.

Peche da interpelación por parte do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que é curioso o de divagar, divagar, divagar... Iso si que é divagar, vir aquí para falar da fisioterapia e dedicar a metade da intervención a temas de divagar, divagar e divagar. Pois non, nós estamos para outra cousa.

Mire, do mesmo xeito que no mesmo momento en que se constituíu o Sistema Nacional de Saúde, hoxe tamén as medidas que hai que adoptar pasan inescusablemente pola participación de todos: das administracións públicas, dos profesionais e da cidadanía. Porque todos somos responsables de manter, como dicía, este sistema público.

E ¿sabe por que non houbo máis ofertas en maior número durante estes anos? Porque houbo unha crise económica potenciada por un goberno dirixido polo señor Zapatero, que fixo que non houbera taxa de reposición e non se puideran crear novas prazas nos servizos públicos, especialmente no sanitario. Polo tanto, a causa coñécea vostede perfectamente.

¿Sabe por que o señor Touriño, que fixo tanto pola sanidade pública, non aumentou o número de fisioterapeutas? En primeiro lugar, por algo básico, porque hai que crear novas infraestruturas. E no Bipartito non se construíu practicamente ningún centro de saúde novo. E os que está construíndo o presidente Feijóo, nos dez anos de mandato, os novos centros de saúde, levan ximnasios, que é loxicamente onde poden traballar os fisioterapeutas. Polo tanto, cando falamos de planificación, non é só divagar, divagar, divagar, senón planificar a infraestrutura e a formación de especialistas, e logo a contratación.

Pois, mire, ten razón, nesta idea nosa aprobamos un plan de estabilización hai uns anos coa maioría dos sindicatos, e quixemos ir máis alá do que o Ministerio de Facenda, a nivel Madrid —naquel momento co señor Montoro—, dixo que había que alcanzar, o obxectivo de eventuais do 8 %. E o noso compromiso é acabar o 2020 co 5 %. Polo tanto, sacamos todas as prazas que temos dispoñibles. E por iso no número acertou, acertou. Son 71 prazas que saen, porque nas especialidades que teñen menos número non se convocan todos os anos. Por un



tema de practicidade acumúlanse uns anos para que haxa un número adecuado para que os profesionais que queiran poidan presentarse e poidan sacar unha praza estable. Hoxe, con esta convocatoria, a estabilidade xa está, desde logo asegurada. Pero, ademais diso, outra cousa: que imos crear novas prazas. Isto é novo, isto é a maiores, novas prazas. Pero non vou dar o número, o número vai saír da discusión que teñamos na mesa sectorial nos próximos días, para que diferentes categorías poidamos incorporalas en maior número.

E que este Goberno si aposta pola sanidade pública indícao que este ano teñamos, por primeira vez, un orzamento superior ao que tiñades no Bipartito, coa diferenza de que naquel momento, no último ano do Bipartito, o presuposto xeral da Xunta era moi superior ao que aínda temos neste momento. Naquel momento o Bipartito dedicaba o 35 % á sanidade, e neste momento o 40,5 % vai á sanidade. Por tanto, está claro.

A comunidade autónoma de Galicia está na media de profesionais de fisioterapia con respecto ás comunidades autónomas, por diante de comunidades como Andalucía —sóalle—, Cataluña, Aragón, Canarias, Extremadura, La Rioja e, por suposto, o País Vasco tamén.

A Consellería de Sanidade elaborará e implementará unha guía de fisioterapia. Cando fala, despois non escoita, porque falei da guía e vólveme preguntar pola guía. Respecto da guía, estamos agora adaptando aquela inicial ao novo modelo de atención primaria, que é fundamental. E por iso, como dicía, nós si contamos cos fisioterapeutas para facer un novo modelo. No Ministerio non se conta cos fisioterapeutas. E o que queremos facer é precisamente que non falemos do médico de cabeceira como única atención que ten un cidadán, senón de que teña un equipo de cabeceira. E alí, con protocolos diferentes, vaise poder acceder a uns ou a outros segundo as necesidades. Polo tanto, falemos de equipo e non falemos de individuos dentro da atención primaria.

Imos seguir traballando, como digo, nesta estratexia, que queremos pechar no mes de maio, neste mes de maio que se inicia mañá. E imos ir por diante, como digo, da maior parte das comunidades autónomas. As únicas que tiveron traballo para facer ese novo modelo foi o País Vasco, e algo tamén Canarias. Pero non foi un modelo tan participativo, onde se incluíran profesionais, cidadáns e tamén representantes sindicais. E, como digo, imos acabar cunha memoria económica, cun protocolo de actuación nas diferentes categorías profesionais, para enriquecer un modelo que é un modelo de éxito, valorado pola cidadanía, pero que entendemos que debe seguir mellorando. Desde logo, a Xunta de Galicia está totalmente implicada desde todo punto de vista: dedicación de tempo, de profesionais, pero tamén con orzamentos para facelo.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Vázquez Almuíña.

Continuamos coa orde do día.

Interpelación de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D^a. María de la Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario



A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boa tarde, señora conselleira, e benvida a este Parlamento.

En primeiro lugar, e con carácter preventivo, quero dicirlle que esta interpelación non xorde como necesidade de que eu estea a aspirar a ser ministro de Educación nin secretario de Estado nin director xeral no futuro organigrama do Ministerio. *(Risos.) (Murmurios.)* Dígoo con carácter preventivo, con carácter preventivo. Xa o dixen, xa o dixen. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Máis que nada por se se podía interpretar dese xeito.

Esta interpelación, en definitiva, vai sobre as condicións laborais do mellor que ten o noso sistema educativo, como vostedes sempre din e eu comparto —compartimos—, que son as profesoras e os profesores que desempeñan a súa tarefa nos centros da nosa comunidade autónoma.

Dixo o señor presidente da Xunta esta mañá que Galicia era unha comunidade autónoma leal con calquera que gobernase no Estado. Pero lembro o seu predecesor, cando por parte do Ministerio se anunciou a intención de modificar a normativa que rexe os horarios, ese famoso Real decreto lei 14, do ano 2012. E o seu antecesor dicía que eles invitaban e nós pagabamos, cando en realidade debería ter dito que, co horario dos docentes, a Consellería invitaba e os docentes pagaban cos seus horarios incrementando a súa xornada lectiva.

Vamos facer unha pequena e breve historia de como evolucionaron os horarios dos docentes na nosa comunidade autónoma. Vamos retrotraernos a hai só trinta e dous anos, ao ano 1987, cando, por primeira vez desde a comunidade autónoma se regulan con carácter xeral os horarios dos docentes. E é despois, no ano 1997 —coa publicación das ordes de desenvolvemento dos regulamentos orgánicos dos centros—, cando se concretan, pero non se modifica o cómputo global das horas semanais que debe realizar cada profesor e cada profesora na nosa comunidade autónoma. Falo, polo tanto, de hai vinte e dous anos.

No ano 2007, e mediante un acordo coas organizacións sindicais, modificouse o horario do corpo de mestres, que se reduciu de 25 a 21 sesións lectivas —horas, no caso deste colectivo—. E no ano 2011 retírase a redución pactada para o corpo de mestres, pero non por necesidades relacionadas coa organización lectiva senón coa atención ao alumnado no tempo, sobre todo, que transcorre entre que os alumnos chegan aos centros no transporte escolar e se inicia a actividade lectiva. De feito, a orde que regulou esta modificación, a Orde do 23 de xuño de 2011, di xa no seu primeiro parágrafo que resulta necesario regular o deber de garda e custodia que o profesorado ten sobre o alumnado nos centros de educación infantil e primaria, secundaria obrigatoria, etc., durante todo o horario xeral do centro e, en particular, durante os períodos de tempo que van desde que o alumnado chega ao centro educativo e se inician as actividades lectivas e desde que rematan as actividades e o alumnado é recollido polos seus pais ou titores legais ou abandonan o centro educativo no transporte escolar. É dicir, a causa real desa modificación foi dar cobertura a esa necesidade de custodia, non foi



unha cuestión de que eses horarios foran insuficientes para atender as actividades lectivas, como demostra de forma absolutamente indiscutible o feito de que os catálogos do profesorado non se modificaron como consecuencia desta modificación horaria; é dicir, seguen sendo suficientes para desenvolver as actividades lectivas completas.

E no ano 2012 modifícase o horario dos corpos de secundaria como consecuencia dese real decreto lei. Fíxese vostede —permítanme, señores do Partido Popular, o comentario—, un real decreto lei, esa figura tan deostada, feita por un goberno con maioría absoluta, por un goberno con maioría absoluta que recorreu a esa catastrófica figura lexislativa. E modificouse —insisto— o horario. Agora temos un novo marco normativo que derroga eses mínimos impostos por ese Real decreto lei 14/2012, e que di que, sendo este —evidentemente, o horario dos docentes— un aspecto que viña sendo regulado por cada administración educativa, e aínda que o Tribunal Constitucional ten avalado a competencia do Estado para regular con carácter básico a xornada lectiva mínima dos docentes, ante o cambio de conxuntura económica e ao non concorrer as circunstancias que motivaron a aprobación dese real decreto lei, parece razoable reverter a situación e —subliño isto— «deixar novamente marxe ás diferentes administracións educativas para a regulación da materia». E hai que ter presente, ademais, que isto non afecta a xornada laboral dos docentes, que se mantén nos mesmos límites que para o resto dos empregados públicos.

Polo tanto, é manifesto que o Estado deixa ás comunidades autónomas a competencia para fixar as marxes relativas ao horario dos docentes. E vamos ver agora cal é a realidade do profesorado na comunidade autónoma dende que goberna o Partido Popular.

¿Que fai o profesorado —todo— no seu horario semanal? Pois, mire, a propia normativa fala de asistencias a reunións de claustros, de sesións de avaliación, de preparación de prácticas de laboratorio, talleres e semellantes, actividades de coordinación pedagóxica, actividades complementarias cos alumnos e actividades extraescolares, titorías dos profesores en prácticas, traballo en equipos docentes de proxectos institucionais nos que participe o instituto ou a asistencia a actividades de formación. ¡Case nada! Pero é que, ademais, dentro do horario de permanencia obrigada no centro, o profesorado tiña unha hora de titoría para atención aos alumnos, unha hora de titoría para atención aos pais e unha hora, como mínimo, de dedicación ao seminario, aos departamentos didácticos, en definitiva.

E iso todo teñen que seguilo facendo pese a que vostedes reduciron o horario do profesorado —refírome ao horario complementario— e deixárono soamente nunha hora para atención a todas esas actividades. Falo das titorías de pais e nais, falo das reunións de departamento, falo desas actividades de coordinación.

E, mire, señora conselleira, a realidade da evolución do profesorado na comunidade autónoma desde que gobernan vostedes é esta que está neste gráfico, que está sacado das estatísticas oficiais da Xunta de Galicia. (*O señor Álvarez Martínez amosa un gráfico desde a tribuna de oradores.*) Salvo erro involuntario na carga de datos, non hai nada falso neste gráfico. É dicir, isto é o profesorado que había no ano 2008 —Goberno Bipartito terrible—, e isto é do 2009 —goberno xa sensato do Partido Popular—; despois vén 2010 e, de repente, deciden vostedes que é necesario reducir o número de profesorado. Non sei por que. E reducen de tal



xeito que entre o ano 2010 e o ano 2018 —todos, todos gobernos do Partido Popular— hai 1.472 docentes menos nesta comunidade autónoma. Insisto, son datos oficiais. Se isto de por si xa é malo e dá boa mostra de ata onde son vostedes capaces de recortar, o certo é que nos atopamos, ano tras ano, sistematicamente... E este gráfico reflicte unicamente os dous últimos anos, 2017 e 2018. A columna da esquerda é o número de docentes que hai na comunidade autónoma, e a da dereita —verde esperanza— é o número de docentes que vostedes orzan sistematicamente todos os anos. É dicir, no ano 2017 nos orzamentos había 1.100 profesores máis dos que realmente desenvolveron a súa actividade nos centros da nosa comunidade autónoma ese curso. E no ano 2018 hai 1.088 máis. Polo tanto, se o orzamento da Consellería de Educación é capaz de soportar —polo menos, teoricamente— esa cantidade de profesorado, parece razoable supoñer que se poderá dotar, efectivamente, o sistema educativo dese número de docentes e, polo tanto, recuperar as condicións que tiñan os docentes antes destas reducións nos seus dereitos laborais como consecuencia desa normativa.

Insisto, non necesitaron vostedes esperar a que o Estado publicara esa normativa que afectou o corpo de profesores de secundaria para incrementar o número de horas dos docentes e polo tanto restrinxir, reducir, o seu número e tamén, dalgunha maneira, reducir a súa capacidade de xestionar adecuadamente o tempo necesario para todas esas actividades ás que fixen referencia antes.

Polo tanto, estando publicado non un novo real decreto lei senón unha lei aprobada polo Parlamento do Estado, polo Congreso, e sendo, polo tanto, vontade da comunidade autónoma manter ese mínimo ou rebaxalo, eu preguntolle nesta interpelación se teñen vostedes intención de modificar o actual marco normativo que regula os horarios do persoal docente e, se non o van facer, por que razóns considera que é necesario manter ese número de horas.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Álvarez Martínez.

Para a resposta ten a palabra a señora conselleira de Educación e Universidade, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, señora presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Ben, señor Álvarez, o primeiro que quero manifestar hoxe aquí é que Galicia conta cun modelo educativo —dicíao vostede— adaptado á realidade social, demográfica e territorial da nosa comunidade autónoma, e que é froito de políticas educativas responsables; políticas educativas responsables no uso dos recursos dispoñibles en cada momento e innovadoras no referido ao que ten que ver cos avances pedagóxicos.

No ensino galego está garantida a calidade educativa e a axeitada atención para todo o alumnado galego grazas ao bo facer do persoal docente, pero tamén grazas a unha organización



da oferta educativa e dos recursos tanto materiais como humanos por parte da Consellería de Educación facendo uso das competencias que lle son propias e, como vostede tamén dicía, desde a lealdade institucional. E baixo as necesarias premisas de cumprimento da normativa e do uso eficiente dos recursos dispoñibles, en Galicia dispomos dun cadro de persoal docente suficiente que en calquera caso é axustado ás demandas reais que aparecen no arranque de curso.

Non pode haber dúbida de que o ensino galego se organiza para dar resposta ao alumnado. E cremos que, ao respecto, a positiva evolución da taxa de abandono escolar demostra que esta é unha realidade e non unha declaración de intencións. Galicia rexistrou no primeiro trimestre de 2019 a taxa máis baixa de abandono educativo temperán neste período temporal dos últimos anos. Estamos a falar dun 12,8 %, o que supón, ademais, un descenso de 3,2 puntos respecto do dato do mesmo trimestre de 2018. O dato do primeiro trimestre de 2019 demostra a tendencia positiva dos últimos anos. Non olvidemos que herdamos en 2009 unha taxa de abandono escolar do 26 % e que a rebaixamos, como dicía, no 2018 ata o 14,3 %.

Señor Álvarez, vostede sustenta esta interpelación sobre a regulación dos horarios lectivos dos docentes, sobre unha modificación normativa socialista que curiosamente deixa marxe ás comunidades para aplicar ou non o previsto nesa Lei 4/2019, do 7 de marzo, de mellora das condicións para o desempeño da docencia e a ensinanza no ámbito da educación non universitaria. Agardo dos socialistas unha resposta para as preguntas que se fan moitos cidadáns e que poden trasladar aos seus lexítimos dirixentes nacionais. ¿Van contar coas comunidades autónomas para mellorar a calidade do ensino e para chegar a acordos en materia educativa? Os socialistas abandonaron o posible pacto educativo impulsado polo Partido Popular porque querían máis investimento en educación. ¿Van dotar de recursos económicos para executar as medidas que poidan xurdir dun novo marco normativo en educación? Porque, polo menos ata agora, o Goberno central presidido por Pedro Sánchez adopta medidas sen achegar os fondos ás comunidades. Porque é diso do que falamos hoxe.

Non se corresponden as súas críticas coa realidade. Fronte ao que pasou noutras comunidades, en Galicia houbo unha reacción anticipada e diferente á situación de crise económica que vivimos hai anos, o que minimizou o impacto da mesma sobre o ensino. O Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, estableceu no seu terceiro artigo que a parte lectiva da xornada semanal do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación nos centros públicos e privados sostidos con fondos públicos, será como mínimo de 25 horas en educación infantil e primaria e de 20 horas nas restantes ensinanzas, sen prexuízo das situacións de redución de xornada recollidas na normativa vixente.

Como é coñecido, este real decreto entrou en vigor o día 22 de abril de 2012, pero en Galicia nese momento o sistema educativo galego estaba a funcionar ben; polo tanto, o Goberno galego non adoptou cambios a este respecto.

¿Que foi o que permitiu non ter que adoptar a medida? Pois, como vostede ben dicía, por acordo do 8 de xuño de 2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais, establecéronse uns novos catálogos de postos de traballo nos cen-



tros de educación infantil e primaria, e determinouse que o horario lectivo do persoal do corpo de mestres se reduciría de 25 a 21 horas lectivas; e o horario fixo de permanencia semanal, de 30 a 25.

A experiencia acreditou que os incrementos de postos de traballo que supoñían eses novos catálogos non compensaban a redución horaria lectiva que se producía nos centros educativos ao pasar de 25 a 21 horas lectivas semanais. Producíanse desaxustes ao non garantirse a presenza de todo o profesorado deses centros durante as 25 horas lectivas do alumnado no centro. A Consellería de Educación podería non ter feito nada, pero actuou para corraxir esa situación en beneficio da mellora da atención ao alumnado galego.

Por esa razón, a Orde do 23 de xuño de 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente, volveu establecer unha xornada de traballo de 37 horas e media, das que se dedican 30 horas ás actividades do centro con presenza no mesmo e 25 terían carácter lectivo, á razón de 5 horas diarias de luns a venres.

Como tamén vostede apuntaba, regulouse que computarían como horario lectivo as gardas, as gardas de recreo, as gardas para custodiar o alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do transporte ao inicio da actividade lectiva e desde que remata a actividade ata a saída do transporte escolar.

A devandita Orde do 23 de xuño de 2011, que repón o horario lectivo de 25 horas para o persoal funcionario e laboral que imparte as ensinanzas de educación infantil e primaria e educación especial, é anterior á publicación do Real decreto de 2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo. Polo tanto, non está baseada na aplicación do real decreto do 2012, xa que, como se pon de manifesto no preámbulo da propia orde, responde aos anos de experiencia acumulada na aplicación do horario de 21 horas lectivas fixado no 2007. E ao restablecer o horario de 25 horas para os mestres de educación infantil e primaria, a Consellería de Educación, como vostede dicía, mantivo os catálogos de postos de traballo resultantes do acordo do 8 de xuño de 2007, o catálogo do Bipartito.

Asemade, pasar de 21 a 25 horas lectivas en infantil e primaria significou un incremento considerable de horario lectivo nos centros no curso académico 2011-2012, en plena crise económica. Quérese dicir que houbo máis horas para atención ao alumnado.

A situación partía, polo tanto, da Orde do 23 de xuño do 2011, que no artigo 4 establecía tamén que o horario lectivo do persoal funcionario e laboral que imparte as ensinanzas de educación secundaria era de 18 horas, pero que podía chegar ás 20 se as necesidades do centro así o exixían en función do profesorado dispoñible.

Para aplicar o Real decreto do 20 de abril de 2012, a Consellería ditou a Orde do 4 de xuño de 2012, que establece un horario lectivo de 20 horas —en concreto, o horario fixado é de 37 horas e medida, das que 30 se dedicarían a actividades do centro con presenza nel, 23 de horario fixo e 20 de carácter lectivo—. Neste contexto, a Lei de 2019, do 7 de marzo, de mellora das condicións para o desempeño da docencia na ensinanza no ámbito da educación non univer-



sitaria, limítase a posibilitar que as administracións públicas con competencias educativas poidan establecer no seu respectivo ámbito a parte lectiva da xornada semanal do persoal docente. E, aínda máis, só fan unha recomendación, como ben recolle a súa pregunta: con carácter ordinario, a parte lectiva da xornada laboral docente poderá ser dun máximo de 23 horas nos centros de educación infantil e un máximo de 18 nos centros do resto de ensinanzas.

Resulta evidente que unha medida deste tipo exige un financiamento que lle dea soporte, curiosamente algo no que vostede non incidiu. E é que na disposición final, cando fala da aplicación, esta lei di que o financiamento da medida recomendada se pospón polo Goberno central a un futuro indeterminado. En concreto, di: «Coa finalidade de facer efectivas as previsións contidas nesta lei por parte das administracións educativas, a Administración xeral do Estado establecerá un marco de financiamento adecuado e suficiente».

Señor Álvarez, parece que o máis razoable é agardar a que a Administración xeral do Estado estableza ese marco de financiamento adecuado e suficiente que prevé a lei. Será entón cando a Xunta estea en condicións para tomar, se é o caso, as medidas que, en función da dita achega económica, resulten procedentes. Polo tanto, véxase o artigo único.2, pero tamén a disposición final primeira —aplicación—.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Pomar.

Na rolda de réplica, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, de novo, señora presidenta.

Vamos ver, señora conselleira, empezou vostede a súa resposta de tal maneira que eu pensei que non ía acabar de contestarme nunca, cousa que, a medias, fixo ao final. Pero, bueno, falou vostede da calidade do sistema educativo, falou vostede da taxa de abandono escolar. E quero recordarlle que, no ano 2008, a taxa de abandono escolar de Galicia xa era inferior á media do Estado. Dígoo por se quere contrastar os seus datos e non atribuírse de forma exclusiva a mellora desa taxa, da que eu particularmente me felicito, e creo que como toda a sociedade. Non é unha cuestión, afortunadamente, exclusiva de Galicia. É unha cuestión de melloría en todo o Estado.

E díxome vostede cousas que eu... Non sei, claro, evidentemente o problema destas interpe-lacións é que non se sabe o que vai dicir o que interpela. Pero se vostede repasa, e os seus asesores, o que vostede dixo, repetiu moitas das cousas que dixen eu na miña primeira in-tervención. Como é lóxico, falamos desde o marco normativo e, polo tanto, necesariamente temos que referirnos ao mesmo. Pero vostede cambiou o debate, e di que non se adoptaron cambios. ¿Como que non se adoptaron cambios? Adoptáronse cambios dúas veces. O primeiro —e eu xa o dixen — antes da publicación do real decreto lei do ano 2012, cando se incre-mentou o horario dos profesores ás 25 horas semanais. E eu pregunto: se vostedes estaban no Goberno desde o 2009, ¿tardaron dous anos en darse conta de que había disfuncións no funcionamento dos centros porque había momentos nos que coincidían os mestres como



consecuencia de que non tiñan que completar as 25 horas semanais, que é o horario que teñen os alumnos —períodos de lecer incluídos—? ¿Tardaron dous anos en darse conta e esa é unha xustificación para que se faga esa modificación no horario do centro? Franca-mente, creo que non.

E véxome na triste obriga de corrixila, porque no caso de secundaria cometeu vostede un erro, ou fixéronlle cometer un erro, na interpretación da normativa. Mire, na normativa anterior dos horarios de secundaria, o feito de chegar a 20 sesións semanais era algo extraor-dinario e en función das necesidades dos centros; é dicir, o horario dos docentes de secundaria estaba, con carácter xeral, en 18 sesións lectivas, non en 20. Pódese chegar a 20, é certo. ¿Cal é a diferenza? Que agora 20 é o número mínimo, o número estándar; polo tanto, claro que fixeron modificacións, modificacións que se sustentaron nese real decreto lei do ano 2012. Polo tanto, repito, creo que está vostede equivocada. Repase esa liña argumental, porque non é certo o que vostede dixo.

E falou vostede desta nova lei e desa suposta falta de lealdade do Goberno do Estado cando, evidentemente, deixa a criterio das administracións autonómicas reducir os horarios e poñer os de secundaria en 18, e recomenda, é certo, os de primaria, con carácter xeral, en 23. Polo tanto, non pode vostede argumentar que é unha cuestión de financiamento, cando volvo sacar este cadriño. (*O señor Álvarez Martínez amosa un gráfico desde a tribuna de oradores.*) É dicir, se vostedes orzan, no ano 2017, 30.489 docentes e despois hai 29.389, hai 1.100 menos dos que soportan —repito— os seus propios orzamentos. Polo tanto, a Xunta xa dispón, polo menos no momento de presentar os orzamentos neste Parlamento, do financiamento necesario para ter ese número de docentes; non para recuperar os 1.400 de diferenza desde o ano 2010 ata este ano, pero si para recuperar 1.100, que son os que hai de diferenza entre o orzamento e a realidade. E o mesmo volve ocorrer no ano 2018, con 29.406 docentes non universitarios no sistema educativo galego e 30.494 orzados; é dicir, 1.088 máis, 1.088 de diferenza. E 1.100 ou 1.088, tanto me ten, de diferenza todos os anos quere dicir que o argu-mento de que é necesario que o Estado achegue o financiamento necesario non vale. Non vale porque, unha de dúas, vostedes din que imos ter 30.000 profesores —ou 30.500— por-que é unha cifra moi redonda para dicir que non reducimos o número de profesores, pero o certo é que, ano tras ano, o número de profesores se sitúa en torno aos 29.400, esa é a re-alidad. Polo tanto, trampas ao solitario, as xustas.

E o marco adecuado xa o teñen vostedes. Cousa distinta é que non queiran modificar os ho-rarios do persoal docente desta comunidade autónoma, que entendo que é o que vostede me está a respostar nesta interpelación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Peche da interpelación por parte da conselleira de Educación, Universidade e Formación Pro-fesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.



Efectivamente, pode que no ano 2009 Galicia estivese nas taxas máis baixas de abandono escolar. En calquera caso, o que é certo é que 1 de cada 4 alumnos abandonaba os estudos; polo tanto, non sei se podemos presumir do 25,8 % de abandono escolar no sistema educativo de Galicia no 2009.

En calquera caso, señor Álvarez, nos vindeiros anos —ou iso parece— o Partido Socialista vai ter responsabilidades á fronte do Goberno central, e, por tanto, terá que tomar decisións en materia educativa para o futuro das novas xeracións.

A Consellería de Educación exerceu sempre as súas competencias. Eu non falei en ningún momento de deslealdade, falei de lealdade institucional pola nosa banda, e pola banda dos gobernos do Estado, e de corresponsabilidade tamén na defensa dos intereses da comunidade educativa galega. Fixémolo sempre, con independencia do partido que gobernase no Estado, e seguiremolo a facer. Agardamos a mesma actitude por parte do vindeiro, do xa a piques de nomearse, Goberno central.

Evidentemente, son moitos os retos que ten a educación en España e moitos os retos que ten a educación en Galicia. E para afrontalos haberá que facer propostas realistas e propostas executables que permitan un modelo que responda á sociedade do século XXI e, por suposto, que veñan apoiadas por recursos económicos que cheguen en tempo e en forma a todas e cada unha das comunidades. Temos un novo escenario político, ou iso parece. O goberno socialista vai ser responsable, ou vai ser o que convide a facer cousas que despois temos que pagar nas comunidades autónomas. Esa é a reflexión que toca facer neste momento, xa que nos últimos meses o goberno de Pedro Sánchez non a fixo. Pero agora ten unha nova oportunidade.

Comprometéronse co seu programa electoral —e leo con literalidade— a aumentar gradualmente os recursos públicos destinados á educación en bolsas ata situar España na media dos países da nosa contorna. E estamos a falar do 5 % do PIB. Agardamos que cumpran e que permitan a execución das políticas educativas dos gobernos autonómicos. Insisto en que é importante que calquera reforma educativa sexa realmente útil para o ensino en todo o Estado, para o que é preciso escoitar a todos, e especialmente as comunidades, para posibilitar un financiamento axeitado.

Nos últimos anos houbo un importante traballo no Congreso, un importante traballo no Senado, para chegar a puntos en común e renovar a educación en España. Desde Galicia ofrecemos un modelo educativo diferenciado, que pode servir de referencia, xa que os resultados educativos son positivos, e un exemplo é esa taxa de abandono escolar temperán.

Hoxe falamos do profesorado. Sen dúbida, estes profesionais son fundamentais nunha educación en constante evolución. En Galicia tivemos que pedir un esforzo aos docentes nos momentos de crise, pero tamén apostamos por eles. Chegamos a un acordo cos sindicatos e desde este curso os docentes galegos ven mellorado o seu salario. Levamos anos realizando ofertas públicas de emprego, que serven para estabilizar o emprego público no sector educativo e reducir a xa baixa taxa de interinidade en Galicia. E apostamos pola formación permanente do profesorado, competencia da propia Consellería, na que potenciamos a



aprendizaxe de linguas estranxeiras, a adquisición de competencias científico-técnicas, a igualdade e a coeducación, así como a inclusión e a orientación vocacional e profesional.

Agardamos a que o novo Goberno central xurdido das eleccións do 28 de abril — resultados polos que xa os felicitamos nesta Cámara— faga unha proposta decidida por abordar unha cuestión fundamental para a educación en España, pero tamén pola educación e para a educación en Galicia. Sería bo que, dunha vez por todas, houbera unha nova definición do acceso á función docente e melloras na formación inicial do profesorado, promesa do programa electoral deste 2019: «*Reorientaremos e reforzaremos la formación docente, el acceso a la profesión, la investigación, el conocimiento de nuevos modelos pedagógicos, que debe contar con el reconocimiento social que merece el profesorado, recuperando y mejorando sus condiciones de trabajo*». Sen dúbida, esta sería unha importante contribución á mellora do ensino e á formación dos cidadáns de Galicia, e tamén do resto do Estado.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Continuamos co punto quinto da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Jacobo Moreira Ferro e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a realización polos concellos de Ferrol e de Pontevedra dos trámites necesarios para a posta en marcha do transporte urbano aos que están obrigados

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señora conselleira.

O 23 de abril do ano 1985 é sabido que é a data na que entrou en vigor a Lei de bases de réxime local, e esta lei establece a obriga dos concellos de máis de 50.000 habitantes de prestar o servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros. Pasaron trinta e catro anos e esta obriga, que tamén está reproducida na Lei de administración local de Galicia, está sendo incumprida por dúas cidades en Galicia, a cidade de Ferrol e a cidade de Pontevedra, os concellos de Ferrol e de Pontevedra, e, para concretar máis, os gobernos municipais de Ferrol e de Pontevedra.

En comparación con outras cidades de Galicia, vemos que Ourense destina 6,9 millóns de euros a transporte urbano; Lugo, 2,2 millóns de euros; Santiago, 5 millóns; A Coruña, 9 millóns; Vigo, 14,7 millóns. Ferrol, fronte a estas cifras, destina 280.000 euros, a mesma cantidade que se dedicaba nos anos da crise económica; e Pontevedra destina 71.000 euros ao ano. Esta é a importancia que estes dous gobernos municipais lle dan ao transporte público.

É verdade que hai diferenza entre os dous concellos, porque o Concello de Ferrol está adherido ao Plan de transporte metropolitano de Galicia, que beneficia de modo directo a un total



de 166.723 habitantes, e beneficia tamén a unha área de 11 concellos, incluído o concello de Ferrol. Tense comprobado que no ano 2017 se experimentou un crecemento no número de viaxes próximo ao 2 %. Trátase, por tanto, dunha evolución positiva.

O Concello de Pontevedra non está na mesma situación, porque o Concello de Pontevedra nin sequera se adheriu nin ten amosado a súa disposición a adherirse ao Plan de transporte metropolitano. Isto está prexudicando os veciños de Pontevedra e de toda a comarca, de concellos da comarca da área metropolitana, para efectos de transporte en Pontevedra. E isto está impedindo que veciños desta comarca non se poidan beneficiar da bonificación do cen por cento dos transbordos, dos descontos adicionais a usuarios habituais, de descontos a familias numerosas, ou de que, por exemplo, os menores de 19 anos poidan viaxar gratuitamente neste transporte público.

O pasado 20 de novembro neste Pleno, nesta Cámara, aprobouse un acordo para instar estes concellos para que realicen os trámites necesarios para poñer en marcha coa maior brevidade posible este transporte urbano ao que están obrigados. Señora conselleira, a pregunta que queremos facer, xa que isto foi adoptado o 20 de novembro e estamos agora mesmo finalizando o mes de abril, é se cumpriron este acordo do Parlamento de Galicia os concellos de Ferrol e de Pontevedra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, sabe que todas as concesións de transporte público de viaxeiros por estrada interurbanos caducan este mesmo ano, e por iso dende a Xunta de Galicia estamos a realizar un esforzo moi importante para que os galegos teñan un transporte público adaptado ás súas necesidades, un transporte público útil, un transporte público sostible, un transporte público tamén viable economicamente e, polo tanto, que teña futuro.

Para blindar a seguridade xurídica da contratación das concesións e evitar prexuízos aos licitadores, pedimos a suspensión dese prazo de presentación de ofertas, unha suspensión temporal e provisional, ante o recurso anunciado, pero non presentado, de determinadas empresas de transporte para que quede clara e concreta a corrección xurídica.

O transporte público é un dereito dos cidadáns, e o transporte público, polo tanto, é un deber das administracións públicas poñelo ao servizo dos cidadáns, dos galegos e das galegas. E así o entendemos dende a Xunta de Galicia. Así o entendemos dende a Xunta de Galicia e así o deben entender todas as administracións. E debe ser unha responsabilidade asumida tamén polas demais administracións.



Todos os concellos de máis de 50.000 habitantes teñen a obriga legal de implantar un transporte público urbano, así o di a Lei de bases de réxime local. E o certo é que vemos que o Concello de Pontevedra e o Concello de Ferrol renuncian a esa obriga legal á que obriga a Lei de bases de réxime local. Dende a Xunta de Galicia témolo advertido, e temos insistido en que deben implantar ese transporte urbano para os seus veciños. É hora de que doten os veciños de Pontevedra e os veciños de Ferrol dun transporte urbano de calidade. O momento acaído é este ano 2019. Xa advertimos de que as liñas caducaban en toda Galicia. É o momento acaído para que deseñen e implanten ese transporte urbano en Pontevedra e Ferrol. Temos incidido nesa obriga inescusable dos concellos de Ferrol e Pontevedra de implantar o transporte urbano. Neste Parlamento, nesta Cámara, aprobouse un acordo e aproveitamos para remitirlles aos concellos de Pontevedra e de Ferrol esa documentación, e para ofrecer a nosa colaboración para implantar o transporte urbano en Pontevedra e Ferrol, incluso ofrecendo a redacción dos anteproxectos de explotación.

Ningún dos dous concellos —nin Ferrol nin Pontevedra— decidiron implantar o transporte urbano, renunciaron a esa obriga legal do transporte urbano. E a Xunta de Galicia asumiu ese traballo porque non queremos que os veciños de Ferrol ni de Pontevedra queden privados de transporte público. Novamente será a Xunta quen faga posible o transporte urbano, e por suposto cobraremos ese custo polo servizo que realizamos.

Os concellos de Ferrol e Pontevedra, polo tanto, renuncian a cumprir a legalidade, renuncian a non ter un agravio comparativo. Ninguén entende que, por exemplo, Monforte e Arteixo teñan un transporte urbano e que Pontevedra e Ferrol non teñan un transporte urbano. Polo tanto, Pontevedra e Ferrol non teñen, dende logo, nas súas prioridades apostar polo transporte público urbano nos seus concellos.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica do señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señora conselleira.

Dende o Grupo Parlamentario Popular de Galicia lamentamos que os concellos de Ferrol e de Pontevedra incumpran un acordo adoptado neste Parlamento de Galicia. Lamentamos tamén que incumpran a legalidade. E especialmente lamentamos que os veciños de Ferrol e de Pontevedra se vexan privados polos seus gobernos municipais dun dereito ao que teñen acceso, que é o dereito ao transporte público, algo que consideramos inconcibible no século no que vivimos. Creo que estes alcaldes terán que explicarlles aos seus veciños por que lles negan o dereito a ter un transporte público, o dereito a que os menores de 19 anos poidan viaxar gratis no autobús, como o resto de cidades de Galicia. Que forcen a situación de tal maneira que teña que ser a Xunta a que lles faga o traballo, dende logo que é inconcibible.

Señorías, no caso de Pontevedra estamos vendo que están cheos de contradicións, porque, en primeiro lugar, sempre se negaron durante moitos anos a recoñecer que esta era unha



obriga dos concellos de máis de 50.000 habitantes. Logo, posteriormente, cando era evidente que a lei di o que di, empezaron a dicir que si, que estaban preparando un plan de transporte para o rural. Despois dixeron que a súa competencia unicamente era o transporte urbano. Entón eu pregúntome por que están preparando un plan de transporte para o rural se recoñecen ou din que a súa competencia soamente é o transporte urbano. Eu creo que estamos ante unha situación na que este goberno municipal de Pontevedra non toma en serio o transporte público.

O que lle queremos preguntar agora nesta segunda quenda, señora conselleira, é para saber o que van facer para lograr implantar ese transporte, que melloras pensan introducir no transporte para Ferrol e para Pontevedra. A utilización do fondo de compensación local párecenos lóxico e entendible, posto que cada un ten que cumprir as súas competencias.

Señora conselleira, os veciños de Pontevedra e de Ferrol pregúntanse por que pagando os mesmos ou máis impostos que outras cidades de Galicia non teñen dereito ao servizo de transporte que si teñen noutras cidades de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Peche da pregunta por parte da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Dende o Goberno galego non imos permitir que os veciños de Pontevedra e de Ferrol queden sen transporte urbano *(Murmurios.)* —as verdades doen— pola inacción dos gobernos municipais. Na Xunta deseñamos unha planificación pensando, pois, neses veciños, pensando en que non queden sen transporte pese a que os concellos de Pontevedra e de Ferrol, insisto, renunciaran a prestar ese servizo.

Os novos contratos introducen melloras, melloras importantes. Por exemplo, no concello de Ferrol pois atendemos esa demanda histórica de resolver a parada do Hospital Naval e mellorar esa conexión do Hospital Naval co centro de Ferrol. No concello de Pontevedra, por exemplo, os veciños de Alba pois terán mellores servizos, servizos máis competitivos, máis adaptados ás súas necesidades.

E na Xunta de Galicia, insisto, deseñamos ese transporte público interurbano incluíndo estes novos servizos urbanos aos que renuncian o Concello de Pontevedra e o Concello de Ferrol, e por suposto reservámonos o dereito de repercutir ese sobrecusto, algo, desde logo, totalmente lóxico.

Se os concellos de Ferrol e Pontevedra non queren pagar, tíñano moi fácil: que puxeran, que implantaran, o seu transporte urbano, ao que renunciaron. Eu creo que ninguén entendería que a Xunta de Galicia renunciara ás súas competencias en sanidade e educación, e tampouco se entende que os concellos de Pontevedra e Ferrol renuncien á súa obriga legal e ás súas competencias no transporte urbano. E as verdade doen.



A Xunta de Galicia imos investir 700.000 euros ao ano en Pontevedra e 1,2 millóns de euros ao ano en Ferrol. Polo tanto, é hora de que os concellos de Ferrol e de Pontevedra invistan algo en transporte público urbano.

Das 1,9 millóns de viaxes ao ano en Ferrol, o 60 % son dentro do ámbito territorial de Ferrol, e de 1 millón de viaxes previstas ao ano no concello de Pontevedra, 300.000 son dentro do propio ámbito do concello de Pontevedra.

E mire, un exemplo, o Concello de Lugo —similar ao de Pontevedra— inviste máis de 2 millóns de euros en transporte público; e o Concello de Pontevedra, 71.000 euros. Eu creo que as cifras o din todo.

No caso de Pontevedra hai unha nula implicación polo transporte público. Eu creo que é evidente, moito máis evidente que no Concello de Ferrol. É un bloqueo ao transporte metropolitano, dende logo, que impide que se implante ese plan social de transporte e que os menores de 19 anos poidan utilizar a tarxeta metropolitana. Cero é o mesmo que a implicación de Pontevedra en transporte público, nin traballa nin cumpre a súa obriga legal. O máis cómodo, dende logo, é non facer nada, que é o que fai o Concello de Pontevedra. O que estamos a ver é que alegou que non tiña competencias; e logo alegou sacando un par de folios do ano 2015 para dicir que facía algo. ¡Un despropósito! Polo tanto, Ferrol e Pontevedra incumpren a lei. Pero dende a Xunta de Galicia non permitiremos que os veciños de Ferrol e Pontevedra queden sen transporte público.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

¡Que mal está o PP en Pontevedra e Ferrol para ter que vir aquí facer oposición ao goberno municipal! *(Aplausos.)* ¡Que mal están, señores do Partido Popular!

E aclárolle á conselleira —que xa está marchando— que non se preocupe porque o Concello de Pontevedra si que ten un plan de transporte, un transporte á demanda, un transporte avanzado, e non un plan de transporte como o que ten a Xunta, que foi paralizado polo tribunal administrativo, non foi paralizado pola Xunta de Galiza, foi paralizado por un tribunal de contratación pública.

Mire, señora conselleira, vostede ten hoxe aquí unha magnífica oportunidade para condenar a campaña de Ence e do seu sindicato amigo con ataques a sedes de partidos políticos democráticos, con ameazas á compañeira do BNG Carme da Silva. Sabemos que vostedes teñen fío directo coa empresa, mesmo teñen representantes no consello de administración e que—



remos dicirlle ben alto e claro aquí que non nos van intimidar, que non nos van amedrentar, que, por moitas coaccións e intimidacións e ameazas, imos seguir defendendo por riba de todo o interese público e o futuro da ría de Pontevedra.

E vostedes demostraron ao longo destes dez últimos anos que non son de fiar. Vostedes mentiron, enganaron de maneira sistemática; primeiro, cando o señor presidente da Xunta dixo en Pontevedra que Ence non podía permanecer na ría, que non ía dicir unha cousa e facer a contraria; e despois vostedes votaron aquí e votouse por unanimidade un acordo para que Ence saíse da ría e para que se completase o ciclo produtivo.

Despois vostedes aprobaron as directrices de ordenación do territorio e o POL, que prevén que a fábrica deixe o seu emprazamento en Lourizán. E logo, por presións de grandes grupos empresariais, o que fixeron vostedes foi cambiar a Lei de costas para favorecer a Ence e para facilitar a súa permanencia na ría. Concedéronlle unha prórroga manifestamente ilegal. En primeiro lugar, porque foi concedida por un goberno en funcións e foi concedida por 115 anos. E agora —está claro— demostrouse que era ilegal. Vostedes cambiaron de postura por imposición da empresa, por imposición do Ibex e das portas xiratorias, son vostedes uns vendidos, unhas vendidas.

E recentemente dixo vostede unha frase que pode pasar aos anais do humorismo, que Ence non contamina a ría. ¡Manda truco!, que Ence non contamina a ría. Ence si que contamina a ría e a atmosfera, e ademais foi condenada a empresa por delito ecolóxico continuado. E a peor contaminación de Ence, señora conselleira, non é a dos cheiros, a dos malos cheiros e a dos vertidos de metais pesados, é a contaminación da democracia. Esa é a peor contaminación de Ence.

Vostedes fixeron unha campaña...

O señor PRESIDENTE: Señor Bará, terminou o seu tempo.

O señor BARÁ TORRES: Bueno, queremos que nos diga se realmente van levar a cabo eses acordos que se adoptaron. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, señor Bará, direille como muller que a min non me vende nin me compra ninguén. *(Aplausos.)* Para comprarme ou venderme alguén, e sobre todo vostede, tería que volver nacer. Pero resulta que iso non vai ser así. *(Murmurios.)*

En segundo lugar, direille do lado de quen está a Xunta de Galicia: do lado da legalidade, nin máis nin menos; nin de Ence nin do lado de calquera outra industria. ¿Cumpre ou non cum-



pre? Eu téñolle que dicir que agora mesmo cumpre. Estamos do lado da legalidade, e iso é o que nos leva a seguir loitando polas empresas en Galicia.

Polo tanto, estamos a falar dunha empresa que conta cunha concesión legal —vostede di que é ilegal, e haberá que demostralo— e que cumpre cos parámetros medioambientais. Vólvollo repetir, cumpre cos parámetros medioambientais. A verdade é esa, gústelle a vostede escoitala ou non lle guste. Direillo as veces que faga falta: somos rigorosos —rigorosos coas exixencias medioambientais marcadas pola normativa— e a Xunta continuará exixindo rigorosamente que se cumpran eses parámetros.

De feito, o pasado ano revisamos de oficio a súa autorización ambiental integrada. Por certo, señor Bará, foi concedida no ano 2008. ¿Por quen, señor Bará? Polo Bipartito. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E fixémoslo para adaptala aos novos valores de emisións fixados pola Unión Europea e aos parámetros de vertidos máis estritos.

A factoría de Lourizán está sometida á subministración de información pública sobre o cumprimento dese parámetros e a un estrito réxime de inspeccións. E ¿saben quen fan esas inspeccións? Os técnicos. E ¿saben que son os técnicos? Os funcionarios. E sabe que eses funcionarios gobernaban cando gobernaron vostedes, e gobernan dentro do seu ámbito cando estamos gobernando nós agora. E son independentes, señor Bará. Dicir o contrario supón poñer en entredito eses funcionarios.

Dende a implantación legal dese sistema no ano 2003, Ence foi obxecto de tres inspeccións integrais, realizadas en 2015, en 2016 e en 2018, que supoñen unha auténtica auditoría ambiental. Son inspeccións que levan aparelada a comprobación exhaustiva de todas as condicións fixadas pola autorización ambiental integrada, dando sempre como resultado un cumprimento total. Iso téñollo que dicir porque mo trasladan a min os técnicos, porque está escrito e porque dicir o contrario supón mentir.

Ademais, no ano 2019 está prevista a realización dunha nova inspección, cousa que non fixeron vostedes durante os anos que gobernaron. E gobernaron durante case catro anos a Xunta de Galicia.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica do señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Si, eu escoiteina falar e parecía vostede a xefa de empresa de Ence. Eu supoño que despois, cando deixe a Consellería, ata a poden contratar no gabinete de prensa da empresa, porque realmente vostede está facendo méritos. E, se non, sempre terá un posto no consello de administración, porque xa houbo antecesores seus na mesma consellaría que acabaron cobrando 120.00 euros ao ano no consello de administración de Ence.

Mire, vostedes no ano 2012, nos peores tempos da crise, cando había un 27 % de paro en Pontevedra, defenderon que Ence tiña que abandonar o seu actual emprazamento. Vostedes



dedícanse a enganar, a mentir, a xogar cos traballadores e cos postos de traballo. E o Goberno no ano 2008 si que aprobou unha autorización ambiental integrada porque a empresa tiña concesión ata o ano 2018, loxicamente.

Mire, vostedes enganan e menten, por exemplo, respecto dos postos de traballo. Falan de máis de 500 postos de traballo, de máis de 5.000 postos de traballo en toda Galiza, de 80.000 persoas que viven de Ence. Pois mire, nós dicímoslle que a ría é unha factoría, unha fábrica de traballo, de riqueza que pode dar moitos máis postos de traballo, e que o monte galego pode dar moito máis traballo do que dá Ence e con máis calidade e con máis garantías de futuro. E, desde logo, o que lle dicimos é que non tragamos con esas mentiras, con esas manipulacións, con esas chantaxes e con esas presións.

Estou agardando aínda, señora conselleira, a que me responda ao que lle dixen na primeira intervención. ¿Condenan vostedes a campaña mafiosa levada a cabo por Ence e o seu sindicato amigo? ¿Condénana? ¿Condenan as ameazas á nosa concelleira Carme da Silva? ¿Condenan os ataques? Señora conselleira, Ence pode ter moita pasta, Ence paga políticos servís, Ence paga estómagos agradecidos. Pero Pontevedra non paga e non vota traidores. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Rolda de peche da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Unha vez máis, eu veño aquí a responder sobre legalidade, eu veño aquí a responder se cumpre ou non cumpre, se está cumprindo a Xunta de Galicia e se está cumprindo unha empresa que se chama Ence. Pero podería vir responder sobre os milleiros de empresas que poden estar na mesma situación de Ence, e eu por suposto que lle respondería. Entón, se a pregunta é: ¿é legal o que está facendo Ence?, a resposta que lle teño que dar é que, segundo a lei, claro que é legal. ¿É legal o que está facendo a Xunta? Eu téñolle que responder que claro que é legal. Pero se vostede me di se é legal o que fixo o Bipartito no ano 2008, eu tereille que dicir que tamén é legal o que fixo o Bipartito durante ese período, e, en concreto, no ano 2008.

E a partir de aí, aquí, cos postos de traballo xogan algúns. E créanme que están moi preocupados, están preocupados. ¿A vostede parécelle lóxico facer unha modificación pola porta de atrás do regulamento da Lei de costas para vestir xuridicamente unha decisión do Estado, que é allanarse con Ence? ¿A vostede parécelle normal? *(Fortes murmurios.)* Esa é resposta, o que lle temos que dicir nós á cidadanía. Nós estamos dicindo que non, e, polo tanto, nós fixemos as alegacións pertinentes.

Se vostede me pregunta cal é a calidade das augas da ría de Pontevedra, pois vostede deberíao saber. Pero tamén deberían saber que no ano 2008 se incluía para Ence unha autorización do vertido de augas residuais, e iso fixérono vostedes. *(Murmurios.)* Non sei se o informaron ou vostede non o sabe. Ben é certo que estas augas son tratadas previamente nun sistema



de depuración existente na empresa. Pero, señor Bará, era antes e tamén é agora, coa única diferenza de que agora exiximos moito máis do que viñan exixindo vostedes, co cal non enganen vostedes a xente. Nós non enganamos nin os empregados de Ence nin enganamos a Ence, nin os enganamos a vostedes nin enganamos a cidadanía en xeral.

Polo tanto, a verdadeira responsabilidade da situación da ría, señor Bará, é dos que obstaculizan as alternativas viables e posibles —e hai solucións para a mellora da calidade das augas, é dicir, colectores e depuradoras— e dos que non exercen as súas competencias. E ¿sabe de quen son as competencias? Do Concello exclusivamente. E, ¿sabe o que fai a Xunta de Galicia? Poñer solucións enriba da mesa. E ¿sabe cales son esas solucións? Pois a depuradora de Praceres, por exemplo. Esa é a realidade, co cal vostedes son os que teñen que dicir se están a favor de Ence, e non de Ence senón dos milleiros de empresas e industrias que están instaladas en...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira, terminou o seu tempo.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...dominio público marítimo-terrestre. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. José Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego diante das últimas novidades xudiciais respecto da área de enerxía e minas da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rivas Cruz.

Cando queira.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, en todas as intervencións nas que o BNG denunciou ante vostede os proxectos mineiros espoliadores, os eólicos sen xeito, a reutilización de canteiras, nos que a agresión ambiental era manifesta e o plantexamento dos mesmos non supoñía beneficios nin vantaxes para a poboación, vostede sempre quixo situar os nosos argumentos e as nosas posicións na ilegalidade. Claro, vostedes querían así aparecer como paladíns da observancia da lei. ¿Que lei? ¿A que interpreta ao seu antollo o señor Tahoces? Porque o de Corcoesto foi manipulado, negando a transparencia e trapicheando cos informes. ¿A quen defendía a Consellería neste momento? ¿Estivo a sentenza xudicial posterior en contra da lei?

Artigo 9, trinta días de prazo de demora en facilitar a información requirida. Pois, como ben sabe, comigo polo menos, ata un ano e medio e con condicións. ¿De que falamos? Pois dos informes arredor de proxectos mineiros en Touro e San Fins. A dirección xeral pechada a cal e canto, negando a transparencia debida en calquera tema, furtando a información obrigada por lei, señor conselleiro, por lei. San Fins, Lousame, unha mina para reabrir dúas balsas de decantación fóra do proxecto. Non se lles coñece propietario, e a Consellería ri na face do



seu conselleiro; 1.300.000 metros cúbicos de augas ácidas con cadmio e outros metais pesados para verter para a ría de Noia, unha ría con excepcionais bancos marisqueiros, capital do croque. Pois, xa ve, hai unha autorización de vertido de augas sen depurar ao río e autorízase a actividade sen o preceptivo estudo de impacto ambiental.

E ¿a quen se deben estas e outras frecuentes anomalías? A Fiscalía e os afectados en xeral sinalan un director xeral e un nome, o señor Tahoces. E nós, que tamén o sinalamos a vostede polos seus sorrisos prepotentes e os silencios cómplices, preguntámoslle: ¿vai cesar o señor Tahoces? E vostede ¿que vai facer con vostede mesmo? Porque isto non é de agora, vén de vello. Hai sospeitas e certezas compartidas, hai complicidade no silencio ante todas esas prácticas que precisarían de posicionamentos rotundos que vostede non tivo nin ten. De onde non hai non se pode sacar.

Nós non imos crer que vostede ignoraba estas prácticas denunciadas aquí e aló unha e outra vez polo BNG, e non só. Sería interesante saber canto axudan estas prácticas no exercicio desa democracia tan peculiar que vostedes practican e mais no labor de convencer reticentes.

En fin, ¿ten previsto algo para lavar a cara do Goberno? E, sobre todo, a pregunta do millón: ¿cando vai cesar o señor Tahoces? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rivas, vostedes, coma sempre, falando desa Galicia en negro, que é o que lles gusta, falando de espoliación, falando de agresión ambiental, de complicidade. Sinceramente, señor Rivas, é impropio; é impropio que vostede veña aquí intentar trasladar dúbidas sobre a acción do Goberno, dúbidas sobre os funcionarios..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* dúbidas sobre a propia Administración.

Vostede sabe, porque xa o temos trasladado así, que o Goberno vai colaborar con toda a investigación que se está a realizar no Xulgado de Noia, e, por suposto, responderemos a todas as preguntas. O que lle agradeceríamos a vostede é que deixara a un lado os xuízos paralelos e os veredictos arbitrarios, que é o que vostede veu facer aquí esta tarde.

Nós temos a convicción de que a Administración actuou segundo o que marca a lei, e por iso o imos acreditar. E, igual que lle dixen ao señor Sánchez, a Administración actuará conforme a lei, como vén facendo en cada proxecto, en cada actuación que está levando a cabo na miñaría.

Pero, permítame unha pregunta. Se vostedes están convencidos da incompatibilidade da explotación, que é o que quere trasladar aquí, ¿por que o Goberno bipartito autorizou en 2008 a transmisión dos dereitos mineiros de San Fins? ¿Ten resposta?



Permítame outra pregunta. Se vostede está convencido da incompatibilidade da explotación, ¿por que o Goberno bipartito lle concedeu tres axudas no ano 2008 para a súa posta en funcionamento —tres axudas de máis de 600.000 euros—? Gustaríame, señor Rivas, que o intentara explicar.

Nós non temos ningún tipo de inconveniente porque nós, señor Rivas, á diferenza de vostedes, confiamos nas decisións que se adoptan na Administración, que son sempre conforme a legalidade vixente. Pero paréceme, señor Rivas, que o problema non é deste Goberno; o problema é seu e o problema é do BNG. (*Murmurios.*) Porque vostedes, señor Rivas, cando gobernan, todo está ben; e, cando non gobernan, todo está mal. E iso é unha diferente vara de medir.

Nós seguiremos traballando, defendendo a actividade mineira, fronte á súa persecución permanente contra os traballadores e contra a propia Administración. Nós seguiremos defendendo esta minaría. Creo honestamente que tanto os traballadores como a propia Administración e os propios funcionarios públicos merecen outro trato. Deixen a un lado ese menosprezo permanente que teñen pola minaría no noso país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica do señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Señor conselleiro, é a Fiscalía neste caso quen plantexa as dúbidas, e ademais plantéxaas sobre un señor director xeral que está imputado por un presunto delito de prevaricación ambiental, (*Aplausos.*) por unha ausencia de estudo de impacto ambiental, por un vertido de augas contaminadas, por unha falta de control, por unha omisión de sancións, por non saber nada dunhas balsas mineiras. Eu preguntei e contestóuseme que non se sabía de quen eran —unha era de 5 hectáreas, acugulada de lodos tóxicos—.

Mire, foi a plataforma Vida e Ría e mais Amador —que teño que nomealo—, concelleiro noso en Lousame, que tivo que marchar de alí porque o acosaron, porque o botaron de alí, porque non se podía permitir que defendese o croque e que defendese a ría de Noia. ¿Entende? Porque vostedes están sempre alí onde hai negocio, e están para o que están. Dígame da Gürtel, dígame de todas esas prácticas que lle dicía antes. Pero, sobre todo, señor conselleiro, contésteme ao caso: ¿que van facer co señor Tahoces? Á parte desa legalidade que sempre «defenden» —entre aspas—, ¿que van facer co señor Tahoces?

E, sobre todo, non me traslade a min nin ao BNG ningunha responsabilidade, porque antes do Bipartito tamén había vida. E, despois do Bipartito, viñeron vostedes fastidiar a vida, iso si que é certo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Peche desta pregunta por parte do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.



O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rivas, eu lamento que vostedes estean contra a minaría, igual que están contra a industria e igual que están contra o emprego no noso país. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Nós seguiremos actuando como ata o de agora..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio...

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...cumprindo a lei —unha lei que aprobaron vostedes— e, dende logo, actuando con total transparencia; e, neste caso, loxicamente, trasladando todas as actuacións e acreditando que actuamos conforme a lei.

Fálame vostede da plataforma Vida e Ría ou Minaría, ¡curioso! E fálame vostede de transparencia. Cando me fala destas cuestións, debería saber como determinado tipo de plataformas están intentando trasladar ás diferentes institucións, tamén ás institucións europeas, a actuación deste Goberno. Creo que debería tamén trasladar aquí o que di a Comisión Europea sobre este tipo de actuacións. E creo que debería compartir con todos os galegos e neste Parlamento como a Comisión Europea dixo que non ten constatado probas suficientes de que se trate de ningún tipo de práctica xeneralizada nin dunha violación sistemática da lexislación da Unión Europa, como vostedes están intentando trasladar permanentemente neste Parlamento, na Comisión Europea e alá onde vostedes queren desprestixiar a minaría, desprestixiar a Administración e desprestixiar o traballo que tan dignamente desenvolven os mineiros no noso país.

Creo que debería deixar a un carón as descualificacións que vostedes trasladan da actuación da Administración, e nós, como lle digo, seguiremos traballando. E gustaríame saber por que vostedes, que defenden todo tipo de plataformas, non defenden a Plataforma da Minaría Sostible? ¿Que lles fixo a Plataforma da Minaría Sostible? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Resulta que agora tampouco... *(Murmurios.)* ¡Ah!, agora non é sostible. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Agora non é sostible. A sostibilidade tena o BNG, sen dúbida, señor Rivas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu lamento esta miopía dende o punto de vista industrial, dende o punto de vista do emprego, que está pechando empresas en Galicia *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* coa súa conivencia e que, lamentablemente... *(Fortes murmurios.)*



O señor PRESIDENTE: Silencio, está no seu turno o conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...está levando a unha situación de non retorno a empresas como Ence e a propia minaría. Creo que os traballadores e Galicia non merecen o Bloque Nacionalista Galego falando de industria e falando de emprego.

Señoría, nós, cando tivemos que dicir que non, dixemos que non. A Corcoesto dixémoslle que así non. E en Touro, se non cumpren os trámites administrativos, diremos que tam-pouco. Nós seguiremos aplicando a lei, que é a nosa obriga e que é a nosa responsabilidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(O señor Rivas Cruz pide a palabra.)

Si, señor Rivas, ¿para que quere a palabra? *(Fortes murmurios.)* Con tranquilidade... Por favor, un momento, con tranquilidade.

¿Para que quere a palabra?

O señor RIVAS CRUZ: Non sei a que artigo remitirme, señor presidente, pero é que eu vin aquí facer unha pregunta e non se me contestou nada da pregunta. *(Fortes murmurios.)* ¡Nada en absoluto! Nada, señor presidente. *(Aplausos.)* Relea a pregunta. Vostede foxe de responder...

O señor PRESIDENTE: Non, non... Silencio, silencio.

Silencio, eu non vou entrar, como comprenderá... Non, perdoe, voulle dar unha explicación. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Voulle dar unha explicación. Eu non son quen para entrar no que responde ou non responde o Goberno; eu son quen para moderar este debate. O debate foi duro. Vostede fixo unha intervención precisamente non amable e o conselleiro respondeulle. O que non se pode ter é mandíbula de cristal. Hai que saber escoitar e recoller. *(Fortes murmurios.)* Si, isto é o correcto, ¡eh! Isto é o Parlamento. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non... *(Fortes murmurios.)* ¡Silencio! Eu niso non entro. Terminou o asunto. Seguinte pregunta, seguinte pregunta... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Rivas, xa está. Terminou o asunto. Seguinte pregunta.

Pregunta de D.^a Noela Blanco Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo da empresa Unitono no concello de San Cibrao das Viñas

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Blanco.



A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Señor conselleiro, a empresa de telemárketing Unitono está ubicada no Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello de San Cibrao das Viñas, en Ourense, e dá traballo na actualidade a 131 persoas, o 75 % das cales son mulleres.

Esta empresa leva prestando este servizo nestes últimos dez anos a un único cliente, á empresa Naturgy. Este, do telemárketing, é un sector caracterizado pola feminización, polos baixos salarios, polo traballo estresante, inestable e monótono, e practicamente cunha nula capacidade de promoción interna.

Digo salarios baixos porque, ademais, nin sequera teñen unha xornada completa, como normalmente é habitual no caso de case todos os traballadores e traballadoras, senón que a xornada máxima é de 37 horas e só o 6 % da plantilla ten ese máximo de 37; o resto, menos de 25 horas á semana. É dicir, o 94 % das traballadoras desta empresa gañan en torno a 500 euros ao mes, con moitas dificultades para poder, debido aos horarios de traballo que teñen, compatibilizalo con outros traballos parciais.

Realmente, nós coñecemos, a través do propio comité de empresa que hoxe nos acompaña — ás que quero unha vez máis dar as grazas por estar aquí e ofrecerlles tamén de novo o apoio do PSdeG—, que a empresa podería estar comezando un proceso de deslocalización, tras abrir unha plataforma en Reus que recibe as mesmas chamadas que esta de Ourense e para a que, ademais, curiosamente en Reus, se valora de maneira positiva para a contratación o feito de saber e de falar en galego. Isto súmase a que Unitono xa tivo problemas no ano 2013 —de feito sufriu un ERTE— e que intenta baleirar de carga de traballo esta plataforma de Ourense coa perda de máis de 30.000 chamadas dende outubro a marzo. O PSdeG e tamén o propio comité cremos que son un caldo de cultivo perfecto que a empresa está preparando para esta deslocalización; motivo polo cal as traballadoras, a pesares de ter uns salarios baixos e de estar facendo un enorme esforzo, teñen feito paros durante o mes pasado para frear o que non soamente sería un duro varapau para estas 131 familias, senón tamén para unha provincia moi castigada onde temos a taxa de actividade máis baixa de toda España e na que no último trimestre se perderon, segundo datos oficiais, señor conselleiro, máis de 25 empregos ao día.

Hoxe o que queremos preguntarlle, ante esta situación e ante a gravidade dos feitos, que nós cremos que se van consolidar, qué vai facer o Goberno galego para frear o que podería ser unha sangría de postos de traballo e, dende logo —vólvollo repetir—, un duro varapalo non soamente para San Cibrao das Viñas e para Ourense —para a cidade—, senón para todos os concellos da contorna.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.



O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Blanco, en primeiro lugar, quero agradecer a boa disposición tanto do Comité de Empresa de Unitono como dos traballadores e traballadoras desta empresa que traballan nesta plataforma, que solicitaron a intervención da Xunta de Galicia e que en todo momento están tendo un diálogo fluído, que eu lles agradezo persoalmente; e trasládollo aos traballadores que hoxe tamén nos acompañan.

Tamén quixera agradecer a boa disposición da propia empresa, coa cal estamos traballando e estamos identificando como procurar unha solución. Unha solución que pasa, necesariamente, por carga de traballo, e, polo tanto, nese contexto é importante ese diálogo fluído entre todas as partes, tanto co Comité de Empresa e cos traballadores como coa propia empresa. Un diálogo aberto que continuaremos a desenvolver, porque entendemos que é a única vía posible para poder atopar unha solución de futuro.

Loxicamente, o Goberno segue levando a cabo todas as accións que son da nosa competencia. Polo tanto, como autoridade laboral, estamos velando en todo momento polo cumprimento dos dereitos dos traballadores a través da propia Inspección de Traballo, e tamén, como administración, estamos traballando —como digo— coa empresa e cos propios traballadores e identificando esas posibles solucións. Ademais, estamos cumprindo o acordo adoptado hai un mes neste parlamento en relación co sector do telemárketing, co que tamén estamos en contacto a través da súa asociación nacional. E, por suposto, asumiremos o acordo adoptado esta mesma mañá, que inclúe, entre outras medidas, a constitución dunha mesa de traballo e tamén o estudo sobre a situación.

Eu, do seu relato, o único que espero é que sexa apoiado polo Goberno socialista de Pedro Sánchez. Porque eu recórdolle que o convenio colectivo que se aplica ás empresas de telemárketing é de ámbito estatal e que, polo tanto, lle corresponde ao Ministerio de Traballo a súa vixilancia. Recórdolle tamén que a dotación de recursos suficientes para desenvolver o labor da Inspección de Traballo depende do propio Ministerio, e recórdolle que todos os cambios que vostede está a pedir a nivel laboral, de contratación pública e de control de competencia tamén son de ámbito estatal.

Polo tanto, coincidimos na importancia que ten traballar polo desenvolvemento deste sector, pero eu o único que lle pediría é realismo e, polo tanto, traballar e apoiar a Xunta de Galicia no desenvolvemento das súas competencias e, loxicamente, traballar xuntos para que o Goberno desenvolva tamén as súas competencias e dea resposta a este sector e aos traballadores e traballadoras de Unitono.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.



Non se preocupe, señor conselleiro, nós non imos aceptar esa ultraactividade dos convenios colectivos que vostedes puxeron en vigor; xa o dixemos con esa reforma laboral. *(Aplausos.)* A verdade —permítame que lle diga—, hai que ter cara para vir aquí agora falar dese tema.

Mire, non confunda a boa disposición, efectivamente, do Comité de Empresa nin coa resignación nin coa submisión, porque seguen loitando. De feito —xa lle digo—, están aquí e pode vostede subir e falar con eles, se o desexa.

Sabemos que hai un acordo nesta cámara, pero é que precisamente preguntamos —e imos seguir preguntando e insistindo neste tema— porque vostedes non é a primeira vez que incumpren un acordo. Empézannos a asemellar moito a estes cadeliños que se poñen na parte de atrás dos coches, que moven a cabeciña e din que si, pero non se moven do sitio, señor conselleiro. *(Risos.)* Vostedes estannos dicindo sempre: «Si, imos negociar, imos falar», e despois resulta que non pasa nada e seguen a pechar empresas e a perder postos de traballo.

Claro, vostede di que a Xunta de Galicia está negociando e están falando; si, a través da secretaria xeral de Emprego, porque vostede non se reuniu cos traballadores —ata onde nós sabemos—, non sei se se reuniu coa empresa. E isto todo, por suposto, grazas á mediación do alcalde de Ourense, señorías, que ten tantísimo peso xa non soamente na cidade, senón tamén na Xunta de Galicia, que, cando solicita unha mediación, quen lle vai non é o conselleiro, senón a secretaria xeral de Emprego.

Mire, nós queremos ir un pouco máis aló: propoñémoslle que a propia Administración autonómica predique co exemplo e que vostedes incorporen cláusulas de tal maneira que, nesa contratación, ás empresas que dispoñan de servizos de chamada se lles obrigue a que teñan estes centros na nosa comunidade autónoma e a que esa atención telefónica estea dispoñible tamén en galego. Pero, sobre todo, señor conselleiro, non soamente falar con Unitono, senón falar co xigante, falar co grande: falen con Naturgy, presionen, descolguen o teléfono e impidan a perda destes postos de traballo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco, terminou o seu tempo.

Peche, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor presidente.

Señora Noa, é un sarcasmo que vostede veña trasladar aquí que o Goberno de Pedro Sánchez defende o emprego, ¡un sarcasmo! *(Murmurios.)* Meirama: pechado; Ence: activada toda a situación para que non poida continuar a súa actividade... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Alcoa: prometeron unha solución e vostedes non trasladaron ningún tipo de solución.



Creo, señora Noa, que debería deixar de lado as excusas. (*Murmurios.*) Nestes momentos vos-
tedes, o Partido Socialista, teñen o *Boletín Oficial do Estado* precisamente para poder garantir
todos os postos de traballo en Galicia; igual, señora Noa, (**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:**
¡Señora Blanco!) (*Murmurios.*) señora Blanco, que teñen tamén o *Boletín Oficial do Estado* para
introducir todas as medidas que vostede está a propoñer aquí.

É que é curioso que me diga a min, despois de dez meses que estiveron no Goberno...
(*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! (*A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Ben, pero hai que escoitar tamén. (*A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, pero non me entre niso, por favor. Vostede preguntou e aquí houbo silencio; agora ten que escoitar. (*A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): É curioso que, despois de dez meses... É que estiveron no Goberno, señora Blanco; dez meses levan no Goberno e dez meses nos que non tocaron ningunha medida no sector do telemárketing, ¡ningunha! (*Murmurios.*) Dez meses nos que non tocaron a ultraactividade que agora reclaman e dez meses onde non puxeron ningún tipo de medida no eido da contratación pública para garantir, precisamente, o que vostede está a pedir agora. (*Murmurios.*) ¿Pero a quen quere enganar, señora Blanco? ¿A quen quere enganar? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Vostede que entende, que nós non sabemos ler nin escribir? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que non sabemos ler o *Boletín Oficial do Estado*? ¡Que está en branco! (*Murmurios.*) Unha páxina en branco, señora Blanco, precisamente para o sector do telemárketing...

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...e para os traballadores e traballadoras de Unitono; unha páxina en branco.

Teñen unha oportunidade. Acabáronse as excusas; polo tanto, non traten de enganar os traballadores e traballadoras de Unitono. (*Aplausos.*) (*Balbordo.*) Todas as medidas que vostedes están a propoñer... (*Balbordo.*) (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Señora Vilán! Señora Vilán, chámola á orde. (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*) Por favor. ¡Silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por favor, é que isto xa...

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Con todas as medidas que vostedes están a propoñer, teñen o *Boletín Oficial do Estado* para poder trasladalas, (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*) e terán, efectivamente, todo o noso apoio para apoiar o sector do telemárketing... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Señora Rodríguez Rumbo!



Ben, vou parar o tempo. Non quixera ter que chamar á orde a ninguén máis. Na mecánica do Parlamento hai que saber escoitar tamén; non se trata de interromper. Se a resposta non lles gusta teñen dúas opcións. (*Unha señora deputada pronuncia palabras que non se perciben.*) Se non lles gustan as respostas hai dúas opcións: volver preguntalo ou saír da sala. (*Murmurios.*) Pero, por favor, o que non poden é interromper o conselleiro. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perfecto, pois paréceme moi ben.

Continúe, señor conselleiro. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor presidente.

Lamento profundamente que o Partido Socialista de Galicia faga o mesmo que o Partido Socialista de España: que lle dea as costas ao emprego en Galicia. (*Aplausos.*) En calquera caso, señorías, nós seguiremos facendo todas as xestións, seguiremos traballando xunto cos traballadores de Unitono para encontrar unha solución e seguiremos traballando coa propia empresa.

E respecto a Naturgy —que tamén se falou aquí—, saiban que lle trasladamos a nosa total desconformidade sobre a decisión que tomaron, e esperamos que estea traballando nunha solución.

Seguiremos —como lle dicía— apoiando os traballadores buscando esa solución, apoiando a empresa buscando solucións, e, loxicamente, tamén para que o Goberno poña medidas para favorecer o desenvolvemento deste sector, onde o convenio é de carácter nacional. A vixilancia correspóndelle ao Ministerio e, polo tanto, todas as decisións que se poidan adoptar, que terán o apoio da Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ... tamén teñen unha responsabilidade a nivel nacional.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre os medios dos que dispón o Servizo Galego de Saúde para garantir os dereitos das persoas enfermas terminais

O señor PRESIDENTE: Déanlle voz ao escano da señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Boa tarde, señor conselleiro.

Máis de seiscentas mil persoas no noso país viven en situación de pobreza ou en risco de exclusión social e, desgraciadamente, non teñen, así, condicións para ter dereito a unha vida



digna. Decía o doutor Montes que o dereito á morte digna é como o dereito á vida digna: unha cuestión de sentido común. Desgraciadamente, no noso país a xente segue sen morrer ben. Hoxe traemos esta cuestión aquí, á calor, evidentemente, desas desgraciadas novas e da detención desa persoa, Ángel Hernández, que tivo que actuar á marxe da lei porque hai partidos que non defenden o dereito a unha morte digna e, polo tanto, non defenden tampouco o dereito á eutanasia.

Pero no noso país temos unha norma vixente da que eu mesma fun ponente, a Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, que aínda non se está a cumprir. Hai moi pouco, hai tan só un par de semanas, na Comisión 5ª houbo unha comparecencia onde compareceu o responsable da Axencia de Coñecemento en Saúde. Nós preguntámoslle por algo que é da súa competencia, que son os comités de bioética e os informes que se terían que estar emitindo en relación coas cuestións de morte digna e de coidados paliativos: non soubo responder a nosa pregunta.

Hoxe queremos que nos aclare se o Sergas dispón dos medios necesarios para garantir o dereito das persoas enfermas terminais. Se un atende ao texto legal, é bastante evidente que non está a ser así, entre outras cousas porque: «Artigo 11. Dereito do paciente a recibir coidados paliativos integrais e tratamento da dor. (...) 4. Todos os establecementos de internamento asistenciais-sanitarios e sociosanitarios, públicos ou privados, deberán prestar coidados paliativos. Implementaranse ao mesmo tempo estes coidados na atención domiciliaria».

Soamente contamos con corenta e catro equipos de atención de hospitalización a domicilio, sen ningún tipo de recurso nese sentido. Tampouco contamos con medios suficientes, señor conselleiro, na atención primaria, e, unha vez máis —como se fixo onte—, queremos lembrarllas aquí a ausencia de persoal —tanto de enfermería como de medicina— suficiente para prestar estes coidados. Tampouco contamos con outro tipo de recursos ou con medios suficientes no que ten que ver coas unidades de coidados paliativos no noso país. E teño que lembrarlle a situación do Hospital de Verín: as traballadoras, unha vez máis, están pechadas, denunciando o recorte de servizos e a mobilidade dos profesionais de medicina interna dun servizo para outro. Así non se pode dar un servizo correcto.

Hoxe preguntámoslle por esta cuestión; parécenos sensible e cremos que vostedes tampouco están a garantir o dereito a morrer dignamente nin na vivenda nin nos centros sanitarios. Recórdolle que, dentro doutras cousas, a norma comprendía tamén o dereito a morrer nunha habitación individual, algo que vostedes, obviamente, non están a cumprir, a teor das camas pechadas e, dende logo, das derivacións á privada.

E, para finalizar —que non teño tempo—, quero trasladarlle que se nos faga un balance...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...de se se está a cumprir a imposibilidade de acollerse a...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.



(A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes, señor presidente.

Señores deputados.

A verdade é que sempre se utiliza este tipo de temas delicados en épocas electorais; non sei cal é a función exacta, pero sempre o utilizan. Sobre todo, señora Solla, porque acaba de dilo vostede —menos mal que o reconece—: hai unha lei, a Lei 5/2015, do 26 de xuño —que foi aprobada por unanimidade neste parlamento—, de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, que establece cales son os dereitos das persoas con necesidades de cuidados paliativos na fase terminal. Fomos un modelo para outras comunidades autónomas e moitas outras que aínda non teñen normativa.

Teño que aclararlle que son os facultativos clínicos os que toman, baixo o seu criterio, a iniciativa de tratar un paciente, xa sexa con fármacos oncolóxicos ou con tratamentos paliativos, ou ambos os casos. Polo tanto, é unha decisión de profesionais clínicos, non de políticos; e menos neste período electoral.

Polo que respecta aos medios farmacéuticos, teño que dicirle que todos os médicos que desenvolven a súa actividade no Servizo Galego de Saúde teñen á súa disposición os tratamentos oncolóxicos que precisen para cada paciente, incluídas as últimas innovacións en terapias inmunooncolóxicas, así como todo o arsenal terapéutico empregado nos cuidados paliativos de enfermos terminais: analxésicos, antieméticos, hipnóticos e sedantes. Para estes pacientes tamén se dispón de todo tipo de suplementos nutricionais dispensados nos nosos hospitais, terapias dermatolóxicas para as complicacións de radioterapia ou inmovilización, fórmulas maxistras, efectos e accesorios. Polo tanto, as necesidades de tipo farmacolóxico están claramente cubertas.

Para poder avanzar, e co fin de coñecer as necesidades e expectativas de profesionais, familiares e pacientes sobre a atención paliativa en Galicia, realizamos un estudo cualitativo con grupos de pacientes en cuidados paliativos, familiares e persoal sanitario directa ou indirectamente implicado na atención a estes enfermos. A concepción dos cuidados paliativos está a mudar desde un modelo ríxido e dicotómico, curar *versus* coidar, ata un modelo máis dinámico e integral, no que se compaxinan os tratamentos potencialmente curativos cos destinados a mellorar a calidade de vida.

A atención paliativa é competencia de toda a rede sanitaria: atención primaria, atención hospitalaria e unidades de cuidados paliativos e de hospitalización a domicilio, e non só dos dispositivos específicos de cuidados paliativos. Actualmente, todos os pacientes que precisan de cuidados paliativos son atendidos en función das súas necesidades. Para as necesidades



non complexas, os pacientes recorrerán aos recursos convencionais tanto de atención primaria como de atención hospitalaria. Os profesionais dos dispositivos específicos de cuidados paliativos céntranse na atención aos pacientes con necesidades de atención paliativa consideradas complexas.

Na nosa comunidade autónoma existe unha extensa rede de recursos específicos para a atención paliativa en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde, que comprenden tanto unidades de cuidados paliativos... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou a súa rolda. Ten outra rolda despois.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...como unidades de atención a domicilio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, claro que existe a lei, eu fun ponente desa lei e o presidente estaba nesa ponencia. E, verdadeiramente, síntome bastante orgullosa de propor algunha das emendas que saíron adiante, como é a eliminación da obxección de conciencia. Gustaríame saber se vostedes fan algún tipo de seguimento en relación coa aplicación deses artigos que dan dereito aos doentes e que, dende logo, limitan que alguén poida non dar os tratamentos aos que teñen dereito segundo esta norma.

Vostede aquí non informou realmente da situación que teñen os servizos. Dende logo, no que ten que ver coa hospitalización a domicilio, existen só corenta e catro equipos activos, e os expertos están a denunciar o escaso investimento que fai que existan diferenzas entre provincias e no que ten que ver tamén co rural. Creo que está sobrado aquí xa o debate en relación cos recortes en atención primaria, señor Almuíña, que, polo tanto, impiden que se cumpra parte dos artigos desta norma.

Non sei se vostede a trouxo hoxe impresa; eu si, e podería facer un repaso —non me daría tempo— a todos os artigos. Pero hai algo bastante importante na introdución da norma, que di que é necesario «dotar a todas e todos os profesionais sanitarios do apoio, da información e das ferramentas necesarias para asumir o seu papel con seguridade e reducir a conflictividade» nesta situación.

Vostedes non só non dotan de apoio, senón que non dotan de recursos, de medios humanos nin de medios materiais. ¿Como están vostedes a garantir que as persoas poidan ter unha habitación para poder falecer rodeadas dos seus seres queridos? Teñen dereito, pono na norma, e é obvio que iso non está a acontecer. Vostede debería de dar conta aquí de que están a facer e de que van facer para cumprir a norma, porque xa van tres anos —case catro anos— da aprobación desta norma. Teño que lembrarlle que, tan só uns meses despois, faleceu a



na Andrea, e discutimos tamén neste parlamento as condicións nas que tivera que recorrer a familia a un xulgado para poder aplicar os dereitos contidos nesta norma.

Nós preguntamos non por cuestión electoral, señor Almuíña; porque cremos que é dereito de todas as persoas vivir e morrer dignamente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Desde logo, en Galicia mórrese dignamente. Mórrese dignamente e mellorando ano a ano os servizos sanitarios e sociosanitarios. Desde logo, hai unha implicación total e absoluta da Xunta de Galicia.

Adaptamos a composición da Comisión Galega de Coidados Paliativos, órgano asesor e consultivo nesta materia, procurando que estean representados e implicados os axentes sanitarios e sociosanitarios que teñen relación non só cos doentes terminais e as súas familias, senón tamén coas persoas con enfermidade avanzada e complexa. Integramos, así, o persoal médico de enfermería, de medicina interna e de traballo social; médicos e médicas e farmacéuticas de atención primaria; profesionais do ámbito da psicoloxía clínica hospitalaria; persoal médico de enfermería de unidades de coidados paliativos; médicos do 061; enfermería de Hado; médicos de oncoloxía; médicos de pediatría; médicos de neuroloxía, e un representante tamén da Consellería de Política Social.

O obxectivo desta comisión é promover o dereito dos pacientes a recibir coidados paliativos integrais acordes coas súas necesidades. Desde a publicación da lei —a Lei de dereitos e garantías das persoas enfermas—, os hospitais do Servizo Galego de Saúde están adaptando as súas unidades de coidados paliativos ao recollido nesta lei.

Na nosa comunidade autónoma existen actualmente sete unidades de coidados paliativos nos grandes hospitais; ademais, no Hospital do Salnés abriuse unha unidade de catro camas, integrada na unidade de hospitalización. Nos outros hospitais os pacientes con necesidades paliativas son ingresados en unidades de hospitalización convencional, con seguimento por profesionais formados en coidados paliativos.

Das cen habitacións destinadas a coidados paliativos, oitenta e oito son individuais. No día de hoxe, Galicia conta con corenta e cinco equipos de hospitalización a domicilio; corenta e cinco equipos que levamos, precisamente, ás zonas rurais, as últimas, Verín e Monforte. E seguimos crescendo en Ferrol, na Coruña e nas demais áreas de Galicia.

Nos últimos cinco anos o número de ingresos Hado aumentou nun vinte e oito por cento: no 2018 o número de ingresos ascendeu a 6.128 e o número de visitas, a 57.227. Na actualidade, a cobertura Hado para a poboación galega está aproximadamente nun setenta por cento. Galicia ten, no día de hoxe, unidade de Hado en cada un dos catorce hospitais do Servizo Galego de Saúde, e durante estes anos creáronse máis unidades de Hado que permiten ofrecer unha atención de calidade en hospitalización a domicilio. Somos unha das comunidades



autónomas con máis unidades de Hado distribuídas ao longo de todo o territorio. Polo tanto, o Servizo Galego continúa a traballar a favor da atención paliativa dos galegos e galegas que a necesiten, mediante un desenvolvemento do Plan galego de coidados paliativos.

Na súa introdución a esta pregunta fala da comisión de investigación —por certo, onde vos-
tede non quixo estar—. Alí falaba o xefe de Farmacia do Hospital de Lugo —do HULA— das condicións e do cumprimento absoluto dos tratamentos que son asignados polos facultativos, e falaba incluso de pacientes cun investimento en medicación de varios millóns de euros.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Galicia está a cumprir con todo e vai seguir mellorando durante estes anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia en relación coa calidade da atención primaria no concello de Lalín

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro, de novo.

Falamos hoxe da atención primaria en Lalín. Vostede sabe e seguro que coñece —probablemente moito mellor ca min— o Centro de Saúde de Lalín: un centro de saúde envellecido, dos anos setenta, no que seguramente se pode facer algún arranxo —case algún parche—, pero que non pode afrontar xa ser o centro de saúde de referencia dunha poboación como Lalín; ten un arranxo global imposible.

Este é un debate que non é novo, hai moitos anos que se leva falando da necesidade de mellorar as infraestruturas en Lalín; vostede coñecerá tamén ese debate. Mire: «*Lalín firma el convenio de alta resolución, pero tardará seis meses en tener los terrenos*». Ano 2011, había bastante preto unhas eleccións municipais e o PP falaba entón da necesidade dese centro de alta resolución. Co Goberno bipartito —ese que a vostedes non lles gusta—, lémbrolles que vostedes dicían que o CAR non era necesario, porque facía falta un hospital comarcal —sempre hai que envidar por arriba—; logo, cando tiveron que gobernar, xa soamente era un centro de alta resolución. Pero antes das eleccións asinaban ese convenio, e téño aquí, (*O señor Torrado Quintela amósalles un documento aos membros da Cámara.*) o convenio de colaboración, de 2011.

Dende 2011 ata 2015 vostedes non fixeron nada, pero chegou 2015 e volveron probar: «*El PP aprobó buscar vías para financiar el CAR de Lalín*» —xustamente, outra vez, antes das elec-



cións—, o cal era imprescindible, unha infraestrutura necesaria, dicían que era prioritaria. Pasaron as eleccións de 2015 e ¿saben o que pasou? O PP perdeu o goberno de Lalín. ¿Que pasou entón? «*La consellería descarta la construcción del CAR de Lalín y plantea la teleasistencia como alternativa*». Resultou entón que o CAR só era imprescindible cando gobernaba o PP en Lalín, pero cando perderon o goberno local deixou de ser imprescindible.

Señor conselleiro, ¿vostede cre que a xente necesita máis ou menos atención sanitaria en función de quen goberna nas alcaldías? Porque vostedes, con conselleiros, co alcalde de Lalín de entón e con algún conselleiro que segue hoxe no Goberno da Xunta, anunciaron a pleno pulmón ese CAR e dicían que era un investimento non só necesario, ¡imprescindible en Lalín! E agora non sabemos nada do CAR. Van vostedes construír agora, despois desa chambonada, un centro de saúde. ¿Saben que pasa? Que de aquí a que o constrúan...; co historial que teñen, non sabemos canto van tardar.

Pero no centro de saúde actual segue habendo problemas que van tardar en resolverse, polo menos, ata que se constrúa o novo. Un centro de saúde onde hai dez profesionais titulares, pero onde, ás veces, quedan tres unicamente, porque non se cobren baixas. Un centro de saúde onde o PAC ten espazos —vostede seguro que os coñece— que son practicamente impracticables para poder facer unha asistencia de maneira mínima. Un PAC onde o servizo de hospitalización a domicilio comparte espazo cos PAC, e ten que ocupar lugares onde, cando chegan os profesionais dos PAC, teñen que levantar todo o petate, saír de alí e marchar para outros espazos, ¡no mesmo día!

Señor conselleiro, non é aceptable. Polo tanto, o que nos plantexamos é se vostede considera que é decente manter unha vila como Lalín, unha case cidade como Lalín, con esa atención sanitaria en función de quen goberna, porque iso non é decente, e se vostedes van facer algo para resolver a situación de maneira real, sen promesas, con cuestións concretas, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados.

A verdade é que cremos que, neste momento, a atención sanitaria en Lalín é unha moi boa asistencia, cunha carteira de servizos completa tanto en atención ordinaria —medicina de familia, pediatría e enfermería— como en servizos de apoio: fisioterapia, odontoloxía, matrona, farmacia e incluso radioloxía. Hai trece médicos de familia, cunha ratio das medias galegas, que son das baixas a nivel nacional, con mil trescentas tarxetas por facultativo. Ou a ratio de pediatría, por exemplo: setecentos corenta e cinco nenos por pediatra, unha ratio baixa e moi boa para dar asistencia; incluso tamén a de enfermaría, con 1.277. Polo tanto, as ratios, as condicións e os servizos en Lalín cremos que son bos. Evidentemente, si falamos de que hai que mellorar o espazo —a infraestrutura como tal— e incluír novos servizos, e por iso estamos traballando niso.



Pero fíxese como é a política de xestos e a política de márketing que practica vostede, que falaba do CAR, do CAR, do CAR..., e ninguén sabía o que era o CAR. Incluso fala vostede na pregunta do Centro de Alto Rendemento de Lalín. Eu pensei que iso era algo relacionado cos deportistas de elite. Parece ser que non, que CAR é outra cousa.

Ben, nós non estamos de acordo con esa definición nin co que se quería facer en Lalín. Imos facer un centro integral de saúde, como hai en Vigo un e como se está tamén intentando facer en Lugo, outro centro integral de saúde. Por certo, levamos meses e meses para conseguir a licenza de construción e aínda non a temos.

Nese caso, nós, desde logo, presentamos un Plan funcional de espazos ao Concello de Lalín para que nos cedesen unha parcela, e, tras case catro anos de mandato, o outro día levouse ao Consello da Xunta de Galicia e aprobouse esa parcela que, por fin, despois de case catro anos, o Goberno de Lalín pon á disposición.

A partir de aí, loxicamente, nós imos tratar de facer unha contratación e un proxecto básico de execución para, a continuación, facer un centro integral de saúde —como digo— con máis funcións que dean un servizo ao que temos nese momento, e incluso facelo de forma superior. Pero en todo este período non se nos pasaba a parcela.

Estivo moi ben unha reunión dos alcaldes de Cangas e de Lalín facendo un entente cordial en Cangas, dicindo que a consellería non quería facer os centros de saúde. No día de hoxe Lalín si que cedeu xa a parcela —como digo, hai uns días—; en Cangas, no día de hoxe, seguimos sen parcela. Parece ser que ao final houbo división e non chegaron a ese acordo de rexeitar a actitude da consellería.

Pero o que si dicimos é que estamos con novos servizos: creamos o Hado en Lalín, Hado que ten xa unha actividade importante...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e estamos tamén facendo que teñamos hemodiálise na comarca do Deza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Ben, para telo moi claro, acaboume falando de Lugo, señor conselleiro. A verdade é que de Lalín a Lugo hai unha certa proximidade xeográfica e son boa xente todos, incluso seguro que se coñecen, pero igual non lles é moita resolución que en Lalín lles diga que a atención está moi ben e acabe falando dun centro de saúde en Lugo. Quero dicir, se é por iso, igual pode falar dos doutras comunidades.



Por ser un pouco serios, señor conselleiro. Mire, só por citar, e son documentos do Sergas que seguramente vostede coñece, claro. Ano 2011, xusto antes das eleccións: «Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lalín no que se establecen as bases para a futura construción dunha nova edificación para centro de alta resolución, centro de saúde e punto de atención continuada». Bases para a futura construción, 2011. Ano 2015: «Protocolo de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lalín, no cal se establecen as bases para o estudo de viabilidade». En 2011 ían construír, en 2015 hai que estudar a viabilidade e agora van construír outra cousa, previamente dicindo que non facía falta.

Se a atención sanitaria que di vostede é moi boa e ten moi bos servizos, ¿por que pasaron oito anos prometendo moitos máis servizos? ¿Estaban prometendo por enriba do necesario? ¿Estaban vostedes prometendo algo que non era necesario? ¿Estaban vostedes prometendo algo porque gobernaba o PP? ¿Estaban vostedes prometendo aquilo que non sabían ou non sabían nin sequera o que prometían, pero como era campaña electoral...? Por certo, xusto como agora, non porque leven catro anos esperando, que puideron facelo moito antes; agora, xusto antes das eleccións municipais, outra vez. Porque o que sabemos é que con vostedes habería que esperar outros catro anos máis, que non é así porque o ano que vén xa van deixar vostedes o Goberno, pero habería que esperar catro anos máis para volver ter outra promesa outra vez.

Señor conselleiro, os veciños e veciñas de Lalín non poden vivir catro anos de promesas. ¿Van vostedes resolver os problemas que se dan no centro de saúde co déficit de profesionais cando hai que cubrir substitucións que non se cobren? ¿Van solucionar vostedes o problema da Hado, que ten que ocupar espazos que non lle corresponden? ¿Van vostedes facer un centro de saúde, aínda que é menos do que necesitan os veciños e veciñas de Lalín? Porque, se non é así, ¿que estiveron prometendo ata agora, señor conselleiro? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que non vai ter aquí moita promesa electoral que facer porque, a verdade, está todo feito por este goberno. De feito, creo que o portavoz que tiñan en Lalín o van mandar a Europa, igual por iso non tiña tanta présa á hora de nos dar esa parcela para poder edificar; catro anos, case catro anos, para poder ter esa parcela.

Como digo: nese plan de espazos, ese plan funcional, vai haber novas actividades e novos programas, á parte dos que comentei antes, que van complementar —como digo— unha atención primaria resolutive, con rehabilitación cardíaca ou, tamén, rehabilitación de enfermidades musculoesqueléticas, de atención a pacientes crónicos pluripatolóxicos, programa de rehabilitación de solo pelviano e, tamén, medios diagnósticos de radiodiagnóstico e ecografía para que os pacientes —como digo— desa magnífica comarca poidan ter a maior atención. E tamén inclúe, loxicamente, o que é o PAC, a asistencia a domicilio, que xa empezou —como dicía— a funcionar.



Á espera de ter a parcela e poder edificar o centro integral de saúde, nós dixemos: non imos esperar, e puxemos en funcionamento a Hado, que ten xa unha actividade importante. Pasaron por alí trinta e cinco pacientes, cento setenta e oito visitas; cento dezoito consultas de médico e enfermeira e sesenta só de enfermería. Pero, ademais, tamén cumprindo a palabra dada, establecemos e sacamos esta contratación: a contratación do servizo de hemodiálise extrahospitalaria na comarca de Deza, para unha poboación importante, unha poboación de ao redor de trinta e oito mil habitantes. Imos tratar de evitar, neses cidadáns da comarca do Deza, sete mil viaxes a Santiago de Compostela. Polo tanto, nós imos seguir traballando, mellorando a atención primaria, mellorando a atención hospitalaria e cumprindo.

O problema é que, moitas veces, os concellos parece que queren facer outro tipo de política —non dar facilidades á Xunta de Galicia— e, por iso, retrázanse accións que deberíamos ter hai moito tempo. Pero, desde logo, a Xunta de Galicia está implicada na mellora da atención primaria e da atención hospitalaria do Servizo Galego de Saúde para todos os cidadáns de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance do Goberno galego respecto do funcionamento e acollemento polas familias das casas niño dende a súa posta en marcha

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Conselleira, boa tarde.

O reto demográfico centra as preocupacións de Europa e dos países desenvolvidos. España e Galicia non son alleas a esta segunda transición demográfica, caracterizada polo incremento da esperanza de vida e pola diminución da fecundidade. É un fenómeno que leva aparelado, tamén, o despoboamento do rural. Todos os expertos coinciden en sinalar que para avaliar as medidas hai que mantelas durante un tempo determinado e ver os resultados a medio e longo prazo.

O Goberno de Alberto Núñez Feijóo foi e é pioneiro canto á toma de decisións e de medidas para esta nova realidade demográfica; pioneiro polo momento de poñelas en marcha, pero tamén polo tipo de medidas que está a desenvolver. Neste sentido, quero dicir que dende o ano 2009, só na consellería que vostede dirixe, no que atinxe á familia, á infancia e á demografía, incrementáronse os orzamentos nun sesenta por cento, pasando dos cincuenta e sete millóns do 2009 ata os cento corenta e tres millóns da actualidade.

En abril de 2013, o Parlamento de Galicia —este parlamento— aproba o primeiro Plan para a dinamización demográfica de Galicia e, dous anos máis tarde, créase a Dirección Xeral que leva, especificamente, os temas demográficos. Ademais, ese mesmo ano ponse en marcha



tamén o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e moi pronto virá tamén ao Parlamento a lei de impulso demográfico, unha lei, tamén, totalmente innovadora non só en España, senón en Europa.

Todas as medidas que se están tomando para o impulso demográfico, para afrontar este novo reto demográfico, teñen unha incidencia especial e poñen o foco de xeito especial no medio rural. Así, temos impostos cero no rural, facilidades para que os mozos adquiran unha vivenda no rural e para o relevo xeracional, e tamén en canto aos servizos. Hai que destacar aquí dous servizos fundamentais en canto á conciliación e á atención ás persoas do rural: as casas do maior e as casas niño.

E, precisamente, conselleira, disto queríamos falar hoxe: das casas niño. O Goberno presentounas como un recurso innovador para atender aqueles concellos de menos de cinco mil habitantes que axuden a conciliar, tamén a crear emprego e a fixar a poboación no medio rural. Agora, tres anos despois da posta en marcha deste servizo, dende o Grupo Popular queríamos saber cal é a valoración que fai o Goberno do mesmo e como está a funcionar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias. *(Aplausos.)*

Resposta da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Señores e señoras deputadas.

Señora Arias, agradézolle que traia hoxe a este parlamento un tema de tanta relevancia como son as casas niño. Estas casas niño contribúen a facer que a Galicia da igualdade de oportunidades sexa unha realidade. Recibir unha educación infantil de calidade non pode estar reservado unicamente ás persoas e ás familias que viven no ámbito urbano. É necesario aplicar medidas e accións positivas para lograr a igualdade de oportunidades e para garantir a xustiza social.

A Xunta de Galicia, no seu compromiso de atender e de apoiar, tamén, as familias, puxo en marcha as casas niño nos núcleos rurais. É unha medida pioneira que aproxima os recursos de conciliación e de atención á primeira infancia aos concellos galegos de menos de cinco mil habitantes que carecen deles, ao tempo que revitaliza o rural galego para que siga sendo un medio vivo e poboado. Neste senso, dende o ano 2016, a Consellería de Política Social, a través da orde das casas niño, financiou a creación de sesenta e un centros, repartidos por toda a xeografía galega, ou o que é o mesmo, de trescentas cinco novas prazas de atención á infancia no rural galego. E nas vindeiras semanas publicarase unha nova convocatoria para abrir quince novos centros, para que estean abertos setenta e seis centros ao final da lexislatura.

As casas niño son parte do esforzo que está a facer o Goberno galego para que a nosa comunidade sexa o mellor lugar para formar unha familia, con máis de vinte e catro mil prazas



públicas de 0 a 3 anos, o dobre que no ano 2009; con máis fondos que nunca para a tarxeta Benvida e o bono Concilia, e con melloras no bono Coidado para permitir tamén que financie o servizo dunha ludoteca. E, dende o ano 2016, os parques empresariais galegos dispoñen de axudas para poñer en marcha unha escola infantil dentro das súas parcelas. Todas estas medidas están á disposición das familias galegas para que non exista unha disxuntiva entre a vida laboral e a vida familiar e persoal.

En definitiva, señorías, a posta en marcha das casas niño demostrou ter un impacto positivo na sociedade galega, porque ofrecen máis facilidades para mellorar a conciliación, porque favorecen a dinamización económica local e porque contribúen a frear o declive demográfico.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas.

Grazas, conselleira. A verdade é que as cifras que vostede hoxe expuña aquí son ilustrativas: en só tres anos, sesenta e unha casas niño en funcionamento, ou en marcha, no rural galego, e na próxima convocatoria chegarán ata setenta e seis, con trescentas oitenta e oito prazas que, ademais, segundo di a orde, son gratuítas para os pais e as nais que fan uso das mesmas. Un investimento por parte da Xunta de Galicia de 7,3 millóns de euros para un servizo no rural que se vén sumar a outros servizos, tamén innovadores, dos que vostede tamén falaba hoxe, como son as escolas infantís en polígonos industriais. Desta medida, tamén altamente innovadora, ademais, hai que destacar que pon en marcha mecanismos para a colaboración e a cooperación entre as industrias, as familias e as administracións, algo que é fundamental para a corresponsabilidade e a conciliación.

Debo dicir que son todas elas medidas que se veñen sumando, como vostede di, á posta en marcha doutras prazas de escolas infantís, e que fan que este goberno da Xunta de Galicia multiplícase por dous o número de prazas dispoñibles e subise a ratio do dezanove por cento en que a atopou no ano 2009 ata o corenta e dous por cento actual, moi por enriba —nove puntos por enriba— do que se pide ou se di que é axeitado por parte da Comunidade Europea. A isto hai que sumar —como ben dicía— o bono Concilia, o bono Coidado, a tarxeta Benvida... En fin, creo que os galegos temos que estar orgullosos de ser pioneiros en canto á posta en marcha de medidas de conciliación, tanto polo tipo de recursos como pola cobertura que as mesmas teñen nesta comunidade.

Eu, como persoa que nace e vive no rural, teño que agradecer ou valorar de xeito especial o recurso ao que hoxe facemos referencia, as casas niño, porque comprobo día a día...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias. Grazas, terminou o tempo.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...como serven para dar servizos no rural igual que nas cidades, porque vivamos onde vivamos temos dereito...



O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

(A señora Arias Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Peche desta pregunta, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Deputada Arias, moitas grazas novamente polo seu interese nas casas niño, un recurso de conciliación no que Galicia é unha comunidade de referencia. A grande acollida que lle deron as familias a este servizo, e as boas e magníficas valoracións dos profesionais que traballan nelas, anímamos, como lle dicía antes, a que en 2020 vaia haber setenta e seis casas niño espalladas por todo o rural galego. Dito doutro xeito, un de cada tres concellos de menos de cinco mil habitantes contará cun recurso de conciliación, algo que antes practicamente era reservado para xente que vivía nas cidades e nas vilas. Por iso, gustárame recoñecer hoxe a valentía e o compromiso dos profesionais, máis ben das profesionais, que as xestionan, e falo en feminino porque o cen por cento das persoas que xestionan casas niño son mulleres.

Señorías, Galicia está comprometida co seu propio futuro e conta cun amplo catálogo de medidas para axudar economicamente as familias e para favorecer sempre a conciliación das nais e dos pais. Iniciativas novidosas como as casas niño son fundamentais para elevar ata o corenta e dous por cento a ratio de cobertura de prazas públicas de escolas infantís, o dobre que existía no ano 2009. Pódolles asegurar que seguiremos avanzando nesta mesma dirección e que o faremos para todas as familias, vivan onde vivan e sexan de onde sexan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as subvencións concedidas pola Xunta de Galicia ao sindicato Xóvenes Agricultores

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Conselleiro, hoxe vimos preguntarlle pola relación que manteñen, e tamén pola relación que mantiveron, con Juan Pérez Miramontes, ex-presidente de Xóvenes Agricultores, porque a verdade é que nos alarma bastante. Preocúpanos a relación que tivo o Partido Popular cunha persoa acusada de financiar unha rede de trata e de explotación de mulleres na que, incluso, podería haber menores. Como saben, foi detido recentemente.

Pero, ademais, non é a primeira vez que Juan Miramontes é noticia. Xa no ano 2016 foi noticia pola utilización indebida das subvencións que lle outorgou a Xunta de Galicia. Recibiu achegas moi importantes: só dende o ano 2011 ao ano 2014 recibiu importes de algo máis de quíntos setenta mil euros, e —como digo— non foron as únicas. E, mentres recibía todo



este diñeiro, era denunciado por impagos, tivo moitísimas denuncias laborais, foi denunciado por compras de propiedades propias con este diñeiro e chegou a afirmar publicamente que a contratación de empresas a familiares e amigos se facía e non tiña nada malo, porque era mellor meter na casa coñecidos.

Ante todo iso, a Xunta de Galicia mirou constantemente cara a outro lado, e quizais a razón de que a Xunta e o Partido Popular mantiveran todo este tempo este deixamento de non facer absolutamente nada con este señor foi polas relacións tan estreitas que mantén o Partido Popular con Juan Pérez Miramontes. Non é algo que se ocultara: paseábase en barco con Mariano Rajoy e con Ana Pastor, organizou un mitin con Fraga e incluso lles montou unha plataforma que lles servira para protestar contra o Bipartito.

Ademais de todo isto, tivemos que escoitar recentemente, cando foi detido por este suposto financiamento desta trama de mulleres, a Feijóo desexarlle sorte e dicir que non lle preocupaba en absoluto. A nós parécenos bastante preocupante que ao presidente non lle preocupe a situación de todas estas mulleres que puideron ser e que foron vítimas de trata. Por iso, o primeiro que queremos facer nesta intervención é exixirlles que se desmarquen destas declaracións e que rectifiquen. Por suposto que non se lle pode desexar sorte, porque, con estas palabras do presidente, parece que estaba máis preocupado pola situación de Juan Pérez Miramontes, amigo ou ex-amigo do Partido Popular con moitas relacións máis que evidentes e probadas con numerosas fotografías, que —como digo— polas mulleres que foron explotadas. Non entendemos —como digo— que non lle preocupe esta posible implicación. Non pode dicir que é unha persoa máis, porque hai moitas probas da relación directa do Partido Popular con este señor. Por iso, nós pedímoslles tamén que investiguen todas as subvencións que lle deron e cada euro público que lle deron a esta asociación. Porque, con declaracións como as que fixo, é evidente que o diñeiro non se utilizaba para o que se lle concedía.

Por iso, a nosa pregunta é moi clara. Cremos que deberían revisar bastante a fondo as relacións e as amizades que ten o Partido Popular con moita xente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...porque non son casos puntuais, por desgraza, do que hoxe falamos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señor presidente, señorías.

En primeiro lugar, debo de aclarar que esta pregunta está mal dirixida. Se vostedes desexan saber a relación entre un particular e un partido, deberían dirixirse ben ao particular ou ben ao partido. Eu represento, e con moito orgullo, o Goberno de Galicia; (*Murmurios.*) estou hoxe aquí como conselleiro do Medio Rural da Xunta de Galicia. Polo tanto, tendo en conta este feito, a pregunta debería estar dirixida ao Partido Popular; é máis, como representante do



Executivo, entrar a estas consideracións sería, sen dúbida, extralimitarme das miñas competencias. (*Murmurios.*)

Era moi necesario facer esta puntualización e aclaración; eu pediríalles un pouco de paciencia. Agora ben, despois de escoitar o contexto da pregunta, vexo que vostedes desexan saber as achegas feitas desde a Xunta. E como a transparencia é un dos piares deste goberno, vou comunicar hoxe aquí os datos de axudas que a Consellería do Medio Rural fixo, efectivamente, á Asociación Profesional de Xóvenes Agricultores e a outros sindicatos similares.

En primeiro lugar, temos que dicir que o ano no que a Asociación Profesional de Xóvenes Agricultores recibiu máis axudas da Consellería do Medio Rural foi no ano 2008, estando no Goberno o Bipartito. (*Murmurios.*) Nese ano recibiron oitocentos cincuenta mil euros. (*Unha señora deputada: ¡Case un millón!*) Durante os catro anos do Bipartito, esta entidade recibiu un total de 2.540.847 euros. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Esta asociación seguiu recibindo axudas cando o Partido Popular entrou no Goberno da Xunta; concretamente, ata o 2014. Neste tempo recibiu 2.389.558 euros. (*Murmurios.*)

Tamén debemos destacar que a esta asociación, durante o Goberno do Partido Popular, abríronselle diferentes expedientes de reintegro por incumprimento de destino dos locais adquiridos ao mantemento de actividades de interese agrario. O total do reintegro exixido nestes expedientes ascendeu a dous millóns cen mil euros. Se sumamos o total recibido polo Goberno do Bipartito —dous millóns quiñentos corenta mil— e durante os primeiros anos de goberno do Partido Popular, temos un total, a esta asociación, de catro millóns novecientos mil euros. Tendo en conta o total exixido para a devolución polos expedientes de reintegro, a cantidade total non chega aos tres millóns; é dicir, quitámoslle os dous millóns do reintegro que lle exiximos.

En cambio, outras asociacións ou sindicatos, como o Sindicato Labrego Galego ou Unións Agrarias, recibiron neste tempo unha cantidade moito maior. Por exemplo, o Sindicato Labrego Galego recibiu durante o Bipartito un total de dous millóns catrocentos setenta mil euros e durante o Goberno do Partido Popular un total doutros dous millóns setecentos mil euros. Unións Agrarias, por outra banda, percibiu durante o Goberno bipartito un total de dous millóns quiñentos mil euros e durante o Goberno do Partido Popular dous millóns seiscientos mil euros. (*Murmurios.*)

Lembro que —como xa dixen— á Asociación Profesional de Xóvenes Agricultores se lle exixiu un reintegro, polo Partido Popular, por incumprimento de máis de dous millóns de euros, e desde o ano 2014 non existen axudas nin achegas que a Xunta de Galicia fixese a este sindicato.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Quinteiro.



A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Ben, a verdade é que o primeiro que lle teño que dicir é que a súa resposta paréceme un insulto a min, primeiramente, pero ao conxunto da cidadanía galega. Sabe perfectamente que o Goberno do Partido Popular e o Partido Popular son exactamente o mesmo.

E, como sempre, utilizou os tres minutos para non contestar absolutamente nada. (*Murmurios.*) Falou das axudas que lles fixeron —eu pediría un pouco de respecto— a outras organizacións sindicais, cando esas organizacións cumpriron e non utilizaron o diñeiro público para comprar chalés e barcos multimillonarios.

E, sobre todo, o que é peor de todo: non dixo nin unha soa palabra sobre máis da metade da miña intervención, que foi dicir por que o presidente da Xunta de Galicia e do Partido Popular lle desexa sorte a unha persoa que está presuntamente implicada no financiamento dunha rede de explotación sexual de mulleres, nunha rede de trata de mulleres. Nin unha soa palabra, nin dez segundos adicou a desmentir este desexo de sorte a un señor que non ten só, por desgraza, isto no seu currículo; como digo, ten moito máis e foi coñecido. E dicir que deixou de financiarlo, cando sabe perfectamente que se anulou o sindicato por outras razóns... En fin, tampouco non nos chame idiotas na cara; polo menos, teña un mínimo de decencia e non veña aquí mentir e darlle a volta á realidade como lle interesa.

Non é unha novidade que veñan aquí e non respondan absolutamente nada; fano moi habitualmente. Porque vostede falou de todo menos do que lle viñemos preguntar, porque que faga unhas cifras concretas é bastante difícil cando están... (*Murmurios.*) Moléstalles, seguramente lles moleste tanto porque saben da relación directa. Como digo, hai fotos, hai vídeos e hai moitísimas informacións da relación directa deste señor co Partido Popular, e nin unha palabra dixo desta relación con este señor. (*Murmurios.*) Non é a relación cun particular, é a relación cun señor que levou milleiros de euros públicos; milleiros de euros públicos que o Partido Popular lle deu a este señor para financiar os seus vicios, os seus coches privados, as súas casas e os seus iates.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro. Terminou o seu tempo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: E neses iates compartía viaxes con Mariano Rajoy...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo. Grazas.

(*A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Peche desta pregunta, conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Presidente, señorías.

Eu insisto en lembrar o que xa comentei na miña primeira resposta: debemos ter claro, en primeiro lugar, que, se o desexo é saber a relación entre un particular e un partido, eu non podo extralimitarme entrando neses asuntos; eu falo como conselleiro do Medio Rural. (*Unha señora deputada: ¡Do Partido Popular!*)



O que si podo facer —que, ademais, xa fixen e que agora volverei retomar— é trasladar aquí con total transcendencia —repito: con total transcendencia— as axudas recibidas pola Asociación Profesional de Xóvenes Agricultores e contextualizalas en tempo e no seu ámbito. Esta asociación percibiu unha cantidade total de máis de 2.540.000 euros durante o Goberno do Bipartito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Despois —como todos sabemos— o Partido Popular entrou de novo no Goberno da Xunta e esta asociación percibiu axudas ata o ano 2014 por un total de 2.389.000 euros.

Ademais, temos que destacar *(Murmurios.)* que durante o Goberno do Partido Popular *(Murmurios.)* abríronselle diferentes expedientes de reintegro por incumprimento de destino... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! A ver, vou parar o tempo; silencio.

A señora Quinteiro dixo que non se daban datos; estanse dando datos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hai do Bipartito e de... *(Murmurios.)* Eu entendín todo perfectamente; entendín ata o número, ata os millóns que se deron. ¡Silencio! *(Balbordo.)* Xa terminou isto; para min está claro. Creo que esta é unha resposta... *(Murmurios.)* Claro, outra cousa é que non guste; *(Protestas.)* ese é outro tema. *(O señor González Vázquez: ¡Agora ía!)* Pero a resposta é clara. *(Protestas.)*

Continúe, señor conselleiro. Terminou isto; xa está. *(Protestas.)*

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Ademais, temos que destacar que durante o Goberno do Partido Popular abríronselle diferentes expedientes de reintegro por incumprimento de destino dos locais adquiridos ao mantemento de actividades de interese agrario. Repito: expedientes de reintegro. O total do reintegro exixido nestes expedientes foi de 2.100.912 euros. É dicir, concedémoslle axudas por 2.389.000 e pedímoslle o reintegro de dous millóns cen mil. O que non sei é que pasou coas axudas do Bipartito, que non se lle pediu o reintegro. *(Balbordo.)*

Se sumamos o total recibido polo Goberno do Bipartito e durante os primeiros anos do Goberno do Partido Popular, temos un total de 4.930.000 euros. Tendo en conta o total exixido para a devolución polos expedientes de reintegro, a cantidade total non chegou aos tres millóns. Volvo dicir que houbo outras asociacións, como o Sindicato Labrego Galego ou Unións Agrarias, que recibiron neste tempo unha cantidade maior.

E tamén quero lembrar que o ano no que a Asociación profesional de Xóvenes Agricultores recibiu máis axudas do Goberno da Xunta de Galicia foi no 2008, estando no Goberno o Bipartito; nese ano recibiu oitocentos cincuenta mil euros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.



A cousa está clara. Ata a entendín eu; fíxense se está claro que o entendín eu. Ou sexa que, con iso xa..., que teño que atender a todos os debates.

Ben, terminou o pleno; remata a sesión.

Boa noite a todos.



Remata a sesión ás sete e dez minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mouriño Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

